

Fosca

Iginio Ugo Tarchetti

Tradución de Isabel Soto



ATG
asociación de
tradutores
galegos

Cometo unha indiscreción ao publicar estas memorias? Coido que non. Secasí, nin sequera unha maior vacilación invalidaría a miña culpa. Quen as escribiu é agora demasiado indiferente aos asuntos mundanos, está demasiado seguro de si para gozar co eloxio ou sufrir a censura que delas poderían derivarse. Coñece por que estraña casualidade chegou ao meu poder este manuscrito, e non ignora a miña intención de publicalo. Abondaralle con que lle quitase algunhas indicacións que comprometerían a sonda de persoas que aínda viven, e con que o segredo sobre a súa vida actual sexa respectado.

Se o autor destas páxinas aínda atopa na soidade e no egoísmo nos que se refuxiou algo do que foi outrora, non lle molestará que outros vertan, ao ler estas memorias, as bágoas que de certo el verteu ao escribilas.

Milán, 21 de xaneiro de 1869

I

En varias ocasións tratei de escribir as miñas memorias, mais sempre me fixo desistir un estraño sentimento, mestura de terror e anguria. Un fondo receo apoderouse de min. Temo empobrecer o valor e a aparencia das miñas paixóns no intento de explicalas; temo esquecelas se as silencio. Porque é doado contar o que sentiron os demais –o eco das sensacións alleas resoa no noso corazón sen o perturbar–, pero confesar o que sentimos nós, os nosos afectos, as nosas ardencias, as nosas dores, é unha tarefa que supera o poder da palabra. Sentimos que non estamos no certo.

Teño pensado decote con alegría en como o tempo vai arruinando as miñas lembranzas; mais con frecuencia considereino con dor. Esquecer! Esquecer é matarse, renunciar ao único ben certo e infalible que posuímos: o pasado. Se só se esquecesen as alegrías, quizais o esquecemento podería ser xustamente desexado; porén, mostrámonos soberbios e gardamos con celo as nosas dores, amámolas, queremos recordalas. Elas compoñen a coroa da vida.

O pasado é a medida do tempo que percorremos, a medida do que nos queda por percorrer. Por iso o apreciamos, porque testemuña a progresiva redución da existencia. A avidez febril de morrer fatiga os homes sen que

sexan conscientes. Quen queredría volver atrás unha hora, un minuto, un instante da súa vida? Ninguén. E, con todo, ámase e bótase de menos ese pasado que arrepiá renovar.

Escribir o que sufrimos e gozamos é darlles aos nosos recordos a duración da nosa existencia. Escribir para relermos, para recordar e chorar en segredo. Velaquí por que escribo.

Houbo un tempo no que quixen facer un libro coas cousas que me dispoño a relatar, unha arela que as continxencias da miña vida impediron durante anos, pero que, nin dominada nin vencida, me levou a saltar, xa tarde e vello de enxeño e de corazón, ao mundo da publicidade e das letras. Non podería achegar máis ca as lembranzas dunha mocidade rica en paixóns e unha vida longa e horriblemente angustiada. Se a arte atopase en min valores parellos á grandeza do tema, o relato que me dispuña a escribir talvez me proporcionaría un clamoroso éxito. Non obstante, abstívenme. Guindar na lama da publicidade o segredo das miñas dores, sacrificalo pola baleira satisfacción da fama sería unha fraqueza indigna do meu pasado. Agora escribo para min mesmo. Nunca ousaría violar a única relixión que sobreviviu á ruína da miña fe: a relixión dos meus recordos.

Sobre este luído caderno no que tantas veces tratei de comezar a miña narración, hai moitos apuntamentos que non son quen de descifrar. Temo que o tempo borrarse da miña alma non poucas das súas acordanzas.

Estas páxinas nas que a miña alma se detivo tantas veces, paralizada por un terror que non podía vencer, acompañanme dende hai cinco anos nas miñas fatigosas

peregrinacións. Na meirande parte delas non escribín nada; porén, parece que o meu pensamento trazase figuras misteriosas e solemnes, polo moito que cavilei mirando para elas. E ábroas co devezo de lelas, e observo con melancolía os pequenos ácaros que escapan do papel polas súas engurras amareladas.

Si, decorreron xa cinco anos! As causas do meu terror non deixaron de existir, porque o meu corazón non é dos que esquecen, pero, sexa como for, este terror evaeceuse. Sinto agora a coraxe de lembrar e de escribir. Agora que todo debeu rematar!

A miúdo miro ao meu arredor coma se quedase só no mundo, coma se as ilusións que me acompañasen até aquí fosen cousas vivas e sensibles, coma se as vise ao meu carón. Quedara antes só na vida e nunca me decatara de que estaba só. Pero agora! Experimentei a soidade da sociedade, e con frecuencia devecín por ela; é máis, busqueina sempre, esa que é pouca cousa, pois é a soidade das paixóns a que é horrible!

Non sei se o resto dos homes sufriu un proceso tan rápido e violento coma o meu no tronso da fe ao desespero; se pasaron de súpeto da vida laboriosa da mocidade á inerte e desconsolada da vellez. No entanto, coido que moitos entraron nesta última con calma: aqueles que amaron con serenidade e sosego.

Eu nacera con paixóns excepcionais. Nunca sabería amar nin odiar con mesura; non podería rebaixar os meus afectos até o nivel dos demais homes. A natureza fixérame rebelde ás medidas e ás leis comúns. Era xusto, pois, que tamén as miñas paixóns tivesen causas, modos, desenvolvementos e desenlaces excepcionais.

Vivín dous grandes amores, dous amores que sentín de maneira distinta pero igualmente fatais e formidables. Con eles e por eles extinguiuse a miña mocidade.

Ao escribir estas páxinas non teño outra intención que interrogar de novo a miña memoria para evitar interrogala nunca máis. Elevo este monumento sobre as cinzas do meu pasado, como se compón unha lápida sobre o sepulcro dun ser adorado e perdido.

Tomei unha gran decisión.

Denantes de me retirar do mundo, denantes de illarme da multitude –un illamento bastante máis penoso ca o das vastas soidades da natureza–, quixen recordar unha vez máis, recordar con plenitude e con fe. Agora estou en paz comigo mesmo. Cesaron as fondas axitacións da miña alma, os desacougos febrís da miña mente. Agora comprendo as razóns. Moitos homes non se atopan ben coa vida porque aínda non descubriron o seu punto de equilibrio.

É difícil atopar o centro da nosa propia alma!

Non escribirei máis ca dun só destes amores. Falarei do outro polo espantoso contraste que supuxo co primeiro. Aquel non foi máis ca un amor feliz. Relatalo sería o mesmo que repetir a historia de todos os afectos, e non existe criatura que amase tan pouco como para non coñecela. Ou un abandona ou é abandonado –con frecuencia desexándoo ou ben contento polo abandono. Así é o corazón humano.

Máis ca a análise dun afecto, máis ca a narración dunha paixón amorosa, fago quizais o diagnóstico dunha enfermidade. Aquel amor non o sentín; sufrino. Non sei se hai no mundo outros homes que superasen unha pro-

ba semellante e nas circunstancias nas que eu a superei; non sei se darían sobrevivido.

Expreso esta dúbida porque non é raro que me pregunte a min mesmo: «De que maneira sobrevivín?».

Non obstante, sinto que algo se estragou na miña mente: xa non teño conciencia do tempo, xa non hai orde nas miñas ideas nin lucidez nas miñas lembranzas. Estes cinco anos decorreran coma un instante e coma unha eternidade, inadvertidos, escuros, sen divisións en días e etapas. Que festas, que aniversarios que constituían as alegrías máis puras da miña vida cando era neno tornaron cada ano? E como non reparei nelas? Que fixen neste longo espazo de tempo? Por que non puiden amar de novo...?

Xa non sei pensar, xa non sei determe moito tempo nunha idea, xa non vexo as liñas que separan o verdadeiro do paradoxal. Agora todo me parece lóxico, natural, posible. Todos os meus pensamentos coliden, todos se mesturan, todos se perden nun remuíño que xira arreo na miña mente. Alí acaba todo. Sinto que a miña mente está confusa. Cando escriba a historia deste amor, debería escribir tamén a dos cinco anos seguintes; sería unha historia terrible. Debería escribir outra máis terrible aínda: a das miñas visións, o relato dos soños que inzaron as miñas noites durante aquel tempo.

Reunirei aquí os documentos, as cartas, as notas que conservei. Reconstruirei este edificio a partir das súas ruínas.

Agora estou calmo e tranquilo; agora que encomecei a non desconfiar de min mesmo. A miña indiferenza asegúrame que os mananciais do meu entusiasmo

estiñaron. Hai algo que me conforta e me enche de orgullo: o sentimento da miña frialdade. Porque o meu corazón está frío, terriblemente frío.

Espero e en verdade temo esquecer. Unha noite triste e escura empezou a estenderse sobre o meu pasado.

As ondas que o poder do sol levantara e convertera en belas nubes de ouro, caen en chuvia que atravesa as frías latitudes do aire, caen coma bágoas da natureza.

Agora que o lume da mocidade esmoreceu, tamén se esvaece pouco e pouco a morna calor das cinzas; elas ficán alí e testemuñan o lugar onde a chama ardeu un día, até que o alento xeadó do tempo chega para espallalas.

II

Sería inútil evocar os anos que precederon os acontecementos que me dispoño a relatar. Non quero abranguer máis ca un punto da miña vida nin iluminar máis ca un instante. Quen ousaría asomarse ao espectáculo completo da súa existencia, espiar nas súas tebrosas engurras e tecer de novo toda a historia?

A miña xuventude transcorreu plena, rica, fecunda. A fortuna, a dicir verdade, non me fora pródiga dabondo cos seus favores, pero que lle importa á mocidade a fortuna? É a idade da forza, do valor, da ousadía. É nela cando se apanñan a mancheas os froitos que madurecen no xardín da vida, cando se arrima aos beizos a embriagadora copa da felicidade. Nesa idade gózase dun ben descoñecido e que non se experimenta nunca máis no futuro, nunca máis: a apracible e afectuosa indulxencia dos homes.

Nunca puiden adiviñar se a miña natureza era máis incompleta ca exuberante. Mais, de calquera forma, era ben certo que eu salientaba sobre o natural común. O noxo que sentín, e que aínda sinto, por todo o que é convencional, por todo o que é metódico, non procedía da miña educación senón dunha especial disposición do meu carácter. Tanto me tiña ser máis ou menos ca o resto dos homes; abondábame con ser diferente.

Toda a miña vida actuei consonte o meu parecer: dun xeito convulsivo. Disque os leóns se atopan nun estado de continua inquietude. Ignoro que médico descubriu tal fenómeno, como faría na cabeceira dun enfermo, mais, sexa ou non certo, sexa a miña condición feble ou forte, non hai dúbida de que sempre sentín unha sorte de axitación febril e convulsa similar a esa.

Devorei a vida. Non podería medir a miña idade coa comparación ordinaria do tempo.

Tiña vinte e oito anos cando aconteceron os feitos que vou relatar. A revolución arrastrárame había tempo ás súas filas, case ao meu pesar. Afastado dos meus estudos, loitando contra as miñas inclinacións, acordara ficar no exército, onde obtivera o grao de oficial. Levaba cinco anos de militar cando sufrín unha grave doenza de corazón e tiven que pedir un longo permiso e retirarme á miña vila natal. Graves reveses da fortuna impedíranme gañar a vida doutro modo que non fose inscribirme nun rexemento e campar do meu traxe de capitán. E digo isto porque entón a guerra cesara e adoitaba sentir vergoña daquela inactividade tan longamente recompensada, pois lograra unha pingüe asignación das arcas do Estado.

Non falarei agora das penalidades que provocaron a miña enfermidade. Pertencen a outra época da miña vida; foron o froito dunha paixón que, malia non ser inspirada polo máis nobre dos sentimentos, aldraxaría o meu pasado. Porén, aquelas aflicións foron enormes e, se non me mataron, foi porque a dor non ten tal poder.

Ao cabo dun ano solicitara o meu retorno á actividade, non pola mellora da miña saúde senón porque me

sería imposible ficar máis tempo na miña terra. Aque-la vida de soidade e meditación acabaría por matarme. Quen viviu nas grandes cidades xa non se afai á vida das vilas; non pode empequenecer as súas opinións, as súas ideas e os seus costumes até as proporcións mesquiñas e mesmo ridículas da xente do campo. Sempre conside-rei as localidades pequenas como centros da ignorancia, da barbarie e tamén da corrupción. Ao meu ver, son elas as que deteñen o curso da civilización, as que po-ñen paus nas rodas do seu carro. Se todos os puntos habitados da terra fosen Londres, San Petersburgo, Pa-rís, Roma ou Berlín, a cuestión cuxa solución atafega dende hai séculos a humanidade xa estaría resolta.

A monotonía daquela vida era o menos doloroso dos meus tormentos. Coñecía todas as rúas daquel lugar, to-das as casas, a todos os habitantes: corredeiras estreitas e lamaguentas, casetos angostos e ruíns, labregos gro-seiros e testáns. Dábame pena velos e máis pena oílos. A propia natureza posuía un feble atractivo. Preto das vilas a natureza semella sufrir, é basta e cativa, pade-ce de impotencia e de raquitismo; diríase que lle falta algo, coma a forza e o recendo. O Bois de Boulogne, o Volksgarten, o Thiergarten só se atopan preto de París, Viena e Berlín.

O home sente, coma as plantas, o influxo da atmos-fera na que vive. Eu tornábame maniño, miserable, de-teriorado. Fose por mor da doenza, fose pola influencia daquela estaba triste e aburrída, transformárame entei-ra e miseramente. Unha fonda melancolía, un desespero cheo de frialdade e de escepticismo aseñorárase de min. Xa non sentía amargor ningún polo pasado nin devez

dun futuro que, en certo modo, prevía. Formara del a imaxe máis triste, negra e desoladora; forzara a miña alma a aceptalo sen lamentarse, e puxérame así en paz co único obxecto que aínda me podería aterrorizar: coa pantasma descoñecida dese porvir.

Durante estes anos teño pensado decote naqueles días ateigados de desolación e de desazo, naquel longo inverno de cinco meses que decorreu entre as paredes dunhas poucas estancias, sen ver máis rostro humano ca o meu. Teño lembrado tamén todo o que impresionou de calquera xeito os meus sentidos: as anchas ventás de vidros cubertos de arañeiras, os rechouchíos dos pardais que peteiraban nos beirados, o chorro da neve ao se derreter, o rumor das zocas ferradas dos labregos sobre as lastras lordentas da rúa. Eran as únicas sensacións, as únicas voces que me advertían como eran os seres que vivían ao meu redor, como vivía no medio de seres vivos e sensibles.

Conservo o recordo deses días do pasado nun diario escrito baixo a influencia daquelas coitas secretas do corazón que non paga a pena referir agora.

Non ben me afastei daquel lugar, parei na primeira cidade que atopei na miña viaxe, confrontei o meu rostro co dos demais homes, pregunteime con espanto se eu aínda era o mesmo ca antes, se me convertera nun ser diferente a eles, se sobreviviría a aquel día.

Aprendera a desesperar con demasiada celeridade.

Entón non albiscaba a aurora luminosa que xurdiría na miña mocidade e que declinaría tan axiña!

III

Falei da miña vila natal.

Dóeme que estas páxinas non estean destinadas a saír á luz para poder facer público un odio que acubillo dende hai longos anos no corazón e que o tempo e a reflexión non fixeron máis que aumentar e aceirar.

Amo a terra, esta gran nai, esta gran patria común; ámoa sen distinguir solos e climas; ámoa coma se fose unha parte de min, e iso que eu non son máis ca unha grena dela.

Teño sentido os seus feitizos, a chamada que fai aos seus átomos, ás súas criaturas, aos homes, ás súas partículas animadas. Na primavera, cando o sol a lacera cos seus raios; nese período de febre, de ardencia, de fecundidade, cando do seu seo cheo de amor agroman as familias de insectos e as herbas, cando sorrí cun sorriso cheo de encantos e de flores, teño experimentado cunha especie de furor o desexo de volver entrar no seu seo. Téñome prostrado para abrazala; teño sentido a súa chamada e berrado: «Quéresme, chamas por min e eu vou onda ti».

Si, amo a terra, esta fermosa terra. Estou certo de que será liviá sobre a miña foxa cando aperte con dozura o meu peito cos seus brazos de pedernal e de raizames;

pero hai nela un punto que odio: o recuncho frío e sombrizo no que nacín.

Dende alí comecei a botarlle unha ollada ao mundo e a velo triste e ingrato; alí non experimentei nunca unha nobre alegría nin un nobre pesadume; alí coñecín os homes que me aprenderon a odiar o próximo; alí, ao cabo, non puideron amar.

Querería levar dese lugar as cinzas dos meus seres queridos para crebar tamén o último elo que me unía coa miña patria.

Durante moito tempo torturoume unha teima melancólica: parecíame que aquelas reliquias adoradas non poderían acadar alí a paz, porque eu mesmo sinto que os meus ósos se revirarían se os sepultasen baixo eses terróns odiados.

IV

Non sabería dicir como saín de alí e dei chegado a Milán. Non teño explicación para tal escolla, porque non tiña forza de vontade ningunha cando cheguei.

Eran os días finais de abril, e recordo que percorrín a pé, a valmontes, un treito do camiño bastante longo. Dúas lavercas pirlaban no ceo, que me pareceu máis alto, sereno e ilimitado ca nunca antes. Voaban a tanta altura que os meus ollos non lograban velas; estaban moi lonxe unha da outra e, a xulgar polos chirlos, semellaban inmóbiles, coma se atopasen alá arriba onde pousarse. O seu pirlón tiña algo afectuosamente íntimo, coma se se tratase dunha serie de preguntas e respostas, e soaba tan melodioso, calmo e límpido que recordo oílo aínda a gran distancia do sitio no que o sentira a primeira vez. Dende logo era calmo e límpido, pero non vigoroso. Había un estraño misterio de luz naquel canto. Se cadra, os meus oídos distinguíanos pola mesma razón que os nosos ollos albiscan o leito algo dun lago a través das súas augas altas e tranquilas, e non ven o do torrente cuxas augas fondas e impetuosas, pero atoldadas, corren con ímpeto cara ao mar.

Recollera ao longo do camiño un ramo de unllas de cabalo amarelas –as únicas flores que embelecen aqueles

viñedos estériles e desolados-, e aínda o conservo na miña caixa de flores disecadas.

Todos os períodos solemnes da miña vida os teño sinalados con flores. Conservo unha cantidade de ramos que son coma as mouteiras do camiño percorrido na miña existencia, e lévoos comigo como o único tesouro que posúo no mundo.

Sempre sentín respecto por esas pequenas e fráxiles criaturas dun día, como unha especie de fe.

Xa en Milán, nunha etapa de fondo desalento, unha muller que paseaba ao meu lado cunha rosa na man adiantouse uns pasos e, mentres a esfolaba e tiraba os pétalos diante de min, díxome en broma:

—Císcos flores polo seu camiño.

Ao día seguinte un suceso inesperado devolveume a alegría e a paz.

Ao chegar a aquela cidade non tiña plans nin ideas nin esperanzas de días mellores. Chegara alí, por dicio-lo dalgún xeito, ás toas. Sabía que en dous meses sería reclamado polo rexemento, e que dende alí podería cumprir mellor ese requirimento. Se cadra fora ese o móbil da miña viaxe.

Non ben cheguei, busquei con ansiedade un amigo moi querido co que compartira certas desventuras. Vivía nunha casa señorial inmensa, onde, con todo, case era un descoñecido. Para preguntar por el, petei na porta do primeiro andar e acudiu a abrirme unha muller nova e fermosa. Pareceume que a encandeaba de forma singular o meu aspecto, e eu non o estaba menos polo contraste que formaba co seu. Era tan serena, tan nova, tan vizosa, e o mundo semellaba que fora até entón

tan benigno con ela, que a mirei un instante en silencio, turbado por tal marabilla doce e fonda.

—A quen busca, señor?

Pronunciei o nome do meu amigo.

—No segundo andar.

Xuraría que xa escoitara antes aquela voz, que a sentira de neno, en soños... Mirei para ela como se fai coas persoas que cremos coñecer. Ao tratar de afastarme, sentín que un pedazo do meu abrigo quedara atrapado entre as dúas follas da porta. Ela decatouse e, solícita, volveu abrir.

—Desculpe.

Inclineime. Non respondín nada, pero volvíñ fitala dun xeito tan estraño que ela case se asustou. Sentín que aquela ollada me penetraba con dor na alma.

«Tan feliz, tan vizosa, tan fermosa!», exclamei para min mesmo mentres subía a escaleira. «Oh, doce criatura, se me ofreceses ese cáliz que a idade e os afáns arredaron talvez para sempre dos meus beizos, eu tamén podería rosear e mesmo sorrirlle á vida! Pero a mocidade é dos novos, e a alegría dos felices!».

Ao chegar ao relanzo vireime, e vin que ela quedara parada na porta e que me acompañara coa mirada; semellaba conmovida e cavilosa. Comprendera acaso que era desgraciado e sentira a necesidade de consolarme co seu afecto e a súa compaixón?

Direi algo tan antigo coma o amor. Abondou con aquela mirada e aquela tristura. Dende ese momento as nosas sortes estiveron botadas. Eu vencéraa co único engado que quedaba en min, o da desventura, ese co que as mulleres rara vez quedan atrapadas, pero, cando o

fan, comprácese en ceder sen resistiren porque comprenden que así entran no camiño dunha misión que as santifica.

Atopei o meu amigo e instaleime na súa casa.

Por el souben daquela muller. O seu home era novo e atractivo e ocupaba un cargo destacado na Administración. Non eran ricos pero parecían acomodados e felices. Tiñan un fillo. Ela chamábase Clara. Cando non cosía ao pé da xanela que miraba ao patio, lía novelas no balcón, sentada no medio dos seus tarros de fucsias e xeranos. Tamén tocaba o piano e cantaba.

Aquela primeira noite paseina nunha sorte de delirio; lin o epistolario de Foscolo¹ –o home antigo–, e revivín como una alucinación escenas pasadas da miña vida. Tiña a impresión de que todo acababa alí, aquel día, con aquela fuxida, co encontro con aquela muller; albiscaba confusas alegrías no futuro.

Desveloume o son dun piano que procedía do piso inferior. Abrín a fiestra e asomeime ao balcón. Ía unha mañá brillante, cálida, serena, e o sol iluminaba a rúa, ategada de transeúntes atarefados. Os carros dos leiteiros renxían sobre as súas rodas a cambalearen, os cocheiros facían crepitar as súas fustas, grupos de nenos corricaban alborotando; todo era vida, luz, movemento,

¹A vinculación de Tarchetti con Niccolò Ugo Foscolo (Zante, 1778-Londres, 1827), un dos escritores fundamentais do romanticismo italiano, é clara, pois escolleu voluntariamente o seu segundo nome, Ugo, como homenaxe ao autor. De feito, Giorgio pode considerarse un personaxe creado seguindo as pautas de Foscolo, nado con «paixóns excepcionais», incapaz de «amar nin odiar con mesura» e que afirma: «A natureza fixérame rebelde á medida e ás leis comúns». Igual ca o personaxe de *Últimas cartas de Jacopo Ortis* (Londres, 1817; publicada en galego en 2016 por esta editorial, Hugin e Munin), de Foscolo, co seu relato pretende elevar un monumento, aínda que construído sobre as cinzas do seu pasado, «como se compón unha lápida sobre o sepulcro dun ser adorado e perdido».

alegría. Había tempo que non asistía ao espectáculo do despertar dunha gran cidade.

Ao baixar os ollos cara ao balcón de abaixo, descubrín a Clara, que me miraba. Estaba sentada no medio dos seus testos cun vestido sinxelo e descoidado; as súas fuscias aínda non agromaran e non había máis plantas ao seu redor ca unhas poucas prímulas e azaleas.

O amor, a máis complexa e poderosa de todas as paixóns, é asemade a máis doada e sinxela no seu nacemento. Un home e unha muller atópanse, vense, míranse, e abonda. Que impulsara aquela mirada? Que había nela? Que dicía? Ninguén o sabe. Non obstante, todos os amores principian cunha ollada.

Volvín ao cuarto ebrio. Non de amor, non –aínda non amaba, nin o esperaba–, senón sedento de consolo, de piedade, de bágoas. Desexaba unha muller, non para reclamar as súas caricias senón para chorar no seu peito. O home é máis profundo no amor, a muller na tenrura; chórase mellor no peito dunha muller.

Non sei se os demais homes sofren de súpeto abandonos, ímpetos e decisións coma min. En min nada é lento, ordenado nin normal. O meu natural funciona por resortes, a chimpos; é un natural sempre alterado.

Escribinlle unha nota que lle guindei polo balcón e que contiña estas palabras: «Son infeliz, estou enfermo, sufro».

A nota caeu aos seus pés. Ela viuna, dubidou un intre e despois anicouse, recolleuna e marchou ao seu cuarto.

Non volveu aparecer en todo o día. Á noite vina no balcón e observei que tiña os ollos arrasados.

Dende aquel momento a miña ilusión xa non tivo freo. Chorara por min, en certo modo aceptara a tarefa que lle reclamara: consolarme.

Atacoume o constante afán de vela, de sentir a súa voz, de tela ao meu carón, de tirarme aos seus pés, de contarlle chorando toda a pobre historia da miña vida.

De dispor dun obxecto que ela tocase ou levase, unha fita, un vestido, pasaría a noite a contemplalo e sentiárame menos só.

A miña alma sempre actuou así: pasaba da apatía á adoración sen determe no amor. Para que descansar na metade? Por que non aspirar ao límite? As cousas grandes son extremas, as grandes almas adoran ou odian.

Principiaran as chuvias lentas e monótonas da primavera; chovía todo o día, e as ventás do seu balcón permanecían pechadas. Eu escoitábaa tocar e cantar debaixo de min. Era casualidade? Era adiviñación? Sempre repetía algunhas arias que me apracían, e que me facían acordar as escenas máis doces da miña vida. Xa non saía da casa para non apartarme dela. Alí, naquela estancia, sentíame ao seu carón; non a vía pero sabía que estaba preto. E ademais, podía oíla!

Escribíalle todo o día; escribíalle cousas estrañas, maxestosas, inauditas. Eu mesmo me asustaba. Con frecuencia saltaba da cama pola noite e tirábame no piso como para tenderlle os brazos, como para estar a son dela. A miña alma, tanto tempo baleira, guindárase con furor sobre aquela presa. Se a súa piedade non chegase a salvarme, devoraría o meu propio corazón.

Volvina ver. Tornara o bo tempo; abril rematara e maio florecía. Sentín todas as febres primaverais, ese

fogo ardente que o sol de maio infunde nas fibras, nas veas, no corazón. As flores espontaban, os paxaros entoaban os seus cantos, os nenos –flores humanas– enredaban polos parques; en todas partes se cantaba o himno ao amor.

Un día, ao subir a escaleira, atopei a súa casa aberta. Estaba soa. Corrí cara a ela e caín de xeonllos. Tratou de escapar. Eu quedei inmóbil, coa face entre as mans. Decatouse de que choraba, inclinouse cara a min e díxome entre saloucos:

—Teña piedade, marche, déixeme.

—Non, morrerei aquí mesmo, sufro.

—Oh, meu Deus! Pobre mozo!

—Ódiame?

Ela abrazoume e cubriume de bicos e bágoas.

—Ámoo, pero déixeme.

Fuxín coma un demente.

Pola noite tiveron un ataque de febre acompañado de estrañas visións e soños puerís. Vía bolboretas, anxos e terras que nunca visitara. A miña nai, máis nova ca nunca, choraba na cabeceira do meu leito e vestía un traxe gris que eu lle vira levar cando neno.

Ao día seguinte estaba enfermo.

Volvinlle escribir: «Estou enfermo, non sandarei se non a vexo; veña».

E ela veu.

Durante dúas longas semanas acudiu acotío, disimulando como podía o seu segredo, dividida entre a angustia polo meu estado e o rubor polo engano que supuña a súa piedade. Foi precisamente a súa piedade a que a conduciu ao amor; aqueles días as nosas almas uníronse.

Máis tarde escribíalle:

Oh, vida! Venme confortar. Ven aquí, lonxe desta casa onde non podemos ser felices. Aluguei un cuarto luminoso, solitario, tranquilo, solleiro. Enchereino de flores para ti. Pero ven. Os nosos corazóns precisan latexar un sobre o outro. Así morren.

E ela veu.

A piedade conduciuna ao amor, e o amor levouna á culpa.

Naqueles días as nosas vidas uníronse.

V

Fomos felices, experimentamos unha felicidade inefable.

Atravesamos unha serie de sensacións novas, apaixonadas, vertixinosas. Nunca dúas almas encaixaran dunha maneira tan plena, nunca dúas naturezas se uniran, fundidas, identificadas nunha soa coma as nosas.

Clara tiña un carácter forte, xusto, severo; non había nada fatuo, frouxo, pueril nela; e, porén, ningunha muller foi nunca máis afectuosa, máis doce, máis dócil, máis delicada, máis autenticamente muller.

Tiña vinte e cinco anos; era alta, pura, robusta, serena. Foi máis adiante cando descubrín o segredo da fascinación inmediata que exercera en min: imitáballe á miña nai. A miña nai tería a mesma beleza e a mesma idade ca ela cando eu nacín.

Xa amantes, abandonabámonos cunha especie de doce desesperanza á nosa paixón, que non tiña límites e era de tal natureza que tampouco non os coñecía. Case desexabamos sufrir, considerar o noso amor un obstáculo para a nosa felicidade e o noso porvir, coa intención de facernos merecentes del. Sentiámonos morrer por mor do afán de sacrificar algo o un polo outro. Deste xeito eramos demasiado inmerecidamente felices. Non podíamos poñerlle un prezo a aquela ledicia; sentiámola con grande intensidade, era demasiado intensa...!

Contámonos as nosas vidas. Mergullámonos un no outro sen rubor, sen disimulo, sen dúbidas. Ela vivira pouco no mundo, casara aos dezaseis anos cun home que lle era indiferente, nunca amara, ninguén lle solicitara nunca afecto e adoraba o seu fillo. Con todo, era feliz con aquela vida de illamento e desamor.

Coma todas as mulleres en verdade inxenuas, entregárase a min sen finxir, sen vacilar, tras meditar as consecuencias da súa culpa. Loitara abondo, pero unha vez que se decidira, abandonárase sen recato. Non sei se arrobaba e se lamentaba en segredo; a súa conduta non deixou que en min penetrase nunca esta dúbida, sempre parecía feliz. Sempre me dicía cun aire de credulidade e espanto, en absoluto pueril:

—Son tan feliz que teño medo de morrer.

O seu lamento máis amargo era non coñecerme antes; non a magoaba o porvir que o tempo e os seus vínculos nos causarían, tarde ou cedo, senón o pasado que viviramos lonxe un do outro, sen nos coñecer, sen saber que existíamos, aqueles fermosos días da primeira mocidade que non puideramos pasar xuntos.

—Oh, se te coñecese entón, que feliz sería ao entregarche o meu corazón puro e intacto, ofrecerche a miña xuventude, toda a miña frescura, porque de moza eu era moi fermosa! Ti saberías formar o meu corazón, e como te amaría, como te obedecería!

Esas eran as palabras que adoitaba dicirme. Sufría por non poder unir a min as primeiras e as máis puras lembranzas da súa existencia.

Como previra, a miña saúde mellorou. Torneime forte, alegre, sereno, aínda que tiña a impresión de que lle

quitara a ela todo o que engadira á miña persoa. Ela non murchaba, mais desmelloraba aos poucos. Coma se se transformase, xa non era a de antes. Parecíame que tornara máis alta, máis encantadora, máis flexible; víaa coma se fose unha imaxe de si mesma.

Adoitaba dicirme en broma:

—Quixen ser o teu médico, e eu descoideime.

Non sei como aconteceu, pero o certo é que, xunto co seu afecto, me entregou a súa forza e a súa saúde. O amor acostuma facer tales milagres.

Polo demais, non contarei o felices que fomos. Triste é a felicidade que se pode describir! Eu conservárame até daquela excepcionalmente puro; ela, excepcionalmente inxenua. Amabámonos; ela, por piedade; eu, por gratitude. A estima, a simpatía, o coñecemento mutuo das nosas almas e mais a nosa propia mocidade conducíranos á paixón. Ela tiña vinte e cinco anos, eu vinte e oito; aínda eramos dous rapaces. Nun gran centro de corrupción coma aquel, permanecemos íntegros, puros, virxes, ricos en ilusión e fe, e a felicidade e a grandeza de tal amor non poden ser descritas.

VI

Porque nós nos amabamos de maneira diferente á dos demais. Os nosos praceres máis intensos consistían a miúdo en infantilismos sen nome, en puerilidades que nos farían sorrir se non nos amásemos tan ás cegas.

Unha das súas maiores satisfaccións era comer comigo, tomar confeitos, moitos, e todos a medias; amañar-me o cabelo e contemplar, coma os nenos, a súa imaxe reflectida nas miñas meniñas.

Coñeciamos todos os pequenos vieiros daquelas pradarías tristes e monótonas. Dabamos longos paseos. Quitaba o mantelo e o sombreiro e cravaba os alfinetes nalgunha folla de hedra enraizada nun salgueiro, e nos nosos paseos azarosos iamos despois buscalos. Hai poucos meses aínda conseguín, tras catro anos, atopar dous deles estragados pola chuvia e polo tempo.

Sentabamos con frecuencia á beira dos regatos para ver correr a auga, e arrincabamos algunhas herbas que tiñan no fondo unha palla tenra de sabor case doce, e que nos ofreciamos reciprocamente, dicíndonos en broma:

—Proba esta.

—Oh, a miña é moito máis sabedeira!

—Esta é excelente.

—Aquí hai unha que está exquisita.

E riamos, e exclamabamos: «Coma cativos!».

Saíndo por Porta Magenta, ao lado dereito da estrada, hai un fermoso torrente e unha pontella de madeira non máis longa de dous palmos. Praciálle camiñar sobre aquela ponte. Alí preto atopamos unha cabana deshabitada coa porta aberta, e alí pasabamos de bo grado as horas, malia estar inzada de ratas e de lagartas. Chamabámoslle o noso tabernáculo.

Os aldeáns coñeciánnos e faciánnos mil falcatrúas.

Algúns cativos víñánnos detrás e berrábánnos:

—Os namorados! Os namorados!

Un domingo que nos viron sentar nun prado, levantaron unha táboa que cerraba a boca dunha canle de rego.

—Paréceme estar nun baño!

—A min tamén!

Nun abrir e cerrar de ollos, o prado estaba completamente asolagado; as súas enaguas, o seu chal estaban empapados, e tiveron que rescatar da desfeita o seu sombreiro e as súas luvas, que flotaban. Ela ría coma unha tola. Cantas veces lembramos aquela situación!

Aquela muller tan forte, con tanto sentido común, nalgunhas cousas tan seria, posuía todas as veleidades e os gustos tolos e estraños dunha pícara.

—Só son reivindicacións —dicía ela algunhas veces, medio en serio medio en broma—. Non me deixaron o tempo de ser unha moza, e agora reivindico selo. Mellor aos vinte e cinco anos ca nunca!

E, de feito, así era, e ofrecíame todas as probas posibles. A miña vivenda convertérase nun caos, ateigada de paxaros, de flores, de fitas, de adornos de papel, de

cartuchos de confeitos, de caixas. Desordenábao todo. Polo día pechaba as contras e acendía todas as candeas. Con frecuencia declaraba sentir a necesidade de berrar, de berrar forte, de ouvear. Berraba, tapando a boca coas mans: «Non podo deixar de facelo, sinto unha cousa aquí no peito, que...».

Levábame bolboretas e facía que me regalasen niños de paxaros que me obrigaba a criar para non desgustala. O último inverno que estivemos xuntos, trouxo un gato branco no seu manguito.

Todo isto me parecía daquela bastante pueril; porén, teño pensado moito nestas cousas, mesmo cando xa coñecía máis positivamente e máis tristemente a vida, e sempre tiven que exclamar: «Ditosos os que amaron así!».

VII

Naquel abismo de felicidade, naquela ebriedade que se apoderara das nosas almas, esquecínme case de min mesmo. Non había nin dous meses que nos amabamos, cando recibín do comandante do meu rexemento unha orde nestes termos:

Requírese o seu regreso ao servizo, e, en consideración ao seu delicado estado de saúde, será destinado ao Estado Maior do Cuarto Departamento. Deberá presentarse no seu destino dentro de dez días.

Quedei coma se me fendese un raio.

VIII

Renuncio a describir o amargor da nosa separación. A nosa dor foi tan grande como fora a nosa alegría: verdadeira, profunda, inefable, igual ca a nosa felicidade. Copio aquí textualmente a primeira carta que lle dirixín a Clara un día despois da miña partida, e que hoxe me dá a medida do meu amor e das miñas bágoas:

Oh, vida! Xa estamos separados, lonxe un do outro. Onte aínda estaba entre os teus brazos, hoxe estou só, lonxe, coitado, desconsolado, perdido. Que dicirche? Como expresarche a miña dor? Só ti, que me amas co mesmo arrebatado desesperado, podes saber, polas túas bágoas, a amargura e a frecuencia das miñas.

Teño a impresión de atoparme nun pesadelo horrendo do que non esperto; non podo crer na realidade dunha desdita tan grande. A cada instante paréceme que espertarei deste delirio angustioso e que estarei de novo contigo. En todas as miñas grandes aflicións sentín esta especie de piadosa incredulidade que as tornaba menos terribles. Daquela, coma agora, preguntábame: «É certo? Aconteceu realmente?». E sabía que era certo, sabía que acontecera.

Oh, ti consólasme santamente! Comprendín, sabes?, o esforzo que facías onte para agochar as túas bágoas. Pobre Clara! Non querías que eu chorase, e non sabes canto chorei esta noite. Si, chorei abondo, e agradecinlle a Deus este consolo. Chorar non é debilidade, e aínda que o fose, é unha debilidade doce e divina que non humilla o home forte.

Non sabes o orgulloso que estou de sufrir por ti, por nós, polo noso amor. Que doce debe de ser poder dicirlle á muller que un ama: «Cústasme un sacrificio, unha dor, unha covardía; por ti sacrifiquei as miñas riquezas, a miña sona, a miña vida». Entendín como se pode cometer un delito para axigantar na nosa conciencia este sentimento, para aumentar o seu valor; comprendín como se pode caer até a degradación máis humillante. É o mesmo sentimento que a vós, as mulleres, vos leva a sacrificar a fama de honestas –case con agrado, case orgullozas do sacrificio– polo afecto do home que amades. E cre, Clara, cre que só esta é –por máis que sexa deplorable– a medida do amor que une o home e a muller.

Non disimules pois as túas bágoas, e non pretendas que eu che esconda as miñas. As túas bágoas! Ah, síntoas, si, síntoas, caen no meu corazón; quen sabe cantas vertiches hoxe, agora, neste intre. Pobre alma!

Escriboche catro horas despois de chegar a esta cidade; non puider facelo antes. Deus sabe como partín, como cheguei aquí, como me atopo no cuarto desta pousada. Tireime na cama e durmín catro

horas cun sono pesado e angustioso. Agora erguime, asomeime á fiestra, mirei os teus retratos, as túas cartas, todo o que trouxen comigo de ti, e encomecei a entender algo da miña nova situación. Meu Deus! Meu Deus! Non sei como sobrevivirei a esta proba!

Eramos demasiado felices, Clara, non era posible que ese estado durase. A nosa felicidade asustábanos, sentiamos algo no corazón que nos dicía que debía rematar.

Non te asustes da palabra «rematar», non, a nosa felicidade non rematou, sábelo; ti coma min sentes que un amor coma o noso non pode rematar máis que coa morte, pero seremos felices doutro modo, con outra medida, con outro prezo. Xa non te verei máis decotío, non saberei que fas a todas horas, xa non recibirei as túas flores, xa non verei o teu balcón, non escoitarei a túa voz adorada, a cola do teu vestido, os teus pasos, a túa respiración. A miña pobre estancia quedará longo tempo solitaria, non resoarán máis os nosos berros; porén, as nosas alegrías non nos serán vedadas por completo e para sempre. Eran demasiado doces para que puidésemos degustalas acotío; o noso amor é demasiado grande para que renunciemos a el toda a vida.

E non son esas as alegrías que me seducen, as que volven tan terrible a túa ausencia; non é a túa persoa, a túa beleza, a túa mocidade, os teus encantos: es ti, anxo, só ti, o teu nobre corazón, a túa alma pía e delicada, o teu espírito virxe e educado.

É a muller-alma a que ameí en ti, só a ela; e estou orgulloso de afirmar, na solemnidade deste intre, a pureza do sentimento que nos uniu.

Porque ti coñeces a miña vida, liches nas máis ocultas intimidades do meu corazón; era digno de ti, aínda o son, sereino sempre. Sen este convencemento, non ousaría pretender a santa fraternidade das nosas almas; non ousaría agora desafiar sen tremmer este porvir misterioso que nos espera. Descanso tranquilo sobre o teu amor, pois non é dos que pasan; descansa ti tranquila sobre o meu. Xúrocho, Clara: sempre serei digno de ti!

Hai un pensamento que me angustia: a certeza da túa dor; non da que sentes agora, senón da que sentirás de aquí en diante. Comprendo máis do que pensas o estado da túa alma. Entregácheste a min por piedade; a miña gratitude amosouche un corazón que non puidiches deixar de amar porque era demasiado similar ao teu. A túa alegría, a túa mocidade, guindaron sobre o noso abandono un veo que nos agochaba o lado culpable; mentres estaba preto de ti, podías ser feliz, pero agora... Oh, vida, non penses en ti mesma; que a soidade non che faga evocar lembranzas que insistías en esquecer, que non te leve a pensar en vínculos que te farían infrinxir os que te unen a min! Ten piedade até que o edificio izado polo teu amor non estea enteiramente acabado.

Velaquí, oh, querida, o desalento incesante que se engade a esta dor inmensa. Non é a fe en ti a que me falta, senón no futuro; non desconfío de ti,

senón da forza das cousas, do tempo. Consólame, obrígame a crer, non a esperar. Cómpre crer nun amor coma o noso; esperalo é o nada.

Quería dicirche... Hai nos afectos, coma en todo, unha linguaxe convencional, frases demasiado repetidas porque aínda teñen un valor, pero, como expresarse doutra maneira? Quería dicirche que morrerei perdéndote. Síntoo en min, teño a fonda certeza, fría, calma, inquebrantable; e isto constitúe a miña ledicia: estou seguro de que non te perderei senón morrendo.

Non sei se che dixen abondo que te amo, como te amo, e até que punto te amo. Lembras? Desesperámonos os dous por esta impotencia, pero agora o conto é ben outro. Naqueles días non o podíamos dicir, pero podíamos demostrárnolo dalgunha maneira. Ti lías en min, pero agora...? Agora sinto máis ca nunca a necesidade de abrir o meu corazón, de dicirche todo o que hai na miña alma. Eu ámote, oh, Clara, si, eu ámote até a adoración, até a loucura, até o punto extremo das nosas facultades, alén das cales estaría a morte, o cesamento, o nada...

Como non amarte así? Sabes que me devolviches á vida; ti que me restituíches a saúde, a forza, a alegría, a xuventude, o valor. Todo o que serei, débbocho a ti; sen ti, eu non sería nada. Ocupaches o lugar dunha nai, dunha irmá, dunha amiga, da patria—si, tamén da patria, pois por amor a ti adoro este recanto da terra—; fuches e aínda es o meu mundo, e seralo sempre. Deberías repudiar-me, rexeitarme,

sinto que nunca poderei ignorar esta débeda, nin rebelarme á santidade desta lembranza.

E dígoche isto para que saibas até que punto podes contar co meu afecto, coa miña gratitude.

Escoita agora o meu xuramento. Só viverei por ti, para ti; esquecerei que existen no mundo outras criaturas, serei honesto para ser digno do teu amor. Elevarei este afecto até o culto dunha relixión. Cada noite hei de me recoller para pensar en ti, cada quince días irei verte. A distancia que nos separa non é tan grande para impedilo. O noso santuario –esa pequena vivenda onde fomos tan felices– aínda é noso, teño as chaves comigo. Xa non estarán as nosas flores, os nosos paxaros, que deixei voar libres, pero aínda nos atoparemos nós, os nosos gozos, a nosa felicidade, o noso entusiasmo, os nosos corazóns ardentes e inmutables. Aínda poderemos ser felices, oh, Clara, aínda poderemos ser felices!

E agora, adeus. Non fagas caso da desorde das miñas ideas, porque a miña cabeza está case perdida. Escriboche coma nun soño, e levo decote as mans ao corazón para conter os latexos. Oh, quen puidese estar preto de ti, meu anxo, preto de ti, e morrer aos teus pés!

IX

Oh, Clara, por que me abandonaches?

Velaquí estou, só, máis só aínda ca antes, xa que nin sequera teño as ilusións que antes de te coñecer me orientaban cara á esperanza. Sobrevivín ao noso amor, á túa perda, á perda da miña fe, a todo, eu que cría que morrería polo teu abandono. Contigo pasaría a vida, bo, amado, pío, docemente triste, indulxente; talvez non deixaría flores sobre o meu camiño, pero cubriríao de beizóns e de bágoas. A fortuna fixo que me foses negada –foi un relampo–, os primeiros pasos da miña existencia foron errados. Debía correr desastrosamente até preto do seu termo. Bebín un grolo da copa, e basta; agora todo rematou.

Rematou!

O amor morre. Este é o berro terrible que se ergue dende o sepulcro no cal metín para sempre as cinzas do meu pasado. Porque non só te boto de menos a ti, senón a miña fe, aquela fe que non poderei atopar nunca máis, e sen a cal deberei pasar polo mundo sen unirme máis a ningún, e burlarme das cousas que durante un tempo crin as únicas santas e nobres da vida.

Non obstante, non te condeno, nin a miña voz se alzará nunca contra ti; o meu corazón, ti non o sabes, énchete de beizóns en segredo.

Atopeite no meu camiño nunha época na que a miña alma sufría e os meus pés sangraban pola aspereza do percorrido, e ti collíchesme da man e conducíchesme por un sendeiro florido e delicioso. E por que non debería bendicirte? Non contraeras unha débeda de amor eterno comigo; prohibíao a sociedade e a propia natureza. Amárasme por piedade, quixeches volver facerme un home, devolverme a forza e a capacidade, volver temperarme ao lume dunha paixón. Unha vez cumprido o teu cometido, tiñas que abandonarme; era xusto. Reclamábante outros deberes no camiño do que eu te afastara. O teu marido, o teu fillo!

O mundo querería en baluto que te desprezase, ti mesma o pretenderías. Sabías que non cesaría de adorarte mentres te estimase, e tentaches mostrarme o teu corazón nu de calquera virtude, indicarme a condena deshonrosa que pendía sobre a túa conduta. Non, Clara, non te apreciarei menos por isto. Non farei caso das leis dos homes, porque sei que o ceo lle deu ao amor leis máis xenerosas, firmes e razoables. O que consideraríamos a peor culpa posible na muller –o adulterio–, con frecuencia non é máis ca unha reivindicación dos dereitos máis sagrados que lle deu a natureza, e que a sociedade lle conculcou. No teu caso había aínda máis: un sacrificio grande e sublime. Ben o sei. Non, non temas, Clara, hai no amor unha solidariedade que non se desmente. Aínda que foses mil veces culpable, amaríate dobremente porque sei que o serías a causa do meu amor.

Cando ás veces penso en ti, véñenme á boca as míticas palabras de Cristo: «Moitos pecados se lle perdoaron, cando mostra tanto amor».

X

Quixen explicar brevemente esta paixón amorosa, a máis auténtica e a meirande da miña vida, para salientar o contraste de ideas e sentimentos que aquel afecto produciría na miña alma despois dos feitos que vou contar. Durante o desenvolvemento destes sucesos, o amor de Clara perdurou vivo e ardente, e non me abandonou até a véspera da terrible catástrofe.

As leis da Providencia establecen que a unión do home e da muller debe ser pasadía, e a nosa separación só foi unha consecuencia deste decreto inexorable da natureza. Pois, se ben as leis humanas lle impuxeron a esta asociación unha duración de por vida, a experiencia demostra que as leis do corazón e as providenciais sempre triunfan en segredo.

O matrimonio é a unión de dúas criaturas que se toleran e se aman algunha vez por amizade, nunca a unión de dúas almas que se aman perennemente por amor.

Esta eternidade do amor é unha aspiración dos homes, que se ilusionan con lograla imponéndoa por medio das aparencias. Se o amor fose duradeiro, a felicidade sería reconducida a un mundo do que talvez foi roubada para sempre.

Dende hai cinco mil anos a humanidade chora pola caducidade do amor.

XI

Cando cheguei a * * *, malia a dor daquela separación inesperada, case me sentía feliz. Estaba cheo de fe, curado dunha enfermidade que crera mortal, atopara homes e cousas benignas, e parecía que a fortuna quixese ofrecerme de novo unha man amigable. Aquela primeira carta que dende alí lle escribira a Clara, só era unha proba da miña felicidade. As miñas afeccións eran desas que superan en dozura a todos os gozos posibles da vida, desas que entrelazan as flores máis belas na coroa da xuventude, a única época da existencia na que se sabe amar e sufrir de verdade.

A pequena cidade de * * * –calo o seu nome porque podería extraviar estas páxinas, e desexo que ninguén coñeza o lugar onde sufrín e onde hai unha tumba á que acudo algunhas veces a chorar– é cativa e monótona, ao pé dun río case sempre seco. Os arredores son unha especie de páramo, unha chaira areenta e moi extensa, tan pobremente cultivada que só se ven nela uns poucos umeiros retortos e outras tantas matogueiras de moreiras tísicas. Se por casualidade un chega até alí, tería a impresión de que puxo o pé nunha estepa ou nunha sabana máis ca nun anaco de chaira a rentes dos Alpes.

Tampouco os homes eran os máis afables da natureza. Toda sociabilidade, toda comodidade da vida, ou

mellor, toda exuberancia de comodidade lles estaba vedada. Daquela cidade a Milán hai tanto coma de Milán a Londres. Calquera aldea da Lombardía podería ofrecer unha estadía menos desagradable ca aquela pequena cidade, cuxa posición estratéxica a convertera en sede dun destacamento militar.

Non ben me erguín, e unha vez que lle escribín aquela carta a Clara, dediquei o resto daquel primeiro día a vadiar polas rúas e a observar a contorna monótona daquel lugar. Con todo, descubrín naquel deserto unha sorte de oasis, un vello e magnífico xardín, dobremente magnífico porque levaba anos abandonado aos estragos do tempo e aos reparadores da natureza. Alegroume o éxito daquela descuberta, que, como dixen, era non pouco desconsoladora. Unha cidade ruidosa arredaríame daquela paixón por mor da cal precisaba recollemento e paz; unha natureza máis fértil faríame sentir con meirande intensidade a dor da súa ausencia, xa que as máis fermosas lembranzas do noso afecto estaban ligadas dalgún xeito á natureza.

Sentín satisfacción ao poder recoller e gardar para min mesmo toda a miña chama, alimentala co meu propio lume, non poder perder nin diminuír ningunha das sensacións que espertaría en min a acción asiduamente activa daquel pensamento.

Pecharme nun cuarto e poboalo coas pantasma do meu amor; ese era o meu desexo. Vivir para min e para ela. Vivir só.

Entendía que estaría tanto máis preto diso canto máis me afastase de calquera outra criatura.

Entón aínda era quen de crear mundos ao meu redor.

XII

Á mañá seguinte fun visitar o coronel, o xefe do servizo ao que fora destinado.

Era un home duns sesenta anos, delgado e baixo de estatura. O seu carácter non tiña nada de forte nin de masculino, pero o costume do mando e da disciplina outorgáralles ás súas maneiras unha pegada francamente enérxica e militar. Coma en gran parte dos naturais febles, aquela ausencia de forza estaba compensada por unha gran dozura de ánimo e por unha sorte de inxenuidade que rozaba case a ignorancia, tan extraordinaria era nun home daquela idade e daquela profesión. Tiña un carácter alegre e vivaz. Podería aparentar un detestable soldado, pero era un hábil matemático, un excelente debuxante, espelido en todas as ciencias referentes á guerra e, feito extraordinario en toda clase de homes, dobremente extraordinaria entre militares, un individuo excepcionalmente honesto.

Unha aventura que me acontecera dous anos antes, pola cal arriscara a miña vida cunha extrema temeridade e a salvara dun xeito singular —unha aventura ben fixada na miña memoria, así que de nada serviría narra-la nestas páxinas—, creárame no exército unha especie de estraña reputación; a miña enfermidade, as miñas circunstancias, contribuíran a arrodear o meu nome dun

prestixio en parte afagador, e a espertar un interese afectuoso pola miña persoa.

Se cadra foi por tales prevencións polo que fun debedor da acollida amigable que recibín do coronel.

—Atopámonos aquí —dixo tras me falar longo tempo de varias cousas— coma se estivésemos nunha vila de Berbería, pouco máis ou menos ca entre peles vermellas. Dubido que atopase un aloxamento onde instalarse con honestidade e comodidade.

—Aínda estou na pousada —díxenlle.

—Na pousada! E como comeu?

—Non sei..., creo que moi mal.

Ao coronel asombroulle un pouco a miña dúbida, mirou o seu reloxo e continuou:

—Faltan escasos minutos para as cinco. Convídoos a cear comigo na miña casa. Acepta?

—Acepto —respondín inclinándome.

Logo duns instantes saímos.

—Temos unha pequena comida familiar —continuou polo camiño—. A dicir verdade, non podo dicir que teña familia, pero vive comigo unha parente que é coma se o fose, aínda que a pobre teña unha saúde tan delicada que non me causa máis ca preocupacións. É unha comida bastante modesta. Aquí só hai pésimos produtos, sobre todo a verdura é bastante mala, pero polo menos déixase comer, xa verá... Á miña idade, é inexorable unha comida decente. Terá compañía; estarán dous maiores, un coronel, un doutor do destacamento e dous médicos civís. Seremos oito en total. Os médicos adoitan frecuentar a miña casa coma se fose un hospital —proseguíu—. A miña curmá é a enfermidade

personificada, o histerismo feito muller, un milagre vivente do sistema nervioso, como se expresou ultimamente un doutor que a visitou. Xa a coñecerá. Puiden enviála lonxe de aquí, cunha familia que a coidase ben, xa que está soa no mundo, pero non sei como separarme dela. Aos sesenta anos vívese pola inercia; este clima alédaa e esta terra de peles vermellas non lle desgusta.

Chegamos axiña á súa residencia.

O xantar foi alegre, excelente, aderezado con maledicencias, agudezas e esas frases equívocas e pouco castas que se escoitan adoito entre os militares.

Ao meu carón había un cuberto intacto e non puiden evitar reparar nel.

—É o sitio da señora Fosca —díxome un comensal.

—Da miña curmá —engadiu o coronel—. Pasa na cama os sete días da semana, e hoxe non parece estar mellor ca de costume. Sinto que non a vexa, ten a voracidade dunha mosca.

Cando nos levantamos da mesa, plantouseme diante coas pernas separadas e as mans cruzadas detrás das costas e preguntoume:

—Que? Que tal comeu?

—De marabilla.

—De verdade?

—Diantre, si!

—E que lle parece este lugar?

—Magnífico.

—E a nosa compañía?

—Síntome afagado —dixen eu.

—Francamente, sen cumprimentos, como amigos —continuou el endereitándose e xuntando as pernas coa

vivacidade dun resorte, e retirando a man dereita de detrás das costas e ofrecéndoma, engadiu—: Se quere formar parte da nosa mesa, se quere unirse a nós..., non ten nada que temer pola súa carteira. A base fundamental da nosa asociación é o aforro. Xa... Hai un sentimento de caridade que me aconsella facerlle esta proposta... E tamén a simpatía —continuou ofrecéndome a outra man—. Pénsese ben, dígollo por experiencia... Nesta terra de peles vermellas...

Era unha oferta que non podía declinar de ningún modo.

Aceptei aínda que a repelo.

XIII

Axiña souben que só podía aledarme desta relación sobre a que, nun primeiro momento, dubidara. As compensacións eran maiores ca os danos, a máis franca cordialidade temperaba os rigores da disciplina, e ademais, a vila realmente non ofrecía nada. Os comensais eran todos xente honrada, algo presumidos e fatuos –defectos dos soldados–, pero no fondo honestos e leais.

Se había algo que me afagaba era que todos me trataban con gran benevolencia, e competían para me facer calquera favor. En particular, un médico do rexemento sentía por min unha especial simpatía, e buscábame a miúdo. Era un home feito e axuizado, pero de espírito novo. Nalgunhas cousas, coma todos os homes medio-cres, infantil; con respecto aos principios, virtude rara entre os médicos, crente. Non tardei en terlle afecto eu tamén, e foi a única persoa que frecuntei e recompensei coa miña amizade naquel lugar.

A curmá do coronel aínda non se deixara ver. A doenza continuaba reténdoa nos seus aposentos. Xa me afixera neses días a pedirlle novas dela ao seu curmán, e a lle repetir algunhas frases de condolencia que resultaban ben longas para expresar un desgusto sentido, xa que era natural que non puidese doerme dos seus males

sen a coñecer. Con todo, a etiqueta adoita ter esixencias así de ridículas.

O seu sitio estaba baleiro, aínda que o seu cuberto sempre aparecía disposto; nun dos seus vasos había todos os días unha flor fresca, e, algo que me preocupaba bastante, malia non imaxinar as razóns –e non as había–, aquel posto vacante ficaba sempre cabo de min, ora a un lado, ora ao outro, pero sempre xunta min. Isto dábase que pensar, semellaba que me faltaba algo, non me atopaba cómodo, coma se ela fose entrar dun momento ao outro para vir sentar á miña beira.

Non obstante, esta preocupación era exclusivamente miña; o resto dos comensais non lle concedían importancia ningunha a aquela enferma, e parecían considerar a situación perfectamente natural. Como moito, limitábase a dicir ao erguerse da mesa:

—Hoxe tamén nos deixou sós a señora!

Eu consideraba estraño que se puxese a mesa para ela acotío e que a esperasen tamén acotío, coma se a súa enfermidade fose algo que puidese abandonar da noite para o día. Non me atrevería a pedirlle explicacións ao médico –co cal xa tiña certa intimidade– se un acontecemento inesperado non me puxese na obriga de facelo.

Un día, durante a comida, fiquei impresionado por uns estraños e agudos berros que procedían dos apouentos da señora. Aqueles gritos resoaron tan forte e tan de improviso na nosa cámara, que me estremecín e, case por instinto, fixen ademán de erguerme e de correr na súa axuda.

O coronel, sorrindo con tristura e apertándome a man como para me agradecer o xesto, avisoume:

—Non se asuste, é a miña curmá. Padece convulsións nerviosas. Non é nada, pásanlle nuns minutos.

Un dos médicos abandonou a mesa a contragusto e, sen demasiadas mostras de inquietude, entrou no cuarto de Fosca. As súas doncelas non demostraran maior prontitude ca el. Ningún dos outros comensais se movera nin manifestara o menor sinal de sorpresa.

Para min foi imposible refrear a miña emoción. Xa non era só que aqueles berros fosen horriblemente agudos, estraños e prolongados, senón que nunca imaxinara que puidese saír algo parecido dunha voz humana, e no caso de saír, que o ser humano que proferise unha vez un grito semellante aínda conservase a vida.

Antes e despois daquel día experimentei até que límite pode chegar a dor na natureza humana, e escoitei todas as súas manifestacións vocais posibles, pero nunca se me presentou a ocasión de sentila exteriorizar cunha linguaxe tan horrendamente espantosa coma aquela. Aínda hoxe, cinco anos despois, sinto nos meus soños o eco daqueles terribles gritos.

—Vexo que anda un pouco preocupado por este suceso —díxome o médico cando saímos xuntos daquela casa—. Conféseo...

—Adiantouse á miña pregunta —interrompín con ansia—. Conmouveume até o máis fondo da alma. Por que tería que agochalo? Non entendo como un non se podería conmover. Que enfermidade sofre esa muller?

—Todas.

—Todas! Explíquese.

—É unha especie de fenómeno, unha colección andante de todos os males habidos. A nosa ciencia non

é quen de definilos. Podemos comprender un síntoma, un efecto, un resultado particular, non o conxunto dos seus males, non as súas características globais nin o seu fundamento. Podemos aliviala como curandeiros, pero non como médicos. É unha doenza que está fóra da ciencia; a acción dos nosos remedios parálizase por unha serie de fenómenos e de complicacións que a arte non pode previr. E a arte médica, como sabe, é pouca cousa: avanza por indución.

—Pero que berra? —pregunteille.

—Non ten a menor importancia, sofre convulsiones históricas. O fundamento dos seus males é o histerismo, un mal de moda nas mulleres, unha enfermidade depravada que ten a dobre vantaxe de provocar e de xustificar. Esta criatura ten unha irritabilidade portentosa e os nervios abertos —lembro esta expresión: «os nervios abertos»—. A menor contrariedade, a menor impresión abundan para provocar esa catástrofe que hoxe tanto o asustou. Polo demais é algo de todos os días. Foi casualidade que non acontecese antes.

—O seu curmán non parece moi preocupado.

—É natural. Non ten remedio.

—Así que ela sucumbirá pronto?

—Non o creo. O seu organismo está tan feble que non ten forza para producirlle unha doenza mortal.

—Que estraño!

—Temos exemplos todos os días. Cada triunfo é o resultado dunha loita, e precísanse os elementos axeitados para loitar. Nun corpo coma ese non hai loita; todos eses males se paralizan. Os fortes e os robustos xogan sempre unha partida bastante seria coa enfermidade; os

débiles, protéxense dela. Cunha saúde coma esa adóitase vivir até os oitenta anos.

—É unha teoría consoladora para os débiles —dixen eu—, pero como puido contraer todos eses males?

—Ninguén o sabe.

—O seu pasado?

—Ignóroo.

—É nova?

—Vinte e cinco anos.

«A idade de Clara!», pensei.

—É fermosa?

O meu amigo sorriu con aire de misterio e levou un dedo aos beizos como para me impoñer silencio.

—Non pensará que é a amante do coronel?

—Non —dixo el.

E sorriu de novo e máis abertamente.

Naquel intre estabamos ao pé da porta da súa casa. Tiñamos que separarnos.

—Non tardará en vela —continuou el—, e así xulgará por vostede mesmo a súa beleza. Necesitará defenderse dela.

E ao que se afastaba repetíume como en broma:

—Teña conta do seu corazón. Non baixe a garda!

A que viña tal advertencia e por que ma expresara daquel modo?

Non chegaba a comprender o verdadeiro significado daquelas palabras.

XIV

Sentía gran curiosidade por coñecer aquela muller.

Á mañá seguinte o coronel díxome:

—A miña curmá necesítao. Tería algún libro de lectura amena, non científico, para ela? Algunha novela?

—Verei se lle podo buscar algunha.

—Esa muller devora os libros coma a couza. Le como nós fumamos. Eu non sei que recomendarlle, e neste país de tártaros, de peles vermellas non hai nin sequera un gabinete de lectura...

Leveille a *Nouvelle Héloïse* de Rousseau, o *Home singolare* e as *Confessioni alla tomba* de Lafontaine². Este

²Refírese ao célebre novelista alemán August Heinrich Julius Lafontaine (Brunswick, 1758-Halle, 1831), descendente de franceses e autor dunha ampla obra composta por novelas sentimentais. Procedente dunha familia de hugonotes protestantes franceses obrigados a emigrar pola revogación do Edicto de Nantes durante o reinado de Luís XIX, e fillo dun pintor, August Lafontaine renunciou ao estado eclesiástico que pretendían impoñerlle os seus pais para se dedicar á instrución. Traballou boa parte da súa vida na Universidade de Halle, onde residiu até a súa morte. Escribiu preto de douscentos libros que axiña lle deron sona alén do Rhin e o converteron nun dos máis fecundos e lidos novelistas alemáns. As súas obras contaron con traducións ao francés e se cadra tamén ao italiano, en vista de que Tarchetti as cita nesa lingua. Así por exemplo, unha das máis coñecidas, *Carl Engelmanns Tagebuch* (1800), pertencente á serie *Familiengeschichten* (1797-1804) —que James Stanier Clarke lle suxeriu a Jane Austen para que a considerase un posible modelo dunha futura novela e que a autora utilizou ao cabo para elaborar o seu *Plan of a Novel according to Hints from Various Quarters* de 1816—, foi traducida ao

último devolveumo deseguida, manifestando o seu espanto polo título. Pouco despois tamén me devolveu os outros. Na *Nouvelle Héloïse* atopei moitas pasaxes anotadas á marxe con lapis, e unha tira de papel colocada como sinal sobre a que estaba escrito por unha parte *Sursum* e pola outra *Excelsior*.

As pasaxes sinaladas revelaban, de acordo coa natureza íntima dos seus padecementos, unha intelixencia firme, fina, perspicaz. Aquela muller tiña enxeño. Debía ser moi desgraciada, xa que era quen de recoñecer a infelicidade. Os infelices ignorantes gozan da súa propia beatitude, fronte aos sabiamente infelices. Era natural que aínda sentise máis vivas ganas de coñecela.

En toda a miña vida –fose casualidade, fose atracción– sempre estiven rodeado de desventurados; no horizonte da miña xuventude os meus ollos nunca bateron con outro espectáculo ca o da miseria desoladora. Eu mesmo só me alimentei dos seus froitos máis amargos, e a miúdo tiveron que devorar-me o corazón porque nin sequera tiña eses; e nunca souben rebelarme a ese sentimento de simpatía irresistible por todos os infelices que a natureza me puxo na alma.

En cada malfadado atopei unha boa persoa; en cada próspero, un perverso. Nesa dor inmerecida de tantos homes sempre vin o segredo da predilección por parte da Providencia, uns misteriosos fíos que saían fóra da vida e se perdían na eternidade do ignoto. Todos o viron, todos o sentiron. Se hai algo alén da vida, é para os

francés pola novelista Isabelle de Montolieu en 1802, e *Moralische Erzählungen* [Costumes burgueses] (1794-1802), por Breton en 1813 co título de *Mœurs bourgeoises*. Con todo, só conseguimos atopar o título orixinal da primeira das novelas citadas por Tarchetti: *Der Sonderling* (1799).

infelices. Ben o dixo Cristo: «Benaventurados os que choran porque serán consolados».

XV

O meu desexo cumpriuse: ao cabo coñecín a Fosca.

Unha mañá cheguei con tempo á casa do coronel (comiamos todos xuntos asemade, pero para a comida chegabamos a distintas horas, por separado) e atopeime a soas con ela.

Deus! Como expresar con palabras a horrenda fealdade daquela muller! Así como hai belezas das que resulta imposible dar unha idea, hai fealdades que escapan de calquera manifestación, e desta clase era a súa. Non é que fose fea polos defectos da natureza nin por desharmonía nas faccións —que en parte eran regulares—, senón por unha delgadeza excesiva, case diría que inconcibible para quen non a vise; pola desfeita que a dor física e as enfermidades causaran na súa persoa, aínda tan nova. Un lixeiro esforzo de imaxinación podía permitir entrever o seu esqueleto; os pómulos e os ósos das tempas lucían unhas espantosas protuberancias; a exigüidade do seu pescozo formaba un vivo contraste co tamaño da súa cabeza, na cal, un rico volume de cabelos negros, fortes, longuísimos, como non os vira nunca en ningunha outra muller, aumentaba aínda máis a desproporción. Toda a súa vida estaba nos ollos, moi negros, grandes, amortuados, ollos dunha sorprendente beleza. Era imposible pensar que fose guapa nalgún momento do pasado, pero

era evidente que a súa fealdade respondía en gran medida aos efectos da enfermidade e que de rapaza quizais fose agradable. A súa figura era esvelta e proporcionada; aínda había algo dese garbo, deses graza, deses elegancia que posúen as mulleres de sentimento e de orixe distinguida. As súas maneiras eran tan naturalmente doces, tan espontaneamente cortesés, que parecían un don natural nela máis ca froito dunha educación. Vestía coa máxima elegancia e, vista dende lonxe, mesmo podía levar a engano. Todo o horror residía no seu rostro.

Con certeza, ela era consciente da súa fealdade e sabía que podía defender a súa reputación de calquera calunnia posible; ademais, tiña demasiado enxeño para disimulalo e para non renunciar a eses artificios, a esas simulacións, a ese recato convencional ao que se aplican de ordinario todas as mulleres en presenza dun home.

Presentárame eu mesmo ao entrar. Cando sentei á mesa, ela ocupou o sitio ao meu carón e díxome con dozura:

—Vin que estaba só e permitinme facerlle compañía. Desexaba coñecelo e agradecerlle persoalmente os libros que me enviou. O meu curmán faloume de vostede, e gustaríame coñecelo antes. Pero que lle vou facer? Sempre estou tan enferma!

Sorprendeume a suavidade da súa voz máis aínda ca a súa fealdade.

—Agora parece curada —respondín eu.

—Curada! —exclamou ela sorrindo—. Coido que non. A enfermidade é un estado habitual en min, coma en vostede a saúde. Díxenlle que estaba enferma? Iso é abusar das palabras. Sempre o fago. Para estalo, tería

que saír da normalidade dese estado, ter un intervalo de saúde. Quixen quedar varios días encerrada no meu cuarto, iso é todo; tiña as miñas razóns. Pasei un período de fonda melancolía.

Vendo que a conversa ameazaba tan pronto con entrar no campo das confidencias, abstívenme de responderlle.

—Sabe que me entusiasinou a novela de Rousseau? —proseguiu tras un instante de silencio e cun ton diferente na voz—. Coñecía o argumento e algúns resumos, pero nunca a lera.

—Non tiña présa que ma devolvese. É un libro que require meditación.

—É certo, se meditar non fose perigoso.

—A min paréceme útil.

—Si, é certo. Quería dicir perigoso para a nosa paz, para as mulleres, para... min. Hai lecturas que me fan mal.

—Non sei se sabe —dixen coa intención de volver ás xeneralidades— que Rousseau, tan virtuoso nos seus libros, meteu os seus cinco fillos no hospicio de París.

Ela finxiu non entender aquel artificio, abaneou a cabeza coma se quixese dicir: «Unha cousa é o home e outra as súas obras», e seguiu:

—Creo que meditar sobre os libros e relelos é algo sumamente inútil e nocivo, a non ser que se lese un só en toda a vida e este fose capaz de instalar en nós rectos principios e de fortalecernos. Libros educativos non podería haber máis ca un, pois, a pesar da contradición, cada home ten ideas contrapostas ou cando menos diversas. Ler moitos libros, pensar neles, non ten outro

efecto que facer que dubidemos das nosas ideas e pensamentos. Xa non se sabe que crer, e con frecuencia un acaba por non crer en nada. Estou convencida de que cada libro que non divirte, erra no seu propósito; cada libro que fai pensar, prexudica. O obxectivo do traballo literario debería ser a fantasía, non a cabeza, que enferma; nin o corazón, que sangra, senón a imaxinación, que se exalta e goza. Nunca experimentou a ebriedade da imaxinación?

—Algúns veces. Pero, coida que os seus praceres son inocentes?

—Ou non hai inocencia ou son inocentes. Creio que podemos non cometer unha culpa pero non podemos non imaxinala. Non hai acción sen idea de acción; habería que quitarlle o mérito a facer ou non facer. As perversións da imaxinación son naturais, espontáneas, case diría obrigatorias; conforman o valor moral das nosas accións.

—Estas teorías teñen tanto de especioso coma de pouco verdadeiro —dixen eu—, pero, se non me engano, o seu curmán acusouna ante min de abusar da lectura.

—Petisco nos libros —respondeume ela con certa melancolía— como petiscaría na vida se esta fose para min. Unha vez lin sobre unha flor que ten espallado polo vértice do cáliz un pole doce e saudable, e no fondo un pole amargo e venenoso. As bolboretas que paran nela demasiado, morren; así son todas as cousas, así é a vida. Non leo para aprender nin para pensar —aborrezo os libros de moral e de metafísica—; leo para esquecer, para coñecer que gozos lles dispensa o mundo aos felices e para gozar deles unha chisca. É todo o que podo

degustar da existencia; escapar da realidade, esquecer moito, soñar moito. Entenderá a necesidade que sinto de atermo a este sistema, non ten máis que verme —engadiu con expresión de triste ironía.

—¿Por que? —respondín eu confuso e conmovido por aquelas palabras—. Se está enferma, sandará. A vida ten dozuras para todos, algunhas tan íntimas que nin os homes nin as desgrazas nolas poden arrebatarse, coma o pracer de axudar.

—Axudar! —interrompeu ela—. Xa probei. Guindeilles as miñas alfaías e os meus vestidos de seda a unha recovaxe de infelices que me magoaban o corazón co espectáculo da súa miseria. É doce, pero non abonda. A existencia non pode ser sempre un sacrificio. A piedade só é amor pasivo, amor morto.

—Pero é un aspecto do amor —dixen eu—. Non podemos consideralo un afecto solitario se vai recompensado coa gratitude.

—Creo máis na gratitude do amor que na do beneficio —contestou.

Eu calei. Reinou un instante de silencio. Durante un tempo —ben porque quería vingarse das miñas tentativas de desviar a conversa daquel tema, ben porque me vía apaixonado, ben porque se sentía de verdade desamparada— prorrrompeu nunha sonora gargallada, e dixo:

—Que tola estou! A que despropósito me deixei arrastrar! Comprendo que comigo se pode camiñar impunemente por esta pendente esvaradía, pero, aínda así... Hai moito que chegou aquí? Visitou a cidade? Gústalle?

—Hai uns días... Vagabundeei algo polas rúas. Comparto a opinión do seu curmán...

—Un país de Berbería?

—E de peles vermellas!

Ambos sorrimos, creo que por cortesía.

—Estivo no xardín?

—Unha vez.

—E no castelo?

—Hai un castelo?

—Diantre! Viu a vila cos ollos pechados. Pedinlle ao meu curmán que me levase esta tarde. Se quixese facernos o honor de acompañarnos...

—Con moito gusto, agradézollo —dicía a máis solemne mentira do mundo—. Dende que deixei Milán, vivín no máis rigoroso illamento, teño medo de enfermarme de solipsismo, pero, como saír deste lugar? O campo é unha breixeira, un páramo. Non hai unha sombra, aínda non vin un xardín nin unha flor, eu, que adoro as flores tanto como as mulleres. Ben é certo que estamos en agosto...

Fosca ergueuse sen dicir nada, entrou no cuarto do lado e regresou pouco despois traendo na man un ramallete de flores que me ofreceu sen falar.

Aquel acto sorprendeume e turboume no máis fondo da alma. Expresara a súa oferta tan oportunamente e con tanta delicadeza que me admirou. Se cadra apercibiuse da miña turbación e apresurouse a dicir, como para librar-me do embarazo:

—A min tamén me gustan moito as flores, e se estivese sa praceríame cultivalas, aínda que hai varias que me fan mal e que me producen terribles xaquecas cos

seus recendos. A sociedade das flores tamén resulta ás veces perigosa.

E percibindo que me levantara e collera o meu chapéu para marchar, engadiu achegándose a unha fiestra que estaba aberta:

—Mire, alí, na casa de en fronte, temos un magnífico invernadoiro con petunias, unha colección de gardenias...

Entrementres, achegarémonos á balaustrada. Naquel momento pasaba pola rúa, xusto por diante de nós, un cortexo fúnebre.

Ela viuno, palideceu, retrocedeu, botou as mans á cabeza, emitiu un berro terrible e caeu desmaiada ao chan.

As súas doncelas acudiron e levárona aos seus apouentos no medio de violentas convulsións.

Saín daquela casa atordado.

XVI

Coidaba que este acontecemento lle impediría saír da casa e alegreime, xa que recibira carta de Clara ese mesmo día e sentía a alma chea dela. Arelaba visitar ese xardín pero eu só. Precisaba pensar, recordar e fantasiar a doután. Naquel momento, mesmo a compañía de Clara me resultaría menos agradable ca a súa lembranza. Noutras ocasións, en Milán, buscara escusas para me separar dela co propósito de quedar na casa e pensar libremente. O amor ten decote necesidade de se repregar sobre si.

Porén, aquel día Fosca sentou á mesa cabo de min e, malia parecer que sufría en extremo, amañouse para estar leda e avivecer a conversa con mil argucias enxeñosas cada vez que aparentaba languidecer.

O seu talento non era superficial, a súa intelixencia era ben máis fonda do que adoita ser nas mulleres: tiña dotes, e as súas maneiras eran especialmente distinguidas. Con todo, eu non daba adiviñado se o disimulo de tales virtudes, o finximento de non facelas notar, era en realidade inconsciencia ou artificio.

Sáímos como acordáramos. O coronel atopou polo camiño un amigo e acompañouno, pero antes díxome:

—Compórtese coma un cabaleiro. As pernas da miña curmá non son moi firmes. Déalle o brazo.

Así que quedei só con ela.

Des que deixara a Clara non agarrara do brazo unha muller, e tamén había varios anos que, agás con ela, non mantivera este tipo de contacto con ningunha. Camiñamos un bocado sen dar unha fala. Fosca era bastante melancólica.

—Esta mañá talvez o asustei —díxome con dozura—. Marchei afixida por vostede, moito, pero quen podía prever o que pasou? Que triste sorpresa! Non teño medo á morte, xúrolllo, aínda que sei que non hei vivir moito, pero si de todo o que a acompaña e acontece despois: verse pechado entre catro táboas, sentir caer a terra enriba, desfacerse... Todo iso é demasiado horrible! Se se puidese morrer de improviso, na plenitude da mocidade e da saúde, se a morte fose unha aniquilación instantánea, imploraríaa dende arestora coma unha beizón!

—Pero tales pensamentos fanlle mal —respondín—. Que sentido ten pensar nesas cousas? Non vexo na súa saúde motivo de tanta aprehensión —e aínda que sabía que mentía, engadín—: Recoñezo que me contristou, pero non me asustou porque sabía que non había perigo ningún.

—Xa lle falaran disto?

—Si.

—E xa me escoitara antes?

—Si.

—Non obstante...

Interrompeuse e calou.

Continuamos camiñando en silencio. Eu estaba concentrado no egoísmo do meu amor. Cismaba en Clara,

non podía afastala do meu pensamento. Ter unha muller ao meu lado, unha muller vestida con elegancia, que pousaba o seu brazo no meu –un brazo fino, delgado, lixeiro–, que me rozaba coa cola do seu vestido, e pasear con ela por un lugar solitario, baixo as árbores, duplicaba as miñas ilusións. Non só acontecía que ignoraba a Fosca, senón que a miña mente se valía dela como dunha guía na busca angustiada do recordo de Clara. Que aquela muller fose fea, horriblemente fea, non me acordaba. Era quen de enganarme e de esquecerlo.

Había sobre todo un aspecto que contribuía a fincarme na miña ilusión, unha especie de delicado perfume, tenro, voluptuoso, que emanaba da súa persoa e que sentira sempre preto de Clara. Os vestidos de seda quentes polo sol exhalan a miúdo esa fragancia electrizante. Aqueles que pasearon en días estivais cunha amante sábeno; non pasarán nunca preto dunha muller vestida de seda sen sentir ese perfume e sen lembrar aqueles días.

Amais, as mulleres posúen un aroma propio; non sei como a ciencia non advertiu este fenómeno que non escapa ao amor; todo o que tocan está perfumado, todos os lugares polos que pasan reteñen algo do seu recendo. Non tiña recordos da miña nai, á que perdín cando neno, pero lembrábame dela sempre que bicaba un pano que me quedou dela, e que aínda agora, decorridos tantos anos, retén as reliquias do seu perfume de santa.

Era demasiado tarde para visitar o castelo, así que entramos no xardín.

Nunca antes daquel día contemplara un lugar tan encantador, tan ateigado de maxestosa fealdade. Nas

miñas primeiras excursións só visitara algunhas partes. Non había céspede nin flores, senón espaleiras xigantescas de carpes, avenidas amplas e longuísimas flanqueadas por seculares castiñeiros de indias e grupos de umeiros decrépitos pola vellez caídos uns sobre outros. No medio había un lago extensísimo, cuxas augas, corrompidas polo estancamento e polas follas empapadas no seu interior, carecían de transparencia. Cadora e cando o vento facía caer das árbores as pólas secas, quebrantadas polos remuíños, e estas, de tan densas e inmóbiles que eran, apenas levantaban ondas. Pequenos regueiros de auga esvaraban no medio das follas dos nenúfares. Por todas partes había estatuas mutiladas e denegridas pola chuva, cubertas de mofo e de herbas acedeiras; cipos e baseamentos de columnas sepultadas no medio das hedras; restos de acuedutos entre cuxas fendas crecían ranúnculos e fentos. A un lado quedaban as ruínas dun templo pagán, sobre cuxo cumio enraizara unha oliveira, e había gordas lagartas nas gretas dos muros derrubados. A humidade e a sombra eran tan constantes que en pleno agosto floreaban as violetas, e había tantas que o chan parecía cuberto por unha alfombra azul, só que non tiñan perfume. Non se sentía máis ca o canto dunha soa especie de paxaros: certas estreliñas do norte do tamaño dunha bolboreta –non se oía ningún outro paxaro cantar, nin vin outra clase todas as veces que fun pasear alí. O seu canto era un chirlo queixoso e cheo de melancolía. Os paxaros máis pequenos daquela terra vivían nas árbores meirandes.

Achegábase o luscofusco e o sol espallaba horizontalmente algúns raios. As copas das árbores eran tan

grandes e tiñan as pólas tan entrelazadas, que absorbían e arrastraban case toda a luz, coma se estivésemos baixo un baldaquino de impenetrable verdor. Os efectos do sol eran maravillosos. A miña alma abraíaba con aquel espectáculo. Se Clara estivese comigo...! As últimas palabras que me dixerá Fosca resoaban aínda nos meus oídos coma un eco; aínda conservaba no corazón algo da sensación que recibira.

—Como! —exclamei de improviso, case para responderme a min mesmo e ás súas dúbidas desconsoladas—. Como se pode pensar en morrer cando todo o que nos arrodea está tan cheo de vida e é tan fermoso, cando hai tantos fragmentos de existencia diante de nós? Mire estas árbores, estas alfombras de violetas, este horizonte... Non lle parece que as sensacións de existir, de ver, sentir, tocar, moverse e respirar neste lugar xa fan atractiva a vida?

—Por que non engadiu pensar?

—Os pensamentos que nacen da contemplación da natureza só poden ser serenos.

—Non coñece todos os abismos do pensamento.

—Se cadra...

—Nin as súas torturas.

—Esas si, pero tamén coñezo as súas dozuras.

—Eu nunca as coñecín.

—Creo que é inxusta. Estou convencido que non existen nin a infelicidade nin a felicidade absolutas. A herdanza dos bens e dos males que nos legou a natureza pode superar ou carecer da medida destes ou daqueles, pero ningún home ten máis ca unha parte, pequena ou grande. Non hai existencia tan mísera que non fose

alegrada un instante por un lampo de fugaz felicidade... Pouco antes falábame do pracer da imaxinación.

—Imaxinar é outra cousa, enganarse, non ter conciencia e sentimento dun ben real. Houbo un tempo no que aceptaría calquera miseria, calquera ansia, coa condición de soñar todas as noites, de soñar sempre, de non vivir máis ca esta vida de ilusión. Daquela aínda non estaba enferma. As miñas doenzas satisfíxéronme ese desexo; a miña enfermidade prodúceme cada noite sonhos convulsos, períodos de somnolencia febril nos que desfilan ante min todas as escenas, todas as visións, todas as complicacións posibles deste mundo exterminado dos sonhos. Agora ben, créame se lle digo que non teño alegría ningunha; pola contra, desgústame, prodúcenme tedio. Vivimos nun mundo real, debemos aferrarnos ao real, ao concreto.

—O mundo real sempre é inferior ao ideal.

—Non importa. Quen non prefire á imaxe dun ben desmesurado a posesión dun, aínda que sexa mínimo?

—Todo iso é relativo —dixen eu—. As facetas e as orixes da felicidade son múltiples; hai quen se considera afortunado dunha maneira, hai quen doutra. A meirande parte dos homes son felices de maneiras opostas ou moi diversas. Non existe máis ca un medio común, fácil e seguro de ser felices.

—Cal?

—Amar.

Ela calou e sentín o peso do seu brazo con maior abandono sobre o meu.

—Amar! —repetiu ela tras uns instantes—. Que pretende dicir? Explíquese.

—Pensei que utilizaba unha palabra bastante sinxela. Se non entende o seu valor, as miñas explicacións non terán froito ningún.

Ela esbozou un sorriso e continuou:

—Pretende excluír as pequenas simpatías, as amizades, os afectos domésticos? Amar é unha palabra bastante xenérica.

—Bastante exclusiva para a súa idade. Non exclúo os afectos que vostede cita, pero só os considero un matiz, un sobranse, coma o marco do cadro. Pode que estea enganado, pero son de natureza contraria. Ao dicir amor, entendo amor —e segúin co pensamento posto en Clara—: entendo o amor que sentimos á nosa idade, nós, novos, ardentes, imaxinativos; ese amor que é superior a todo, que o desafía todo, que o é todo; esa plena unión de dúas almas que fai vivir a mesma vida, pensar os mesmos pensamentos, ter as mesmas cousas, arelar os mesmos desexos; ese período de cegueira e de ebriedade no que todo é fermoso, nobre e puro, todo é feliz, xa que o amor non é máis ca unha gran cegueira e unha grande ebriedade!

—Ah, si! —exclamou ela con melancolía e coma se falase para si mesma—. Iso é o amor!

—Cre que a vida tería algún atractivo baleira dese sentimento que a ocupa por completo, na infancia co desexo, na mocidade coa fruición, na vellez co recordo? —continúei sen me decatarse do dano que lle facían as miñas palabras—. Cre que este mundo nos parecería tan belo e bo se non tivese esta luz e este recendo? Que este mesmo lugar onde estamos agora me parecería tan encantador se non o vise a través deste prisma cegador?

—É vostede... —exclamou ela—, é vostede quen o ve!
E detívose de novo con anguria.

Chegaramos naquel punto ao medio dun cruzamento no que había un monumento de mármore. Nun dos seus lados, que permanecía intacto, estaban escritos con lapis moitos nomes que o tempo borrara en parte. Só dúas liñas semellaban recentes e rezaban: «22 de agosto de 1863. Giulio e Teresa. Amantes e felices esposos».

Mentres Fosca mos sinalaba co dedo, sentía o seu corpo pesar sobre o meu con abandono. Non era por mor da voluptuosidade senón da prostración, dun abatemento súbito. En canto a min, aquelas palabras impresionáronme no máis íntimo; a miña situación era tal que sentía con viveza aquel reclamo: «amantes e esposos». Clara e mais eu só eramos amantes; nunca seríamos esposos. Até o noso amor era unha culpa, unha violación daquela lexítima felicidade da que gozaban aqueles dous descoñecidos. Eles estiveran alí só catro días antes ca nós —estabamos a 26 de agosto, acórdoo ben—, e que felices debían de sentirse! Correr por aquelas avenidas, agochase detrás das árbores, chamarse, perseguirse, sentar sobre aquelas violetas ou ben pasear collidos do brazo, moi preto, coas cabezas tocándose, coas mans entrelazadas..., e falar de cousas tristes, falar por exemplo de enfermar, de morrer... «Primeiro eu; non, primeiro eu... Xuntos...». E víñame á cabeza que catro días antes estivera un día apracible, tranquilo, fresco, sereno, e o sol debía estar no crepúsculo, coma entón, nun verdadeiro océano de raios ardentes, e aquel lugar debía de presentarse fermoso, severo, igual de encantador ca naquel momento.

A imaxe daquela felicidade perturbárame na plenitude da miña confianza. Non envexaba aquelas dúas criaturas, pero lacerábame pensar que había no mundo seres máis felices ca min.

Sufrín una reacción instantánea nas miñas ideas; recupereime de repente daquela especie de alucinación que me dominara até entón, pensei no discurso que lle dirixira a Fosca, e arrepentinme.

Cavilaba sobre a maneira de dicirlllo da maneira máis oportuna, cando alcanzamos o seu curmán, que discutía acaloradamente co seu amigo sobre unha cuestión de estratexia. Ela díxolle:

—Síntome mal, regresemos á casa.

O coronel virouse sen responderlle, pois estaba moi acendido pola discusión.

—Séntese mal? —pregunteille con dozura—. Meu Deus! Talvez as miñas palabras... A insensata charla que mantiñamos...

—É vostede moi cruel —dixo ela.

E pareceu que non era quen de continuar.

—Cruel! —exclamei—. Por que? Non a comprendo.

—Non sabe canto me fixo sufrir. Ou é incrivelmente inxenuo ou incrivelmente malvado. Falarme de amor, de felicidade, falarme dese xeito... —e baixou o veo do sombreiro, non sei se para agochar a súa emoción ou para ocultarme a súa fealdade nun momento no que se dispuña a triunfar sobre a miña piedade—. Non comprende canto me magoan as súas palabras?

—Perdoe —dixen conmovido—. Xúrolle que estaba lonxe de sospeitalo; non é raro en min que fale sen consideración...

E gustárame engadir: «Aínda que vostede me provocou», pero abstívenme.

—Escoite —dixo ela buscando a miña man coa súa que pousara en min, unha man magra, longa, sen coidar, e apertándoa a intervalos convulsos, aclarou—: Algún día fareille confidencias, contareille a miña vida; permitíramo, non si? Preciso da súa compaixón. Ten unha expresión tan doce e boa... Confesareillo: dende o principio souben que viñera á nosa casa, vía decotío e non saía da miña estancia porque tiña vergonza e temía contrarialo. Como son tan fea! O meu curmán non é malo, quéreme ben, pero non me comprende. Os demais son xente groseira, bos pero insolentes. Son soldados! Só vostede pode comprenderme, soportarme sen me humillar, compadecerme. Porque non hai ningún entre eles que non me respecte, é certo, pero en segredo rinse de min, estou segura, síntoo. Din que son molesta, voluble, irónica, e mesmo detestable. Son eles, é o mundo o que me fixo ser así, xa me coñecerá. Necesito ser coñecida, comprendida. Non pode imaxinar o ignorantes e superficiais que son eses homes sobre a ciencia do corazón humano. Rinse del malia afirmaren saber tantas cousas e finxiren coñecer o mundo tan ben. Engánanse porque se coñecen entre eles, e coñécense porque son todos iguais! Vostede é diferente; abondoume velo para sabelo. Non reclamo a súa protección nin tolerancia. Teño tantas cousas no corazón que me fan dano porque non as podo contar, e xa ve, estou enferma, son fea, tan fea, teña compaixón de min... Esa compaixón cariñosa, xenerosa, sincera que nunca atopei, nunca, e que tanto preciso. Non me negue a súa piedade, dígamo, non ma negue!

—Boa criatura! —exclamei fondamente conmovido—. Si, terá toda a miña amizade, toda a miña confianza. Eu tamén teño moitas cousas que dicirlle, aledarame ter unha amiga...

E sentindo apuro por continuar, apertei calorosamente a man que pousara sobre a miña.

—A súa man está ardendo.

—Teño febre, coma sempre. Escoite —seguiu tras uns instantes—, preciso xustificarme con vostede, sinto que teño o dereito e o deber. Se hoxe mesmo, o primeiro día que o vexo, ousei manter con vostede unha charla que ningunha outra muller tería, e pretendín case provocalo, fíxeno porque a miña fealdade me protexe contra todos os perigos dunha discusión similar, e tamén contra a sospeita de entregarme a un propósito censurable. A miña deformidade ten polo menos esta vantaxe. Agora —proseguiu Fosca vendo que estabamos a poucos pasos da súa casa— ten que prometer que me perdoará a primeira culpa que cometín con vostede.

—Cal? Que culpa?

—Prométao antes.

—Con toda a alma.

—Facer que saíse comigo. É unha ferida que lle causei ao seu amor propio, e sei canto lle desagradou. Non tente facerme crer o contrario.

—Non o farei —díxenlle, empeñado en mentir de novo—, non o farei porque mo prohibe, pero...

Ela fitoume e sorriu con tristura, coma se quixese dicirme: «É certo, por iso non o fará».

Naquel momento chegamos á altura do coronel e do seu amigo, que esperaban na porta.

—Sabería dicirme —preguntoume o coronel co rostro encarnado pola discusión que tivera co seu camarada—, se De-Fauchée foi o inventor das cápsulas fulminantes³, ou foi quen as perfeccionou?

—Foi o seu inventor.

—Seguro?

—Seguro.

—Carafío! —dixo o seu amigo.

—Fantástico! —exclamou o coronel fregando as mans—. Gañei seis botellas de viño da Madeira!

³Refírese ao deseñador e fabricante de armas francés Casimir Lefauchaux (Bonnéttable, 1802-París, 1852), inventor en 1828 dunha hoxe obsoleta cápsula fulminante que leva o seu nome tras patentala en 1835. Deste xeito, Lefauchaux propuxo unha das primeiras armas de retrocarga realmente prácticas.

XVII

Marchei para a miña residencia agoniado; estaba moi desgustado comigo mesmo e sentía que tiña o deber de axuizar severamente a miña conduta. O resultado daquel exame só me irou máis; actuara coma un cativo, coma un colexial. Fosca tivera motivos para se aproveitar da miña simpleza; limitárase a ceder ás miñas provocacións. Se me comportara así con ela, malia renegar do seu afecto, como o faría cunha muller atractiva, cuxo amor afagaría a miña vaidade? Que culpable me sentía con respecto a Clara! Como me humillaba a miña debilidade!

Outro pensamento torturaba a miña alma. Aquela muller era realmente boa, realmente inxenua? Ou non era máis ca un ser ransoño, astuto, corrupto? Quixera abusar da miña simpleza, sorprendeme, levarme ao amor polo camiño da compaixón, ou as súas intencións eran puras e a miña simpleza estimuláraa a requirir a miña amizade, só a amizade? Era desgraciada, e bastante: as súas miserias debían de ser infinitas; non era estraño que desexase unha alma á que entregarse, que a desexase con tal intensidade e que invocase a piedade con tal entrega.

Alén disto, Fosca non era unha muller común. Era bastante culta e posuía unha vasta intelixencia; a enfer-

midade e a súa fealdade eran circunstancias que contribuían á súa excepcionalidade. As súas paixóns, os seus sentimentos, as súas ideas tamén debían de ser portentosas, e era talvez baixo esta luz como debía xulgala. Así a todo, ese abrir de socato a súa alma, esa entrega a min o primeiro día que me vía, ese requirimento desesperado da miña amizade...

Desconfiaba da amizade dunha muller, e doíame abondo aceptar a dela. Sabía que endexamais podemos subtraernos aos instintos, e que entre un home e unha muller novos, que desexan violentar a natureza amándose dende a amizade, só pode existir un afecto manco, artificial, violento, sempre ridículo porque non conduce máis ca a un amor nu de calquera ilusión e atractivo. A amizade manifestounos toda a indiscreción da súa intimidade, espiunos de todos os veos; é imposible ser verdadeiros amigos nin amantes verdadeiros; e así é como a natureza se vinga da aldraxe que recibiu.

Daríame un ano da miña vida para evitar aquela promesa, para infrinxir aquel vínculo. Se aquilo non acontecese!

Prevíame que aquela muller se interpuxera na miña felicidade, que se cruzara no meu futuro. Non daba imaxinado os motivos deste temor, pero dicíame o corazón, e o meu corazón nunca me enganara.

Aquela noite tratei de tomar unha decisión rápida e eficaz: escapar dela, ser cruel. Pero, meu Deus! Como ía ser cruel? Toda a miña vida fora inxenuo, afectuoso e bo!

XVIII

Así a todo, existía unha maneira de volver imposible calquera outra relación e de destruír o que xa acordáramos: evitar estar a soas con ela. Escapar dela era unha loucura; podería, pero non debía facelo, pois tal extremo era inoportuno e ela non o merecía, e ademais o seu curmán insistiría en saber as causas.

Ela podería ler na miña alma o arrepentimento que sentía por aquela primeira concesión, así como a miña decisión de esquecerla; a miña conduta abundaría para logralo e o seu orgullo non lle permitiría pedirme explicacións.

Durante uns días conseguín evitar que estivésemos sós, feito que me custou non poucas fatigas, porque ela, pola súa parte, puña en práctica calquera estrataxema posible para obter o contrario. Acaso adiviñara as miñas intencións? Na aparencia, non. Quizais finxía, xa que en tal caso o seu amor propio lle debería impoñer a mesma severidade de conduta diante de min. Xa non estaba enferma e non deixaba pasar unha soa ocasión de verme.

Á mañá seguinte daquel paseo, os comensais atoparan cadansúa flor sobre o cuberto; sobra dicir que a miña era a máis fermosa. Todas as atencións e preferencias posibles eran para min. Sabía poñer tanta arte

en disimular esta predilección que ninguén se decataba, pero a min non me pasaba desapercibida. Conmovíame, pero doíame amargamente.

Ao principio coidaba que toleraba a miña apatía con indiferenza; logo apercibínme de que comezaba a poñerse melancólica e sufría.

Unha tarde que estabamos sentados un ao lado do outro —fose casualidade ou non—, arrimou tanto o seu brazo ao meu que chegou a tocalo e a apertalo. Eu recuei unha miga, pero abondou este acto para provocarlle unha crise nerviosa das máis violentas.

Que podía facer eu? Sentía piedade por ela, vía o seu corazón e sufría; pero o egoísmo do meu amor, a miña felicidade, a natureza mesma, acalaban en min aquel sentimento. Mostrábame máis firme ca nunca no meu plan de rexeitar aquel afecto.

Unha tarde o coronel díxome:

—Mañá sairemos xuntos en carruaxe. Coñecerá unha parella de cabalos que aínda non viu. Iremos ao castelo.

—Con moito gusto.

Ao día seguinte quedei penosamente sorprendido ao ver que Fosca aparecía para nos acompañar. Só estabamos nós os tres, e esperabamos que nos anunciasen que o coche estaba listo. Ante o atraso dos criados no seu labor, o coronel enfadouse e baixou el mesmo á corte. Ficamos sós, de pé, un fronte ao outro. Ningún se atrevía a romper aquel angustioso silencio.

Pasado un tempo, Fosca agarrou con desespero as miñas mans, que eu tiña xuntas sobre o peito, e agochou nelas o seu rostro exclamando con voz suplicante:

—Oh, Giorgio! Oh, Giorgio!

Finxín asombro e incompreensión.

—Que ten? —pregunteille con frialdade—. Séntese mal, talvez? Que ocorre?

—Ah! —gritou ela rexeitando as miñas mans con violencia e mirándome con expresión de afectuoso rancor. E prorrompendo en bágoas marchou para o seu dormitorio.

O seu curmán ficou atónito por este incidente.

—Que tes? Que pasa?

—Nada, unha xaqueca repentina, insufrible. Estou mala, non vou saír, estou desesperada. Quero morrer, morrer!

—Morrer! Estás tola! —exclamou o coronel.

E achegándose a min, que quedara inmóbil na entrada, díxome:

—Teña paciencia, querido, xa ve que a miña curmá está mal. Non teño corazón para deixala soa, xa iremos outro día visitar o castelo.

XIX

Aquela situación non podía durar. Ao día seguinte, mentres estabamos na mesa, díxenlle ao seu curmán:

—Recibín novas de Milán que fan indispensable unha visita á cidade. Agradeceríalle que me concedese un permiso de tres días.

—De acordo —respondeu o coronel—. Se mo pedise na oficina, diríalle que non, pero na mesa! Como negar-llo! Coñece a miña debilidade e aprotéitase dela. Conta con partir mañá? E en que coche?

—No das catro.

—Terá que comer antes.

—Non fai falla, comerei na pousada.

—Arre demo! —exclamou o coronel—. Por que na pousada? Non vexo a necesidade.

Mandou dispoñer a comida ás tres para min só.

Fixera aquela petición sobre todo para volver abrazar a Clara, pero tamén para ter tempo de pensar nunha decisión máis frutífera, e talvez para que ela me aconsellase. Se vise a maneira de poder abandonar aquela casa, todo acabaría, pero a miña mente non lograba atopar unha escusa razoable para facelo.

Ao día seguinte, como anticipara, atopei a Fosca esperándome no comedor. Mandara que lle levasen unha mesa de ébano e estaba bordando.

Aquela constancia, aquela falta de amor propio que me parecía intuír no seu carácter, aquela teima en quererme impor o seu afecto, fixeron que a vise baixo un aspecto aínda máis triste do que xa ma facía ver a súa fealdade. Sentíame ofendido e desgustado. Se non fose porque naquel instante o pensamento da miña vindeira felicidade me enchía de ledicia e de indulxencia, sería verdadeiramente malvado con ela. Pero, pode un ser malvado cando ama? Se todos os homes amasen, se a existencia fose unha mocidade perenne, a cuestión do ben e do mal estaría resolta, o triunfo da virtude estaría asegurado: non degustaríamos da árbore da vida máis ca os doces froitos do ben.

Non obstante, contívenme con moita frialdade. Fosca non falaba; eu comía en silencio. De cando en vez alzaba os ollos e miraba para ela. Era doado decatarse de que sufría dun xeito horrible e facía esforzos para reprimirse. Vía nela coma se algo estivese a piques de manifestarse, coma unha chama a punto de inflamarse; non estaba moi seguro de poder saír daquela casa sen sufrir as explicacións que tanto temía.

O reloxo deu a hora.

—As tres e media —dixen—. Non teño tempo que perder.

Ela ergueu a mirada e díxome:

—Vai a Milán?

—Si.

—Divertirase?

—Espero.

—Parece moi contento.

—Non teño razón para estar triste.

—Cando volverá?

—Dentro de tres días.

—Acordarase de min?

—Como non! Cando me acorde desta cidade, do seu curmán... tamén me acordarei de vostede...

Ela inclinou a cabeza. Eu levanteime e collín o sombreiro. Fosca fixo ademán de acompañarme.

—Quede, non llo permito —díxenlle.

E estendín a man case para impedi-lo.

Ela apertouna entre as súas con tanta forza que case sentín dor. Pousouna no corazón e oprimiu o peito entre espasmos; logo, antes de que me dese recuperado da sorpresa, soltou a miña man, lanzoume os brazos ao pescozo e cubriume a cara de bicos. A aversión mantívome conxelado e inmóbil.

—Pare —ordeneille, liberándome con dozura daquel abrazo—, pare, por caridade. Vannos ver, pénsese...

—Non, non —interrompeu ela—, que importa que me vexan? Oh, Giorgio! Teña piedade de min! Adóroo.

Tirouse ao chan de maneira desesperada e abrazoume os xeonllos. Tiña os ollos arrasados.

—Desprézame! Ben, tanto ten, con tal de que me sufra, de que me permita velo, declararlle o meu amor, contarlle os meus padecementos, chorar con vostede... Se eu non lle confesase que o amo, vostede non mo diría nunca, ninguén mo diría porque os espanto a todos. Oh, teña compaixón! Ámeme; se ama un can, unha besta, por que non pode amarme a min que son unha criatura coma vostede?

Aínda me lembro desas terribles palabras: «Se ama un can, unha besta...».

—Levántese —supliqueille entón con voz tremente—. As súas palabras azóranme, esgázanme o corazón. Cál-mese, recompóñase. Xa ve que agora teño que marchar deseguida, non podoo dicirlle todo o que me gustaría. O seu afecto conmóveme, a súa simpatía afágame..., de verdade..., pero agora... Escribireille dende Milán, escribireille por extenso, rápido... contareille tantas cousas. Déame un enderezo, un nome...

—O meu nome de solteira?

—Seica ten marido?

—Tíveno.

«Meu Deus!», pensei. E deume un enderezo.

—De verdade que me escribirá? —dixo ela co rostro radiante de alegría—. De verdade? Escribirame? Oh, grazas, grazas!

—Non o dubide, mañá mesmo. Agora quede aquí, está alterada, poderían adiviñar...

Acompañoume até o ástrago, miroume con inefable tenrura, tendeu-me as mans, bicoume o bordo do traxe e volveu repetir:

—Grazas, grazas pola súa piedade! Rezarei por vos-tede. Bendito sexa! Bendito sexa!

Marchei co corazón aflixido.

XX

Que bonitos son os campos que hai de aquí a Milán! Atraveseinos coma nun soño. Cando se viaxa nun coche de cabalos, polo día, vese un pedazo de terra polo arredor, e a nosa vista abrangue en poucas horas extensións inmensas. O home afánase cada vez máis en conquistar a terra.

As chairas da Lombardía son serenas coma o seu ceo, ledas e floridas coma as súas mulleres. Ese ceo está feito á mantenta para eses campos, só está ben alí; con outro solo non harmonizaría. Non sei por que me gustan agora as chairas, a min que nunca me gustaron, a min, que nacín e medrei entre montañas. Pero quen non amaría os lugares onde foi feliz e onde aínda o pode ser? A Lombardía é para Italia o que son as pradarias para América: os Elíseos, os Campos felices.

Pasei seis horas nunha especie de doce arroubo, coa cabeza asomada pola xanela, coa alma perdida na natureza. Unha viaxe en ferrocarril é unha carreira a través da natureza: séntense as mesmas vertices ca ao voar. Des que a ciencia creou este medio de locomoción case se pode dicir que o home ten ás.

Que bela fantasmagoría de árbores, de ríos, de casas, de paisaxes! Como o horizonte parecía xirar ao meu redor, era coma se estivese nun círculo máxico! Vin no alto, moi alto, unha longa fila de grúas apenas visibles. Onde irían? Quen dirixiría a súa carreira? Quen sabe! Onde acabará o curso da miña vida?

Viaxeí con algunhas mozas e con dous vellos que non me quitaban os ollos de enriba. Sen dúbida entendían que en min había algo extraordinario, a expectación dunha gran felicidade. Sentía gana de volverme e de dicirlles: «Señores, saben que son moi feliz?». Pero tiveron piedade da súa vellez!

E aquí estou de novo neste pequeno santuario. Aínda está cheo dela e de todo o seu perfume. Se me trouxesen aquí cos ollos pechos, gritaría de súpeto: «Clara, Clara!», porque sentiría a súa presenza.

Atopei un cabelo seu, e biquei e volví bica a almofada que aínda conservaba a marca da súa cabeza. Cantas arañeiras! Descubrí un cempés na parede. O gato do veciño viu a porta aberta e entrou para acariñar as pernas coa cola; recibino como a un vello amigo. A hedra que gabeaba pola parede de fóra enraizara na persiana e polas fendas botara dentro algunhas ramas cubertas de follas case brancas, porque non tiñan luz. Esa planta, que segue viva, converteuse nun presaxio afagador.

É máis de medianoite: paseo, choro e río. Repito, estendendo os brazos: «Oh, Clara, ven, ven!».

Non podo deitarme: aínda faltan oito horas para mañá.

Abrín as fiestras, o ceo está claro e sereno.
Como escintilan as estrelas! Que silencio! Oh, meu
Deus, que grande es!

Este é un fragmento do que escribín daquela miña
primeira viaxe a Milán, e que agora copio do meu diario.

XXI

Engado aquí a carta que lle dirixín aquela noite a Fosca:

Escríbolle nada máis chegar. É vostede o meu primeiro pensamento, aínda que o máis doloroso. Escríbolle co corazón aflixido. Se o sacrificio de dez anos da miña vida me evitase a dor de enviarlle esta carta, e a vostede a de recibila, xúrolle que aceptaría este remedio con gozo. Procure escoitar con calma o que lle vou dicir.

Non podo amala porque o meu corazón xa non é meu; non podo enganala porque nin son capaz nin vostede o merece. O respecto que sinto por vostede é máis poderoso ca a piedade que me pide, e obrígame a ser sincero. Un engano humillaríaa, humillaríame a min mesmo. Amo perdidamente e son perdidamente amado. Se engadise palabras para describir a miña felicidade, parecería demasiado cruel con vostede. Así a todo, cómpre que teña unha idea da intensidade do meu amor para comprender a necesidade dos meus deberes. Saiba só que o meu amor non ten, coma o seu, límites, nin nomes, nin exemplos; xulgue disto o que lle debo a ela e o que ela me debe a min, o que nos debemos ao noso afecto e a nós mesmos.

Antes de confesarme o seu amor, requiriu a miña amizade; agora que debo rexeitar o segundo vínculo, reclamará aínda os dereitos da primeira oferta? Créame que a pura amizade non é posible entre nós, como non o é nunca entre un home e unha muller novos. Só volvería a nosa situación máis embarazosa, máis equívoca, máis perigosa. Cómpre que nos separemos por completo. Consideremos a nosa relación como un infortunio, tentemos soportala con serenidade e remediala con coraxe.

Vostede tivo marido, díxomo. Polo tanto, sabe o que é un deber; permítame que o cumpra. E ben sabe tamén o que é a felicidade; déixeme que tamén eu probe a ser feliz: nunca o fun!

A razón ofrécelle un modo bastante fácil para aceptar o meu rexeitamento. Supoña que a muller que amo fose vostede, como xulgaría o meu abandono? Unha vileza, unha mesquindade, un delito. Desprezaríame. Agora ben, daríalle o seu amor a un home a quen desprezase? A necesidade da nosa separación é evidente, ademais de inexorable.

Comprenderá que se insistín en ter o seu enderezo e en escribirlle, era co propósito de informala canto antes dos meus sentimentos e evitar unha situación ateigada de perigos. Se a miña promesa creou en vostede ilusións que debín arredar, perdóeme, porque non puiden facer outra cousa.

Escoite –e poño o ceo por testemuña da verdade das miñas palabras–: se o meu corazón fose libre, non a amaría con todo o meu amor, porque creo que a natureza non impuxo leis de simpatía abondo

tenaces entre nós, pero malia iso amaríaa. O seu corazón e o seu talento, así como as súas desgrazas, farían que sentise cariño por vostede. Aceptaría con alegría a encarga de protexela e de consolar a súa existencia con calquera pracer. Agora é demasiado tarde; non son dono de min mesmo. Debo ser cruel para ser xusto, e vostede non pode descoñecelo.

Sabe que debe secundarme nunha empresa tan difícil. Cómpre que eu conserve a miña dignidade; vostede, a súa paz; ela, as súas ilusións. Apelo á súa xenerosidade, ao seu corazón. Non hai mellor medio de sandar do amor que amando. Non debe odiarme, porque non o merezo. O ben chama polo ben: estimándome, garantirá a miña estima e logrará merecela.

Non podo deixar de frecuentar a súa casa, sábeo. A miña ausencia crearía sospeitas perigosas para a súa tranquilidade. Faga que eu non sexa motivo de aflicción, que poida vela con tranquilidade e estreitarlle a man sen temor. Calquera outra relación entre nós é imposible.

Se esta carta lle parece fría, é sinal de que triunfei ao gochar a dor que me magoa o corazón. Un pode ser ingrato con calquera, pero non cunha persoa obxecto de benquerenza, porque é o único beneficio que non nos humilla e que afaga a nosa vaidade. Así pois, pode imaxinar a miña gratitude.

Cando marchei, pronunciou palabras que me fixeron chorar porque revelaban o seu corazón. Permítame que eu o repita agora para vostede: Bendita sexa, bendita sexa!

Saín en persoa despois da medianoite para enviar aquela carta. Sentía que fora moi cruel na miña piedade. Apresurarme tanto a desenganala...! Os sentimentos que expresara naquelas follas eran sinceros, mais naceran máis do meu egoísmo ca da miña paixón.

O que me preocupaba era a miña felicidade, quitar do medio aquel obstáculo que ameazaba as súas dozuras.

Non sei se a felicidade ten o poder de nos volver egoístas ou se o egoísmo é unha condición absoluta da felicidade, pero que diferente me sentía des que era feliz!

XXII

Quixera engadir aquí algunhas páxinas do meu diario nas que lembro a alegría do meu primeiro encontro con Clara. Pero, para que volver a aquela parte do meu pasado? Está fondamente sepultada. E ademais, xa non amo aquelas satisfaccións, ódioas. Son elas as que me enganaron sobre a natureza e os fins da vida. Unha vida chea de dores conservárame pío, severo, inflexible; polo menos enchería de orgullo este corazón que agora está baleiro. En troques, aquelas alegrías escureceron a virtude, porque unha existencia virtuosa non é outra cousa ca unha serie ininterrompida de sacrificios. As dozuras do mundo son expulsadas dunha vida verdadeiramente útil e benéfica. As árbores froiteiras teñen flores modestas e a miúdo inodoras; as grandes flores, aquelas ricas en pétalos e perfumes, adoitan espantar en plantas estériles e velenosas.

A virtude non ten flores, pero ten froitos.

XXIII

A felicidade da que gocei aqueles tres días infundíume —eu, polo común tan tímido— un pouco do atrevemento e da confianza nun mesmo que teñen todos os homes prósperos. Sabía que ao día seguinte da miña chegada non podería evitar estar a soas con Fosca, e enfronteime a isto con coraxe.

Agora non sei dicir en que cambiara, pero entón comprendíao. A palidez e a delgadeza da súa cara eran xa tales que parecían non poder aumentar; non obstante, aquel día impresionáronme máis vivamente ca de costume. Os ollos —o único trazo agradable daquel rostro— estaban arrubiados de chorar e de velar, e un cerco horriblemente lívido parecía agrandar as órbitas. Os beizos, case cianóticos, engadían algo espantoso á súa fisionomía. Polo demais, non había desorde ningunha no seu atavío, que coma sempre era elegante e esmerado. A súa expresión era tranquila e case riseira.

—Recibín a súa carta e agradézolla —díxome con calma. E ofrecéndome a man dereita, engadiu—: Espero que cando menos me estea permitido darlle a man.

—Diantre! Non deixamos de ser amigos, así que...

—Oh —interrompeu sorrindo—, xa esqueceu o que me escribiu: «Créame que a simple amizade non é posible entre nós...».

—Falaba doutra cousa. Eu entendo a amizade no senso convencional da palabra: unha relación que non dá dereito a ningunha intimidade e que se limita a unha relación superficial.

—Neste sentido, vai ben.

—Aceptaré pois sinceramente este tipo de amizade?

—Sinceramente.

—Grazas!

—Sempre que non cambie de opinión da noite para o día e evite estar a soas comigo, como fixo despois da nosa primeira entrevista —continuou ela tras un momento—. Entón tamén me fixo unha promesa parecida a esta.

—Era outra cuestión —dixen eu—. Comprenderá que temía o que sucedeu, e o meu comportamento non tiña outro fin que evitalo.

—Non sabe como me mortifica.

—O que?

—O que sucedeu.

—Por que? Non hai motivo. A súa simpatía hónrame e a súa sensibilidade só adorna o seu corazón.

—Que indulxente é! —dixo ela cun sorriso cheo de ironía.

Estaba desgustado por aquela frialdade. Comprendía que quixese mostrarse indiferente ante o meu rexeitamento, e que o seu amor propio humillado lle daba todo o dereito; con todo, dábame pena vela burlarse daquel afecto que crera tan serio e vehemente.

—Divertiuse en Milán?

—Bastante.

Díxeno con énfase á mantenta.

—Confese que esa muller... a miña rival —continuou marcando estas palabras cun sorriso—, vive en Milán, e que foi vela.

—Era fácil adivíñalo. Non é algo que indique gran perspicacia pola súa parte.

—Son tan inxenua sobre as súas cousas! E volverá?

—Moi pronto.

—Se ten permiso.

—Enténdese.

—Ha, ha! Falarei co meu curmán. Todo dependerá del. Aposto que necesitará da miña intervención.

—Señora! —díxenlle con viveza—. Non comprendo as intencións que a levan a facerme esta oferta e abstéñome de responderlle.

—Rexeitaría incluso a miña mediación?

—Non a cría capaz de ofrecerma!

—Ten celos da miña dignidade! Iso gústame. Pero faría con gusto unha vileza por vostede. Que lle quere? É un capricho. Ama moito esa muller?

—Xa llo dixen, até a loucura.

—É bonita?

—Un anxo.

—É boa?

—Un anxo.

—Por que non casa con ela?

—Ten marido.

—Ah! E tenlle respecto?

—O respecto é unha condición do amor.

—Non é certo, pero tanto ten. Así que o fai moi feliz?

—Tanto que temo morrer.

—Alégrome —dixo ela.

Ambos calamos uns instantes. Ela rompía co dedo o extremo dun pano de gasa que levaba anoado ao pescozo, e fitaba o chan sen capelexar.

—Adoito poñer en todas as miñas accións unha gran franqueza, e éncheme de satisfacción o feito de non ter nunca a debilidade de transixir —díxenlle pasado un momento—. Esta conversa irónica humíllame, este ferirnos reciprocamente non é leal nin honesto, e, sobre todo, é indigno de nós. A nosa situación está agora ben definida. Cómpre que non volvamos máis sobre o tema.

—É o que eu desexaba.

—Alégrame. Espero que non teñamos máis motivo para falar de nós.

—Tamén pode esperar que non nos vexamos máis.

—Sexa —dixen eu vacilando—, será doloroso pero útil.

Ela ergueuse, inclinouse con frialdade e saíu sen mirar para min.

De verdade que non a ía ver máis? Dubidábao.

XXIV

Cando o pensei, sentínome satisfeito con estas explicacións. Cando menos, dábanme dereito a esquecela e liberábanme daquela débeda de piedade que, ao meu ver, contraera con ela. Boa, agradable, sufridora, amaría e compadeceríaa; fría, irónica, desdeñosa, só sentiría por ela indiferenza. O que me preocupaba era a imposibilidade de explicar o cambio e a incoherencia da súa conduta. Por máis que me esforzase, non daba entendido a natureza daquel carácter, non lograba comprendelo ao xeito. Até aquel momento dubidara entre a admiración e o desprezo –os extremos da súa conduta esixían apreciacións contrarias–; despois daquela charla fría, cáustica, artificiosa, xa non sentía a necesidade de xulgala: érame completamente indiferente.

Por iso, pola tarde, cando me dixeron que estaba enferma, escoitei aquela nova con frialdade, e o costume de non vela durante moitos días motivou que a esquecese por completo.

Mantería a súa promesa? Comezaba a crelo. A mesa xa non se poñía para ela, e ninguén a mencionaba. O seu lugar fora ocupado por un novo comensal. Instalárase noutra estancia lonxe do comedor e, como xa non viamos coma antes entrar e saír os médicos e as

doncelas, nada a traía ao noso pensamento e todos a esqueceramos con facilidade.

Confeso que alimentaba por ela un sentimento que me reprochei con frecuencia: odiaba aquela muller. Entón atribuía a causa a que me parecía que quixera xogar coa miña sensibilidade; máis tarde comprendín que había razóns diferentes. Non hai nada máis ridículo ca unha emoción non compartida. Nada máis adecuado para volver indigna de amor unha persoa que non podemos amar que vela utilizar na nosa presenza os modos e a linguaxe dunha relación apaixonada. A nosa repugnancia medra en proporción ao celo que se pon en superala. Ningunha lei da natureza é máis inexorable ca as que rexen as simpatías e as antipatías. Non é certo que o amor sexa unha cuestión de sentimentos; non é máis ca unha cuestión de nervios, de fluídos, de harmonía animal; a identidade dos caracteres, a estima fortaléceno, non o crean. Con frecuencia enganámonos con estas causas aparentes, porque a identidade do carácter non é máis ca un efecto da identidade da constitución.

Quen non quereda darlle ao amor unha orixe máis espiritual e nobre? Pero non é posible! Con todo, pode ser o impulso para accións nobres. A amizade é superior porque non é exclusiva. Eu, coma calquera outro home, algunhas veces fun preferido por mulleres novas e atractivas ás que non puiden amar, nin sequera con amor físico; sentía repugnancia porque causaría a felicidade allea, e sufría por iso. Podería arrincarme o corazón, pero non sentiría nada por elas.

Así sucedía con Fosca, malia que a súa fealdade a colocaba incluso fóra desta lei.

XXV

Un día –non decorreran máis de vinte des que a vira por última vez– o seu curmán non apareceu na mesa. Reinaba unha gran desorde en toda a casa, e os serventes advertíronnos que Fosca empeorara de socato e se atopaba en perigo de morte, por iso deberíamos contentarnos cunha comida improvisada.

Aquela nova colleume desprecavido; atopábame tan desarmado por aquel longo esquecemento que me acometeu un pánico repentino, coma se fose eu a causa da súa morte. A miña debilidade inducíame a considerarme culpable e creábame remorsos que non debería sentir.

Morrería por min? Este pensamento traspasábame o corazón coma o gume dun coitelo.

XXVI

A tarde daquel mesmo día recibín unha visita do doutor que coñecera na súa casa.

—Teño que falarlle urxentemente dun asunto que ten que ver con vostede —dixo entrando e sentando—. Róggolle antes de nada que non me considere un indiscreto xa que, ao meu pesar, souben dun segredo do seu corazón, dígoo así como unha maneira de expresarme, e aceptei unha encarga que noutras circunstancias rexeitaría con gusto. Dentro dun momento comprenderá que era o meu deber facelo.

—Diga, diga! —exclamei eu ansioso.

—Ben, explicareime con poucas palabras, temos o tempo xusto. A señora Fosca, cuxa salvación neste intre é bastante dubidosa, contoume onte o que sucedeu entre vostedes dous. Foi unha confianza espontánea. Vostede rexeitou o seu afecto —non me sorprende, eu creo que faría o mesmo—, e este rexeitamento abondou para desenvolver de maneira decisiva a súa enfermidade. Esa muller déixase morrer por vostede, e...

—Por min! —interrompín eu—. Que se deixa morrer...! Non se trata entón dunha enfermidade?

—Pois si, dunha cousa e da outra —dixo el con impaciencia—. A súa vida pende dun fío, a súa saúde é tan delicada que bastaría un leve esforzo de vontade pa-

ra matala, como bastaría un contrario para salvala. Non podo explicarlle máis, non é médico, e por outra parte este caso é excepcional na medicina. Gustaríame que me crese ás cegas. En por si, esa muller xa non tería unha vida longa; trátase dun mal incurable, pero se estivese tranquila, calma, viviría talvez uns anos. A paixón que concibiu por vostede, a dor e a humillación do seu rexeitamento pode que basten para ocasionarlle a morte. Ás veces vemos que as mesmas causas producen efectos aínda máis rápidos en constitucións sas e robustas.

—As mesmas causas! —repetín eu—. Pero cre realmente que ela sentía por min unha desas paixóns serias e incurables? Cre que un amor apenas concibido, apenas confesado, non correspondido, pode elevarse a tal grao de paixón? Non dou entendido nada do carácter desa muller. Non logro explicarme a súa conduta; diante dela atópome coma diante dun mito.

—Que quere comprender do carácter dunha criatura que vive decontino baixo a influencia dunha enfermidade nerviosa, a máis complicada, a máis absoluta, a máis extraordinaria? Precisaría convivir con ela dez anos para comprender, nos seus poucos e raros momentos de calma, a verdade e a fondura do seu carácter. Sabería dicirme como é o leito dun río que corre sempre avolto e medrado? O seu atrevemento pareceríalle estraño; a súa rapidez en amalo, incomprendible; enténdoo ben, pero tamén lle digo que a honestidade desa muller enferma vale polo menos a de cen mulleres sas. É a enfermidade do amor, é a irritabilidade elevada á máxima potencia. Vostedes os espiritualistas viven decote nun mundo cheo de supersticións, non entenden nada da natureza huma-

na; fixeron da honestidade da muller unha cuestión de virtude e de carácter, mentres que só é unha cuestión de nervios e de temperamento. Se Lucrezia tivese unha constitución menos linfática, un sistema nervioso menos lánquido, se estivese enferma de histerismo, cre que a monarquía dos Tarquinos...?

—Saiba que aborrezco esas teorías materialistas, que non as acepto por máis que a razón se obstine en repetirme que son certas —dixen eu interrompéndoo—. Dixo que o noso tempo é limitado, escoitemos que podo facer por esa muller.

—Unha cousa moi simple.

—Que é?

—Ir vela.

—Vela! Cando?

—De inmediato.

—E como?

—Sabe que eu vivo na mesma casa; a estancia de Fosca comunica coa miña por unha porta que está pechada, pero que me será doado abrir, aínda que non teño a chave. Ela sábeo, faleille deste plan, e rogume que llo comunicase. Bastará con que eu dea orde de que a deixen soa para que o seu curmán non vaia onda ela. Creo que non existe outro xeito de salvala, e imaxino que non quererá deixar de intentalo.

—Pero, e despois?

—Cando a súa enfermidade torne ao estado normal, veremos. Mentres...

—Terei que prometer amala?

—Enténdese que si, e coa maior dozura posible.

—É terrible.

—Imaxínoo —dixo el collendo o seu sombreiro—. Xa llo advertira, lembra?

—E por que mo advertira? Talvez xa llelo fixo a outros? Como sabía vostede...?

—A súa conduta é irrepreensible —dixo el—, e isto é o que me ten estupefacto. Só podoo comprender o que lle custa este comportamento! Pero en canto ao que aconteceu con vostede, xa o imaxinara. Nós somos xente basta, tipos groseiros, non era o caso, queremos outras mulleres para nós. Ela ten unha mente cultivada, un espírito delicado e romántico; vostede era o home axeitado. Penseino apenas o vin: velaquí o home! Figúrese, coñezo esa muller dende os cinco anos. É vostede un mozo guapo, e a beleza é cousa que se valora tanto coma a bondade. Bo e guapo! Ai daqueles que veñen ao mundo coa mancha deste pecado orixinal! Decatárame —proseguiu el mentres eu me dispoñía a saír—, pero como non me contaba nada, non quería obrigalo a facerme esta confianza. Comprendía que non era cousa de andar con dioxomes. Aquela vez que foi a Milán, estivo bastante mal, cría que morría. Tivo un ataque de nervios terrible e logo recuperouse deseguida o día que volveu. Apure, apure —engadiu o doutor mirando o seu reloxo—, temos que chegar ao meu apousento.

Sáimos xuntos. Só Deus sabe en que estado de ánimo me atopaba!

XXVII

Tiven que agardar dúas horas na estancia do médico e, para maior cautela, en completa escuridade. Se non fose porque aquela noite había unha lúa chea e moi clara, non daría distinguido algúns ósos e caveiras cos que o doutor adornara simetricamente a súa cheminea, así como outros tantos enfeites, e que naquel momento, e vistos naquela penumbra, non eran o máis axeitado para tranquilizar o meu ánimo e prepararme para aquela estraña cita.

Sentía a voz frouxa e doce da enferma, e o murmurio do médico co seu curmán.

Era preto da medianoite cando oín que Fosca lle dicía á súa doncela:

—Síntome ben e preciso durmir e estar soa. Vaite e non volvas se non te chamo.

A doncela marchou, encantada con aquela concesión. O médico despediuse do coronel, dicíndolle:

—Visitareina mañá cedo. Sobre todo precisa que non a molesten. Estou seguro de que pasará unha noite tranquila. Non esqueza tomar a valeriana. Boa noite!

—Boa noite!

E oín como abría a porta e saía.

Houbo un breve momento de silencio.

—Boa noite —díxolle ao cabo o seu curmán—. Marcho para que poidas durmir. Non ben me levante, virei verte, e se non te sentes ben, faime chamar, non teñas problema en facelo, arre demo!

—Non te preocupes. Adeus.

—Adeus.

E el tamén marchou.

O médico volveu subir polo outro tramo da escaleira e entrou de novo no cuarto.

—Estamos a tempo —díxome—. Esperemos uns minutos para maior seguridade. Entrementres...

Colleu un escalpelo que utilizaba para as sesións de anatomía e desaparafusou con maña a roscas da pechadura. A porta abriuse deseguida.

—Velaquí os meus amigos —dixo sinalándome as cadeiras que estaban sobre a cheminea e pasando por diante a chama da candeia—. Eles faranlle compañía mentres eu quedo fóra xogando a miña partida de tarot; non lle molestarán, son xente tranquila. Espere un pouco para entrar e teña coidado —engadiu medio en serio medio en broma—. Regresarei nun par de horas.

Quedei só, sumido nunha tristura indicible.

Parecíame que a sorte estivese a xogar comigo (e digo a sorte porque sempre me repugnou atribuír os meus males á Providencia, como algo que me fose grato reputar de imparcial e benéfico), de tan estrañamente dolorosas que resultaban as circunstancias nas que me atopaba: lonxe da muller que amaba máis ca a miña vida, que talvez non volvería ver nunca e cuxo amor vigorizara a miña fe e a miña intelixencia. Adorado por ela, boa, fermosa, en todo similar a min, reflexo da miña

alma, debía entregarme a unha criatura que case aborrecía, utilizar con ela as maneiras do cariño, repetirlle as mesmas expresións que lle dixerá a Clara, verter nela o contido do meu corazón tumultuoso! Se fose por Clara polo que me atopaba alí, naquel cuarto, se fose ela a que estaba a piques de abrazar, canta felicidade inundaría a miña alma! Pensaba nos primeiros días do noso amor, na primeira vez que a esperara no meu cuarto, tolo, ebrio, delirante; no tremor que sentira ao contacto da súa man, no frufú do seu vestido, no son da súa primeira palabra...

Alegrías esvaecidas para sempre, enganos, erros, ilusións —a única verdade, a única grandeza da vida—, hai tempo que vos perdín; tampouco hoxe non atopo as pegadas das vosas ruínas ou un eco das vosas alegrías para lembrarvos e chorar por vós.

Se dubidase un instante en entrar no cuarto de Fosca, non o faría; non tería valor, así que entrei decidido.

Co leve rumor da porta estremeceuse e volveu a cabeza cara a min.

—Son eu, Giorgio, non tema.

—Oh, meu Deus!

E tapou a cara co bordo da saba. Saloucaba así tapada e tremía.

Sentei na cabeceira da cama e mirei en volta. O aposento estaba cheo de flores, o leito era branco coma a neve e parecía todo de encaixe; dunha candeia colocada nun recanto emanaba unha luz feble pero clara e transparente coma o luar. O amor atoparía alí o seu templo.

Pouco despois descubriu a cara, fitoume con expresión de inefable afecto e logo díxome:

—Sabía que viría.

Vin brillar unha bágoa nos seus ollos e esforceime en sorrir. Sacou un brazo de debaixo da colcha e eu deille a man, que levou aos beizos e bicou convulsivamente.

—Fanse tales loucuras antes de morrer... —dixo ela.

—Non pense en morrer.

—Agora que está aquí, xa non o penso. Estou curada. Perdóame que o fixese vir?

—Non lle perdoo que tardase tanto.

—Oh, Giorgio! —exclamou con aire de gratitude e de reproche—. Leo no seu corazón.

Permaneceu calada un momento, logo animouse de improvisado e exclamou con entusiasmo:

—Adóroo!

Colleu un ramo de lirios que estaba enriba da mesa de noite e achegoumo aos beizos.

—Que desexa?

—Bíqueos.

—Por que?

—Bique estes fermosos lirios.

Obedecín. De súpeto levou o ramo á boca, bicouno con arrebatado e volveuno achegar aos meus labios. Comprendín o seu desexo.

Inclineime cara a ela e biqueina na fazula.

Pechou os ollos, quedou absorta e inmóbil. Asombroume que non me devolvese aquel bico.

—Atúame —engadiu a seguir, espertando.

—Con toda a alma.

—Chámame polo meu nome.

—Fosca.

—Di: Giorgio e Fosca.

Díxeno.

—Di que me amas.

—Ámote.

—Bícame.

Biqueina con finxido arrebatado.

—Oh, Giorgio!

Prorrompeu en bágoas e cubriu a cara coas mans. Pasamos case media hora sen falar. Aquel esforzo esgotáara. Mirábame en silencio, e eu a ela. A noite era tan queda que sentiamos as oscilacións graves e compasadas do péndulo do gran reloxio dunha torre próxima á casa.

—Como estás? —pregunteille ao cabo.

—Ben e mal ao mesmo tempo. Xa me entendes. Se morrese agora, sería feliz. É certo que isto non anularía as angustias de toda a miña vida, pero morrer feliz sería para min un ben inesperado.

—Serías máis feliz vivindo.

—Amarasme se vivo?

—Si...

—Non o digas. Si, dío. Pobre mozo! —engadiu colléndome as mans—. Comprendo a importancia do sacrificio que che impoño. Sei que só podes apiadarte de min, pero gústame ilusionarme e tamén o sentimento que te impulsa a provocar en min estas ilusións. Antes cría que a piedade era pouca cousa, que era inevitable, porque eu a sentía por todo o que sufría, fose un pobre paxaro, un can ou outro animal; pero máis tarde aprendín que os homes son avaros en compaixón, porque esta é o reflexo dunha dor allea e torna nunha dor propia. Sei apreciar a túa piedade, estouche agradecida porque sinto que en ti é aínda máis meritória ca o amor.

Quixen responder, pero ela pousou un dedo nos meus beizos e seguiu, sorrindo:

—Cala, cala, xa me dirás mentiras máis tarde. Obrigáreme a dicirme tantas! Colle a candea, pona aquí, quero verte ben.

Puxen a candea na mesa de noite. Ela fitoume fascinada e díxome:

—Que guapo es, Deus! Que guapo!

Naquel momento non me parecía tan fea coma nos primeiros días de coñecela. Tiña a cabeza afundida na almofada, de modo que non se adiviñaban a súa desproporción; os seus cabelos negros, espesos, brillantes descendían desordenados polas costas e enmarcaban a súa face, cuxa palidez e delgadeza eran extremas; tiña os seus grandes ollos negros arrasados e brillaban dun xeito estraño ao reflexo da luz da candea; só a fronte, desmesuradamente grande e protuberante, rompía a harmonía fantástica das liñas incorrectas daquel rostro.

Tróuxome ao acordo unha Virxe á que lle rezara moito cando neno, cunha cara de cera branca, cabelos de crinas negras, ollos de vidro esmerilado que adoitaban difundir raros reverberos coa luz dos cirios da igrexa. Fosca asemellábase a aquela imaxe, aínda que sen vida nin expresión.

Talvez se decatou do efecto que producía en min o exame da súa cara. Apresurouse a apartar a pantalla da candea e a engadir:

—Non quero que me vexas! Son tan fea!

—Non é certo.

—Non me adules así.

—A bondade fai que sexas guapa.

Naquel momento quizais era sincero.

—Aprecias esta beleza?

—Máis ca nada.

—Cres que o meu corazón é bo?

—Xaora!

—Como latexan os corazóns bos? Sabes distinguilos dos malvados? escoita o meu.

Colleume unha man e pousouna no seu peito.

—E o teu? Oh, o teu corazón!

—Ámate, Fosca, ámate.

—Como... a unha irmá?

—Si, como a unha querida irmá.

—Ah!

—Como queiras. Ámate como ti queiras. Aínda que lle deas outro nome, segue a ser amor.

—Grazas, Giorgio, grazas. Quería esquecerme, sabes? Fun moi ingrata e estúpida. Crin que te esquecería! Quería morrer sen verte... Pero non tiven forzas... O outro día fun tan mala contigo!

—Non o digas, o malo fun eu.

—Ti non, oh non, Giorgio, ti non podes selo. A miña enfermidade faime perversa; saber que son fea, que estou enferma e que ninguén me pode amar... Son unha pobre criatura! Nunca o pensaches? Non imaxinaches nunca o infeliz que son! Hai días nos que este pensamento me atormenta e cavilo: hei de ser sempre así de infeliz? Non haberá nunca nada para min? Todos me odiarán? Ríranse todos de min? Oh, Giorgio, meu anxo, non sabes o terrible que é isto para unha muller, para min, para un ser sensible e desgraciado coma min!

Detívose entre saloucos.

—Cálmate, non chores, suplícocho, farache mal.

—Aquel día pensaba nestas cousas e por iso fun mala. Parecíaio aínda máis, porque non o son e esforzábame en aparentalo. Pero ti perdoáchesme!

—Que boa es! Non teño nada que perdoarche, nada! Deron as dúas no reloxo.

—Que axiña pasa a noite. O tempo voa cando un é feliz —dixo ela—. Até cando quedarás?

—Até cando ti queiras.

—Até mañá pola mañá?

—Si.

—Que faremos?

—Falaremos, pero talvez canses.

—Un pouco.

—Pensaremos.

—Pon a túa cabeza aquí, a rentes da miña, dáme a man. Durmimos?

—Como queiras.

—Soñamos?

—Si.

Ambos os dous calamos. Ela pechou os ollos e aparentou recollerse e durmir. Pasamos así unha hora que se me fixo eterna. Cando trataba de moverme, ela sobresaltábase e apertaba con máis forza as miñas mans. Semellaba que me lía o pensamento, tremía ante cada idea desagradable que me pasaba pola mente e murmuraba o meu nome.

Estremeceuse co rumor dalgunhas carruaxes que pasaban pola rúa.

—Es ti, es ti —díxome con alegría—. Non durmía pero soñaba. Aínda era unha nena e ti eras o meu anxo

custodio, ese anxo ao que daquela lle rezaba todas as noites e que imaxinaba que velaba na escuridade na miña cabeceira. Parecíame que tiñas ás brancas. Lembras cando eras un neno? Pensar que entón non te coñecía e non te amaba! Cando eramos nenos...

—Eras máis feliz entón?

—Esperaba selo e por iso o era. Deus! Canto me acordado neste momento! Pola mañá, cando espertaba cedo e sentía pasar as primeiras carruaxes coma agora, e ladrar os cans ao lonxe, e víanse entrar as primeiras luces pola ventá... Que singular impresión de medo e de ledicia! Sentiches ti algo similar? Lémbreste?

—Si, eu tamén me lembro.

—Un día contareiche toda a miña vida. Quero que coñezas o meu pasado. Empezara a escribirche unhas memorias, e quería que chas entregasen despois da miña morte, pero non puiden continuar; estaba tan mal! Agora non quero que as vexas, e sei que non debo morrer. Estou curada. Abre as contraventás, quero ver as estrelas. Corre as cortinas.

O ceo estaba claro e sereno, pero a aurora xa esportaba e só se vían unhas poucas estrelas pálidas e case brancas. A airexa da mañá introducíase entre algunhas nubes baixas con tal ímpeto que a lúa, ora cuberta por elas, ora descuberta, parecía ir ás carreiras polo ceo. Ao lonxe sentíanse cantar os grilos nos prados.

—Volve ao meu lado —pediume—. Senta. Non me deixes tan cedo. Xa é día! Que fermoso ceo! Que fermosas estrelas! Cres que hai máis mundos?

—Sen dúbida.

—E que un día os habitaremos?

—Talvez!

—E que somos nós! Que é a vida! —exclamou con tristura.

E coma se quixese atopar na certeza do meu amor unha compensación ao desacougo que lle producira aquela idea, engadiu desatada:

—Oh, ámame, ámame! Ten compaixón de min! Ámasme de verdade?

—Si.

—Amarasme sempre?

—Si.

—Xúrao.

Dubidei un instante.

—Cun afecto puro, cun afecto fraternal! —dixo ela.

—Xúroo.

—Non che esixiría un xuramento distinto: coñezo a súa importancia e non quero ligarte así a min, aínda que saiba que a miña morte te liberaría axiña. Non quero que sexas infeliz polo meu egoísmo. A natureza deulle a todos os homes un só medio para facer felices os demais: amalos. Eu, co meu amor, non podo facelos máis ca míseros. Amas moito esa muller? —preguntoume cun ton cheo de tristeza.

—Non mo preguntes, Fosca, non mo preguntes.

—Por que? Acaso non quero que sexas feliz? Ámate ela?

—Espero que si.

—É fermosa?

—A min gústame.

—É alta?

—Coma ti.

—Como se chama?

—Clara.

—Tiven unha amiga na escola que se chamaba así. Morreu aos catorce anos. Era unha rapaza guapa, co nariz aquilino, morena, sempre estaba rindo... Ela tamén é morena?

—Si.

—Ten o pelo coma o meu?

—Da mesma cor.

—E ten tanto?

—Non o sei.

—Mira as miñas trenzas —dixo ela soltando as fitas dunha cofia que ataba as súas dúas trenzas detrás da cabeza e estirándoas pola cama con aire de triunfo.

—Gústanche?

—Son marabillosas —dixen eu collendo unha nas mans.

E en verdade érano.

Ela sorría vaidosa, contenta con aquela especie de superioridade que estaba case segura de ter con respecto a Clara, e dixo:

—Quero darche unha. Arríncaa.

—Arrincala!

—Si, arríncaa, arríncaa, tira —dixo con ardor, axiándose.

—Pero é imposible. Iso podería matarte... neste momento.

—Arríncame un cabelo, un só, iso non me fará mal.

—Pero...

—Veña, é un capricho —pediu ela—. Conténtame.

Arrinqueei un que envolvín no dedo.

—Levas razón —dixo ela—. Un cabelo só non é nada, pero unha trenza sería un triste presaxio. Cando os amantes se regalan cabelos significa que o amor vai rematar. Os cabelos son bastante tristes. Nunca o pensaches? Cando estea a piques de morrer, regalareiche as miñas trenzas. Oh, meu Deus! —exclamou tras uns intreiros de silencio—. Xa é día e terás que marchar. Pon a candea naquela esquina; apágaa.

Non ben se apagou a chama da candea, a estancia pareceu mudar de aspecto; moitos obxectos que estaban iluminados entraron na penumbra, e outros que non o estaban mostráronse máis claros e brillantes. Volvín sentar preto de Fosca, que me botou os brazos ao pescozo chorando. A luz do día mostrábame agora toda a súa fealdade.

—Agora deixarasme! —exclamou desolada—. Oh, meu bo amigo, pobre Giorgio! Lembraraste de min? Oh, meu Deus!

—Non te affixas, non te affixas, Fosca. Nunca te esquecerei.

—Non poderei volver verte até que estea curada. Que dirá o médico? Tiña que verte esta noite, pero e despois? Escribireiche, estás contento?

—Si.

—Dentro duns días empezarei a levantarme e verei-te cando veñas só pola mañá. Logo curarei e daremos paseos... Tes irmás? —preguntoume, sorrindo no medio das súas bágoas.

—Si.

—Dáslles bicos?

—Ás veces.

—Pois bícame como a elas.

Biqueina.

—Así, non; así, non. Bícame coma un amante!

Ergueuse un pouco na cama e apertoume contra o seu seo con forza. Viroume a cabeza cara á luz, recostouse e miroume con entusiasmo.

—Quero verte... mellor, así, así... Oh, amor! Oh, querido!

Abrazoume con delirio e volveu caer fatigada na almofada.

—Adeus —díxenlle.

—Non marches, non me deixes aínda.

—Pero é tarde!

—Queda, queda.

—Virán verte e sorprenderannos.

—Pois marcha, pero déixame algo teu, un obxecto que leves, o teu pano.

Deillo.

—Vaite agora, vaite —dixo ela—. Escapa, escapa... Esta emoción venceume, a enfermidade torna; teño que gritar, virán onda min, corre...

Non escoitei máis nada. Crucei correndo o cuarto do doutor, que durmía vestido sobre un diván, e nas súas caveiras pareceume ver reproducida e multiplicada a horrible imaxe de Fosca.

Na rúa aínda oía os seus berros agudos e terribles.

XXVIII

Atopo no meu diario este fragmento escrito aquel mesmo día:

Estou triste, mudo, prostrado, aniquilado. Apenas me atrevo a crer na realidade dunha desgraza tan grande. Foi un engano seu? Foi un artificio? Non o sei, só sei que me liguei para sempre a esa muller. Lamenteime co médico e expreseille as miñas dúbidas sobre a gravidade desa enfermidade e sobre o carácter ineludible desa fatal visita. Ofendeuse e díxome que Fosca talvez estaría morta se eu non fose onda ela, e que en poucos días se cadra podería curar.

Terrible e estraña criatura en todo!

Matinei nas causas da miña felicidade presente e enfrenteime co meu pasado. Que era eu hai un ano? Que sería de min se Clara non me amase? A dedución que extraín é desconsoladora, pero xusta: fun amado por paixón; non debo eu amar a Fosca polo mesmo motivo? Estou desgustado pola felicidade. Se non apelase á miña dor de hai tempo, ela nunca me diría cales son os meus deberes para con esa muller. A dor é máis rigorosa e xusta.

Non é a miña felicidade a que boto de menos –é certo que amo a felicidade, pero coma a unha muller que se despreza–; boto de menos a de Clara, a necesidade de matala manifestándolle a verdade, ou de ofendela en segredo calándolla. Para que revelarlle esta infidelidade obrigada? Debo agocharlla? Crerame? Será xenerosa? Desconfío do amor, xa que canto máis fondo é, máis monstruosamente egoísta. O amor é a fusión e a conciliación de dous egoísmos que se satisfán reciprocamente.

Non temería este afecto se crese na súa pureza. Aceptaría con gusto a misión, por dolorosa que for, e non tería escrúpulos en gardar o segredo, pero así é imposible. Vexo as loitas de Fosca; as súas contradicións son demasiado elocuentes, a súa enfermidade arrebatoulle todas as forzas que ás veces fan triunfar as paixóns; o seu amor é amor.

Ríome daqueles que cren que a nosa vontade ten un poder ilimitado sobre as nosas paixóns, que afirman que existe en nós unha forza sempre superior aos instintos, sempre capaz de dominalos. Eu non experimentei paixóns perversas; non me atrevo a investigar se a sociedade castiga nos malvados a natureza ou o home; limítome a compadecerlos. Pero sentín as paixóns puras –as que son como unha exuberancia depravada da virtude–, e non podería resistirme a elas máis do que o fai unha espunlla o ímpeto dunha onda do océano. Quen me mostra a balanza na que pesar o poder da vontade e o das paixóns? Quen falou do arbitrio? Quen me aprenderá a combater a natureza coa natureza? Eu só

comigo mesmo? Onde está esa forza misteriosa sobre a que razoan eses?

Eu non a sinto. Está en min ou fóra de min? De onde vén? Onde podo atopala? Eu nacera para amar, e ameí; se nacesse para matar, talvez mataría. A responsabilidade sería a mesma. Fixen e fago o que podería facer: avergoñarme da miña natureza!

XXIX

Si, na cerna do meu corazón, xustificaba a Fosca. De o desexar, o seu amor sería puro. Aceptaría amarme coma unha irmá, pois comprendía o carácter sublime deste afecto e sufría por non podelo conservar así. Isto era todo, nela non había pois culpa ningunha.

Estas páxinas que me escribiu durante a súa enfermidade eran a proba máis evidente:

Querido Giorgio:

Hoxe escriboche rápido aínda que o médico mo prohibiu. Eu mesma non podoo creer na miña felicidade. Poder escribirche! Ter alguén a quen explicarlle o que penso, o que sinto, o que sufro! E saber que esas sensacións, eses sentimentos, eses sufrimentos son compartidos...! Nunca o esperaría, nunca!

Antes de estar segura do teu amor quixen ilusionarme con que ti aceptases e gustases das miñas confidencias, quixen probar unha sombra desta alegría. Escribinche case todos os días, pero, meu Deus!, sabía ben que ti non lerías esas páxinas, que me enganaba, só iso. Se soubeses o que quere dicir ter o corazón tan cheo! E con todo...

Direiche algo que fará que rías. O ano pasado tiña unha parella de canarios; o macho morreu este

inverno. Non sei como sucedeu, comezou a axitarse, a tremer, a adormecer, a non comer, e unha mañá atopeino ríxido na gaiola. Pero a femia, cando chegou a primavera, fixo o niño, e se vises con que esmero! Malia non ter ovos, incubaba sempre, todo o día, e piaba con ese timbre afectuoso que teñen todos os paxaros cando crían os pequenos. Mesmo agora que estamos no verán, aínda non se recuperou do engano. Cantas veces este pobre paxaro me fixo pensar en min mesma e chorar!

Non verás esas páxinas porque daquela non me amabas, porque pertencen a unha época do meu pasado que necesito esquecer. Se puidese!

Tes que me perdoar as angustias que che causei onte; debes perdoar as miñas dúbidas, as miñas esixencias, as miñas contradicións. Agora escribo co corazón calmo, e distingo o que había de repreensible na miña conduta; entón non podía. Sufrín moito ao verte marchar, pero hoxe síntome tranquila e feliz. Non darás entendido a sorpresa, case diría o pasmo que sinto en min ao escribir estas palabras que nunca puiden dicir nin escribir: «Síntome feliz!».

Tanto é así que necesitaría que me coñeceses. Prometín contarche a miña vida e fareino. O médico díxome que non me poderei erguer antes de oito días. Utilizarei este tempo para elaborar o meu relato. Hoxe non hei poder; escribir fatígame moito.

Se soubeses o moito que me agrada o teu pano; sempre o teño sobre o corazón, durmo con el. Tamén teño aquí as flores que bicaches, e se ergo un

pouco a cabeza, vexo a cadeira na que sentaches. Fixen poñer enriba dela un vestido meu para que non sente ninguén. Oh, Giorgio, meu adorado, meu, meu! É certo?

Non podo escribirche máis, dóeme o brazo e nin sequera son capaz de descifrar os meus trazos. Son feliz e adórote, iso é todo, non podería dicirche outra cousa. Onte, mentres subías a escaleira, sentín a túa voz. Deus, que ansia! Ámame, Giorgio, ámame. O teu corazón só ten que pensar na inmensidade da miña miseria para atopar forzas para amarme.

Quero ter outro obxecto que ti tocases, necesito que me entregues outra pequena parte da túa personalidade. Aquí vai unha pequena fita miña; bícaa e mándama.

(...)

Pasei todo o día soñando, e por iso non che escribo até a noite. Compraceume que hoxe chovese. Antes a chuvia amorriñábame; agora alégrame. Se cadra porque son feliz apráceme que a natureza estea melancólica? Non o sei. Cando un é feliz, ama as pequenas dores e as pequenas contrariedades, talvez porque ensombrecen as nosas alegrías e lles dan maior relevo.

Debo falarche de min? Escribirche algo da miña vida? Non sei como empezar.

Cando era pequena tiña un costume habitual entre os cativos e polo que me reprendían con fre-

cuencia. Pechaba os ollos e refregábaos lixeiramente co revés da man; entón vía garabatos, faíscas, obxectos de variadas formas e cores, figuras confusas, intrincadas, variables. Igual me acontece agora ao tratar de asomarme ás lembranzas do meu pasado.

O meu pasado foi bastante pobre nas alegrías que constitúen polo común motivo de doces saudades para as mulleres –amores, afagos, vaidades satisfeitas–, e nada ou case nada experimentei de todas elas. Os máis dos homes aman inconscientemente o pasado pola soa razón de que é pasado; eu creo que o aprecio polo mesmo motivo.

Nacín enferma: un dos síntomas máis graves e fondos da miña doenza era a necesidade que sentía de encariñarme con todo o que me arrodeaba, pero dunha maneira violenta, súbita, extrema. Non recordo unha época da miña vida na que non amase algo. Absteríame de contarche particularidades desta miña disposición morbosa se non fose porque explican a gran cantidade de anomalías que recoñecerás máis tarde no meu carácter. A miña capacidade de afecto non tiña leis nin límites: era unha febre, unha expansión, unha irradiación continua; podería amar a todo o universo sen cansar.

Falo de afectos, non de amores, xa que naquela idade non sentía outra cousa ca afectos; se esa necesidade de amor perdurase coa mesma violencia até a xuventude, arrastraríame a excesos culpables.

Todos os cativos se encariñan cos primeiros obxectos que posúen, sobre todo se se trata de seres

vivos ou que teñen aparencia de vida, pero as súas predileccións son superficiais, mutables; máis ca afectos, son unha afectuosa curiosidade de coñecer. A intensidade era en cambio o maior dote da miña; amaba as cousas que aman os nenos, pero como as amarían os homes.

Recordo agora –e cóntocho para que sorrías– unha pequena desgraza que me aconteceu aos sete anos e que me provocou unha enfermidade case mortal. Tiña un gato e un canario; eran as miñas únicas afeccións, non sabería dicir a cal lle quería máis. O gato comeu o canario. Imaxina a miña pena! Perdera un, e ao outro non o podía querer porque debía odialo. Enfurecinme tanto que estiven enferma dous meses.

Nunca me gustaron as monecas; sentía aversión por todo o que non estaba vivo. Amaba as plantas e as flores porque me parecían seres vivos. Non sei dicirche o que sentía cando contemplaba un campo de violetas, un gromo de xacinto, unhas prímulas. Arrincábaas e transplantábaas a un floreiro para telas á man, para verlles as raíces, para observalas; se morrían, conservábaas secas. De todas as sensacións incertas e confusas daquela época, esta foi sempre para min a máis inexplicable, o estraño amor que sentía polas plantas. Ocorreseme agora pensar nisto algunhas veces e non dou entendido a razón.

O apego que sentía polas miñas compañeiras, polos nenos, polas persoas da casa, causábame con frecuencia grandes tormentos. Esixía deles máis

afecto do que lles era posible concederme e, en consecuencia, esas contrariedades facían que os considerase indiferentes, apáticos, ingratos. Sufría como sufriría agora por un verdadeiro abandono e por unha verdadeira ingratidade. Unha nutriz á que quería moito tivo que quedar a vivir na miña casa até que cumprín os doce anos porque enfermaba cando trataban de separarme dela.

A esa idade leváronme a un internado e namoreime dunha compañeira. Foi unha paixón auténtica, teimosa, tenaz, como só eu podía sentir. Aquela rapaza, que agora é unha muller casada, non entendía nada da profundidade nin da índole daquel cariño e, aínda que me correspondía, facíao con tal frialdade que eu me sentía desolada. Malia ser bondadosa, era unha rapaza vacua e tan frívola coma as demais; era moi guapa e talvez foi a súa beleza a que me arrastrou de xeito inconsciente a amala. Lembro que me levantaba de noite para contemplala mentres durmía e que pasaba moitas horas ao pé da súa cama, cos pés nus, en camisón, tremelicando. Roubaba as súas fitas e os seus panos só porque eran seus, suplicáballe con bágoas que me dixese que me amaba, que me deixase bicala. Pero ela mostrábase desapiadada. Aquela decepción non só non me curou da miña enfermidade, senón que resultou fatal porque me fixo comprender que dificilmente atoparía noutros corazóns ese afecto ardente e sen límites que sentía o meu.

Sacáronme do internado meses despois, e non fixera nin os catorce cando me namorei dun home

de corenta, un xuíz de paz, amigo do meu pai que viña cada tarde de visita á nosa casa. Entón (cousa estraña!), non sentía simpatías máis ca por homes entregos. Malia ser unha púbere, tiña o desenvolvemento dunha rapaza forte de dez anos. El trátábame coma unha nena e adoitaba facerme bailar sobre os seus xeonllos. As súas caricias e mais os seus bicos, cada un dos seus acenos de familiaridade, provocaban en min unha doce e incompreensible turbación.

Amábao con loucura, a pesar de non entender nada da natureza dese sentimento, e case tiña medo del. Era un home alto, serio, cunha gran barba negra. Agora que o penso, non sei como a aquela idade puideron namorarme dun home semellante, pero foi unha paixón decisiva na miña vida. Tiven o valor de escribirlle unha longa carta que el lles amosou aos meus pais. O meu pai riu, pero a miña nai interpretou que nela había o xermolo dunha paixón importante e rogoulle que non volveuse pola nosa casa. Ao saír, el atopoume na porta, colleume do queixo e díxome: «Querida pequena, empeza ches mal e demasiado cedo. Non che poñen medo os meus corenta anos? Se a miña esposa vise a túa carta, regalaríache unha moneca». Beliscoume na meixela e saíu sorrindo.

Enfermei de dor e de vergoña. Estiven dous anos doente, cavilosa, illada, abstraída e arrodeada de libros. Naquela etapa de recollemento formouse o meu intelecto e o meu corazón. Entrara nela sendo unha nena e saín feita unha muller.

Xa estou moi cansa, querido Giorgio, seguirei mañá. Adeus, adeus.

(...)

Onde quedara? Vou continuar.

O meu pai e a miña nai adorábanme e adorábanse. Eran dúas criaturas estrañamente inxenuas, estrañamente boas. Namoráranse dezasete anos antes de casar, envellecera xuntos e non tiñan máis fillos. O nome de Fosca, que che parecería bastante singular, é moi común na provincia da Romaña onde nacín, e puxéronmo porque foi o dunha bisavoa que non coñecín.

O afecto que a miña nai sentía por min volvíaa tan cega aos meus defectos que a educación que me deu non serviu para corrixirmos. A súa ilusión máis constante, á que nunca renunciou, mesmo despois de que as enfermidades me deformasen como ves, era que fose fermosa. Faláballes de min ás súas amigas coma se fose un prodixio de beldade, e espantábase dos perigos que rodeaban a miña beleza. A verdade era que os engados da mocidade suplían en parte os defectos daquela natureza. Non era fea nin desagradable, pero non era guapa, e foi a convicción que ela infundiou en min dende nena a que me volveu dobremente terrible ter que espertar dun erro tan doce.

Non sabes o que significa para unha muller non ser guapa. Para nosoutras a beleza é todo. Ao vivir só para ser amadas, e ao non poder selo máis que

coa condición de ser atractivas, a existencia dunha muller fea convértese na máis terrible, na máis angustiada de todas as torturas. Na vida do home non existe miseria comparable a esta. O home, aínda que sexa deforme ou non amado, ten mil divagacións, mil compensacións; a sociedade é indulxente con el. Se non pode centrarse no amor, mira para a ambición, ten un propósito; pero a muller non pode nunca saír da vida que lle trazaron o seu corazón e a súa vaidade, non pode tender cara a outro fin que non sexa o de gustar e o de ser amada. Só a maternidade pode compensala algunhas veces da privación do amor, pero esta é o froito dese amor e adoita estar negada á fealdade.

Querido Giorgio, entenderás o que pretendo dicirte: sentín este tormento en toda a súa extensión, eu máis ca outras infelices, xa que a miña sensibilidade era por desgraza aínda máis monstruosa ca a miña ruindade. Si, a miña ruindade; terei o valor de xulgarme sen piedade e chamar as cousas polo seu nome. Se soubeses... Odieime tanto a min mesma, odiei tanto a miña falta de encanto, pero nunca tanto como detestei e detesto aínda o meu corazón. Son as súas esixencias as que me volveron dobremente terrible o peso da miña deformidade.

Daquela eu non era tan fea, e se a estraña ilusión que a miña nai fixera nacer en min cos seus eloxios non afagase primeiro, e logo ferise de improviso a miña vaidade, abandonándome, resignaríame á miña sorte, que non era das máis clamorosas, e talvez tamén atoparía algunha satisfacción. En troco,

desilusionarme custoume moitos amargores. Chegada a unha idade na que a beleza tiña que selo todo, recoñecía que non era fermosa. A ilusión durara o tempo no que non cumpría tela.

Lembras cando tiñas dezasete anos? Sentiches ti esa febre, ese afán, esas incomprendibles inquietudes que acompañan esa idade? Sentiches a necesidade de esgazar o corazón con mil desgrazas imaxinarias, crer que eras vítima de persecucións que non sufrías, fantasiar cunha felicidade imposible para gozar con crueldade da desilusión? Sentiches esa necesidade que te impulsaba a buscar unha igrexa para rezar e para chorar? A miña vida foi tan pobre tamén en amizades que non puideren penetrar no corazón doutra criatura. Non sei que experimentaron outras mulleres a esa idade, pero o que sentín eu está fóra de calquera expresión. Comprendía que a necesidade de ser amada era o segredo de todos os meus sufrimentos. A natureza non me dotara só dun corazón sensible, senón dunha constitución enferma, nerviosa, irritable. Non podía ter esa forza pasiva que dá a apatía, nin esa castidade natural que dá a louzanía: o amor debía ser o centro e o fin de toda a miña existencia.

Non tardei en convencerme de que non podía inspirar afecto. Todas as mulleres escollen; eu tiña que deixar que me escollesen. E esta pequena renuncia que cumpría facerlle ao meu amor propio non sería tan cruel se cando menos alguén me preferise e me amase. Vivín até os vinte anos sen inspirar nin sequera o menor cariño, sen obter, nin sequera

por xogo ou por piedade, o alivio dunha palabra agarimosa.

A condición das mulleres do vulgo ten isto de preferible: que o amor para elas non obedece ás leis da etiqueta. Poden non ser amadas de verdade e aínda así gozar das aparencias do amor, e a miúdo tamén das súas vantaxes. A educación non volveu o seu corazón tan esixente coma o noso; non senten a necesidade de sacrificarlle as dozuras dun afecto culpable. Non existe comparanza entre a infelicidade que a fealdade pode causarlle a unha muller adiñeirada, e aquela que pode causarlle a unha muller pobre. Os ollos do mundo só se dirixen a esta última, mentres que o código do honor non afecta máis ca á muller rica.

Querido Giorgio, contarche o que sufrín naqueles anos sería imposible. Co amor faltábame todo; cando non se é amada, a vaidade non ten razón de ser, a ambición tampouco; todas as nosas pequenas paixóns se esvaecen unha por unha, coma se alcanzasen toda a súa vitalidade co amor e non puidesen subsistir sen el.

Entregueime con furor á paixón de meditar e de ler, que non abandonei dende entón, e atopei algún consolo, que non era outro que o de esquecer pouco e pouco e superar a triste realidade que me rodeaba. Pero a lectura é fatal para isto, pois ese esquecemento aparente que proporciona desármalos aínda máis ante as lembranzas que tratamos de esquecer. As ideas fixas que parece distraer, atopan en cambio mil confirmacións, mil argumentos para

existir nas páxinas que lemos. Soportar as paixóns en soidade é igual que querer ser dominados por elas. E ademais, non son nin a lectura nin a soidade as que poden curar o amor; as mulleres non curamos endexamais, as naturezas superiores morren de amor.

Non podía esperar nada dos homes, así que me dirixín a Deus. Isto é o que todas acabamos facendo, pero eu fíxeno demasiado cedo. Convertínme en relixiosa, entrei nun período de ascetismo sincero, exaltado, fondo, que todas as mulleres con corazón, mesmo as felices, antes ou despois senten e superan. Coidaba que con isto a miña vida tería un obxectivo. Nas naturezas boas e xenerosas o amor non é egoísta, non é tanto o desexo de ser feliz como a necesidade de facer felices os demais; é un afán de sacrificarse pola felicidade allea. Pensaba que ao sacrificarlle a Deus a miña mocidade satisfaría dalgunha maneira esa sede de amor que me consumía dende había tanto tempo sen remedio. Moitas mulleres chegaron a Deus guiadas por esta ilusión. Atoparon paz? Eu non o puideron comprobar.

Un día fun visitar soa un convento que quedaba algo lonxe da cidade, illado, sobre un outeiro, coma un niño de pombas, quieto, solitario, sereno. Sentei nos chanzos da entrada. As copas das árbores do patio superaban os altos muros do cercado e parecían asomarse para me murmurar o seu convite a entrar. Dende aquela altura enxergábase o campo ao redor e a cidade coma unha inmensa colmea.

Sobre a porta estaban escritas as tristes palabras da Biblia: «Consagrado ao amor e á dor». Todo era paz e silencio.

Quedei alí un bocado. Ao volver, o eco dunha salmodia inesperada que procedía da igrexa pareceu reclamarme. Era pola tarde, o sol declinaba, os paxaros recollíanse nas árbores... Collín unha margarida e arrinqueille os pétalos un a un: «Si, non; si, non...»; o último era un «Si». Decidinme.

Ao día seguinte anuncieille as miñas intencións á miña nai. Horrorizouse. Botouse a chorar e díxome:

—Querida filla, queres matarnos! Pensar en deixarnos...! A nós, que só vivimos para ti...! Entrar nun convento, á túa idade! Unha moza fermosa coma ti, co teu dote!

Que podía facer eu? Acaso a miña nai non me amaba? Non tiña o deber de corresponder ao seu amor? Era a miña nai!

(...)

Onte á noite non puider continuar nin enviarche o que escribira. Hoxe estiven tentada a non seguir. Coidaba ter tantas cousas que contarche e vexo que acabo sen che contar nada. Se cadra non sufrín? Non, é que as causas dos meus sufrimentos son todas íntimas, morais, e podes imaxinalas mellor do que eu chas contaría. Ademais, como explicar unha dor? Como unha ledicia?

Téñome preguntado se a apatía e o egoísmo, e ás veces esa melosa crueldade que os enmascara, non

son máis ca unha consecuencia desas leis que regulan a individualidade, desa imposibilidade absoluta de comunión entre dous seres que nos mantén separados e illados, e converte a cada individuo nun centro firme no gran mundo das sensacións. Pesares, esperanzas, afectos, reloucos, todo é esencialmente individual. Semella que de entre todas as leis da natureza se ergue unha voz que nos berra: «Ninguén pode cargar co peso das túas penas, ou verter as dozuras das súas ledicias; ninguén pode quitar ou engadir un átomo ao teu ser: debes coidarte a ti mesmo».

Ao cabo, crin ser amada.

Unha mañá atopei no meu balcón un ramo de flores que alguén tirara dende a rúa. Nunha tarxeta agochada no seu interior estaban escritas estas palabras: «Ámoa. Lodovico». Quen era este descoñecido? Era novo, guapo, estaba de verdade namorado de min? Non o sabía, pero sentíame feliz, enlouquecín. Había un home que me dixerá: «Ámote»; isto supuña para min un acontecemento tan relevante que a orde das miñas ideas ficou enteiramente trastornada.

Estaba decidida a descubrir como fose quen era o descoñecido que me dirixira aquela nota. Había días observara que un mozo forasteiro pasaba con frecuencia pola rúa e levantaba a mirada cara ás miñas fiestras con expresión apurada, pero era tan guapo, tan elegante e parecía tan rico, que nunca me atrevería a ilusionarme con que pasase por alí por min. Alén diso, mirara para el tan pouco e

con tanta timidez que non era posible que lese na miña alma e se atrevese a escribirme aquelas palabras. Era unha loucura abandonarme a aquela esperanza.

Non obstante, convencinme aos poucos de que, fose el ou non o autor daquela nota, aquel descoñecido me amaba. Era fácil adiviñalo. Pasaba pola rúa para verme, era evidente. En canto a min, só pensaba nel. Ser amada por aquel mozo parecíame unha felicidade tan enorme que estaba case aterrada. A súa beleza semellábame aínda superior ao ideal que me formara dun amante.

Un día pasou de a cabalo por debaixo da miña fiestra, miroume e mostroume con disimulo un ramo de violetas que levaba na man. Pola mañá atopei aquelas flores no meu balcón. Dentro había outra nota na que estaba escrito: «Ámame? Lodovico». Non había dúbida. Era el, e amábame. Imaxina, Giorgio, a miña alma!

Naquel tempo, o meu curmán, que era maior e obtivera un ano de permiso, convivía coa miña familia. Quedara orfo de neno e o meu pai, que era máis ou menos da súa idade, apreciábao como a un irmán. Algúns amigos seus e do meu pai reuníanse ao serán na miña casa; eran persoas serias, solemnes, maduras, afeccionadas ás discusións políticas, e nin eu nin a miña nai adoitabamos facerlles máis compañía que a que impuñan as conveniencias. Pero o meu curmán díxome un día:

—Como é que nunca apareces? É coma se escapases. Tes medo dos nosos amigos e da nosa serieda-

de? Queres estar con persoas novas? Deixa que eu me ocupe. Traereiche unha calamita que te atraia.

Pola noite acudín e a piques estiven de me desmaiara cando o vin entrar na sala co descoñecido que me entregara aquelas dúas notas.

Presentoullo ao meu pai como o conde Lodovico de B..., véneto e emigrado. Dixo que o coñecera había uns días na biblioteca, falou con entusiasmo do seu enxeño, aludiu ás persecucións políticas que o obrigaran a emigrar, e engadiu que talvez quedaría varios meses na nosa cidade e que nos honraría algunha vez coas súas visitas. Como souben máis tarde, informárase polo meu curmán sobre o meu carácter, a miña posición e a miña fortuna, o cal, por outra banda, non fixera agromar en min sospeita ningunha acerca da lealdade da súa conduta. Era tan gracioso e amable que os meus pais deseguida se entusiasmaron; o meu curmán e os seus amigos non podían facer menos, e convidábanos a vir á nosa casa todos os seráns. Ao cabo de poucos días xa o considerabamos como un membro máis da familia.

É bastante difícil que logre facerche unha pintura exacta do seu carácter. Utilizo esta palabra, «carácter», porque é a que responde mellor ao meu concepto, non é que tivese un. Carecía de calquera principio e opinión. Acomodábase axiña aos dos demais, calquera que fosen, e con tal ardencia e sagacidade que ninguén o consideraría insincero. Pasaba dun ao outro extremo coa mesma facilidade e co mesmo aparente convencemento. Era malva-

do por natureza, en ocasións amable e bo por debilidade. Non tiña nin idea da dignidade persoal, non se preocupaba doutra cousa que non fose aparentala e parecer extremadamente celoso dela. Calquera mesquindade non a consideraría humillante; calquera obstáculo mortal non o disuadiría de acometer unha acción proveitosa para os seus intereses. Era incapaz de sentir escrúpulos. Toda a súa conduta estaba subordinada a unha única cousa: ao código. Cometera todas as deshonestidades que é posible cometer sen que a lei o atrapase. Mil veces na súa vida rozara o cárcere, pero nunca entrara nel. Contar como fora a súa vida non é posible, nin sequera el podería facelo. Errara de país en país vivindo de marabilla dos seus apaños de aventureiro, asumindo aquí un nome, alá outro, finxindo ser un mártir político, abrindo mil camiños co seu talento, co seu valor, coa súa perspicacia, sempre afortunado, sempre felizmente estafador.

A súa beleza debeu contribuír non pouco a ese éxito. Era alto, ben feito, novo, prometedor, moi louro. Tiña aspecto e maneiras distinguidas, un aire bondadoso e unha dozura extraordinaria, sempre estaba tranquilo e sereno, e parecía non coñecer outra cousa ca o sorriso. A estas calidades engadía un talento mediocre que semellaba ocultar un superior. Era douto en música e escribía versos. As súas composicións musicais e os seus poemas eran unha especie de salvoconduto, de recomendación da que se valía para acreditarse ante as familias que o hospedaban ou principiaban algunha relación con el.

Non tardaba en poñer de relevo estas dúas calidades e, sobre todo, dunha forma tan natural e sinxela que ninguén lle reprocharía a súa modestia.

Querido amigo, atreveime a darche un consello que che parecerá estraño, que se cadra fará que sorrías, pero que, así a todo, é bastante atinado. Desconfía dos que teñen por oficio facer versos, desconfía en xeral dos artistas e dos escritores mediocres. Durante o tempo que vivín co meu home tiven oportunidade de frecuentar un gran número deles e non atopei en ningún outro estrato da sociedade seres máis lúgubres e infames. Calquera afeccionado ás letras, á poesía, á arte, me produce horror. Posúen todas as paixóns desenfreadas e censurables dos grandes caracteres e nin unha soa das súas virtudes. Teñen a vaidade, o orgullo, a ambición, o egoísmo..., non obstante carecen de temperanza, dun sinxelo raio desa bondade repentina e fuxidía que caracteriza o xenio. Moitos confunden o enxeño co corazón; nada máis erróneo. Está demostrado que os homes máis eminentes na vida pública case sempre foron os máis miserables na vida privada. Xa o dixo Cristo: «O Reino dos Ceos é para os sinxelos». A honestidade non foi nunca o legado nin o privilexio da sabedoría.

Tal era en poucas palabras o home que se converteu no meu marido.

Mentiría se che dixese que casei con el sen amalo; mentiría se afirmase que o amei todo o que era capaz. Non sabía como era, pero tiña unha sorte de presentimento sobre a súa covardía, unha

especie de intuición misteriosa que lle impedía á miña alma entregarse por completo á súa. Se cadra o meu amor incapacitábame para comprender algunhas das vilezas que a miña conciencia entendera sen que eu me decatase e que trasladara ao meu corazón como ideas vagas e confusas. Porén, sufría, coma as demais mulleres, a sedución prepotente e incomprendible que exercen sobre nosoutras os homes de carácter violento, e decote tamén perverso. Observaríalo, é un feito común. As mulleres, malia non deixar de ser afables cos bos e cos indulxentes, preferimos sempre os homes audaces, prepotentes, dispostos á ofensa, que desprezan os outros, orgullosos de si; en suma, os peores homes. As maiores paixóns sentidas polas mulleres case sempre foron por homes abxectos. Téñome preguntado, ao ver algunhas mulleres novas, agradables, belas e elegantes: «A quen pertencerá o seu corazón? Quien gozará do seu afecto? Un home célebre? Un home de xenio? Un bo home? Non, un pequeno monstro, un necio, un malvado». Oh, Giorgio, somos as máis tristes e incoherentes criaturas!

Ao non querer ceder á solicitude dos meus pais, que lle suplicaran que quedásemos con eles, o meu home levoume a Turín. Establecémonos naquela cidade, onde, segundo el, tiña relacións con políticos que o axudarían a lograr unha posición elevada e unha fortuna considerable. Resultou doado decartarme dende o principio de que non me amaba polo artificiosas que eran as mostras de afecto que se afanaba en darme. E non só non me amaba,

senón que parecía estar a desgusto comigo e como forzado a violentar o seu corazón e a súa natureza para non demostrarmo. Lonxe de comprender o propósito deste disimulo, eu, na inmensidade da miña dor, estáballe agradecida. Sabía que non era fermosa, imaxinaba que a intimidade e a convivencia me fixeran aparecer aos seus ollos aínda máis fea do que era, e que no seu ánimo se desatara unha súbita aversión cara a min. Neste caso, o seu finximento respondía a un sentimento de delicadeza que eu non sabía apreciar convenientemente; era un sacrificio que debía recoñecerlle. Mantiven longo tempo esta ilusión, e esforceime en mantela, xa que, aínda que non era amada, me compracía pensar que o fora un tempo, que só a miña fealdade o separara de min, e que aínda podía estimalo. Naquela necesidade que eu sentía de xustificar fose como for a súa conduta, cantas cousas lle atribuíñ á miña fealdade!

Só un mes despois do noso matrimonio anuncioume que o goberno austríaco confiscara as súas rendas, polo que cumpría esixirlle ao meu pai o cobramento dunha parte do meu dote; faloume deste infortunio como de algo que non o deixaba acougar. Contenta porque isto o achegase máis a min, soliciteilles aos meus pais o pagamento dunha suma que constituía unha parte considerable da súa fortuna. Porén, este suceso non pareceu volvelo máis cauto, máis previsor, nin moito menos máis afectuoso. Os seus costumes empeoraron. Ausentábase parte da noite e non volvía até a mañá; a miúdo

pasaba días enteiros sen que nos vísemos; emprendía breves viaxes sen me avisar, e ao que regresaba, dicíame simplemente: «Desculpa, tiven que partir de repente por mor dun asunto urxente...». En poucas palabras, era evidente que non se ocupaba en absoluto de min nin sentía talvez esa especie de apego que nace da convivencia e do costume.

Malia isto, tiña arroutadas de tenrura, escasas pero intensas, e naqueles períodos parecía lamentar a súa frialdade e pedíame escusas polos seus agravios. Aparentaba tan sincero que eu non só volvía perdoalo e amalo, senón que me esforzaba en atopar en min algunha culpa que xustificase as súas.

Unha noite, nun deses momentos de abandono, confesoume que sufrira unha grave perda no xogo e que non se atrevía a pedirlle máis cartos ao meu pai, pero que se non pagaba sería pouco menos ca unha deshonra. Sentínme feliz cando lle entreguei todas as miñas xoias, os meus vestidos máis bonitos, todo o valioso que posuía para libralo das consecuencias daquela perda. Pagoume cunha semana de amor, de asiduidade, de tenrura, pero axiña volveu aos costumes de antes.

Resultaría demasiado longo relatar todas as miñas torturas e todas as súas ingratitudes, todas as astucias das que se serviu pouco e pouco para me despojar por completo da miña fortuna.

Un día, tras bastante tempo nunha acentuada axitación, entrou de súpeto no meu aposento co rostro extremadamente affixido. Díxome que nunca tivera o valor de confiarmo, pero que agora era ne-

cesario, aínda que fose demasiado tarde. De solteiro contraera unhas débedas que ascendían a unha enorme suma, máis da metade da fortuna da miña casa. Esperaba poder pagalas co capital que lle arrebataran coa imprevista confiscación, e por iso asinara letras de cambio cuxo vencemento inminente lle abría as portas da cadea. Prefería matarse. Levaba unha pistola e fixo ademán de dispararse no rostro.

Xa adiviñarías o que fixen. O meu pai e a miña nai atopáronme chorando. Preguntáronme se me amaba e díxenlles que si; se era feliz, e tamén contestei que si. Consentiron en despoxarse case enteiramente da súa fortuna para que eu estivese tranquila e fose feliz con el. Feliz!

Aquel sacrificio, que debía unilo máis a min, en cambio acabou por afastalo, e isto era natural, xa que non había posibilidade doutras especulacións ao meu cargo nin podía finxir máis. Encomecei entón a comprender algo do seu carácter e a tratar de resistir aquela necesidade de afecto inelutabile que me arrastraba cara a el. Mais era en baluto: non podía conciliarme con aquela fe e consideralo tan suíño e tan trafulqueiro; non podía deixar de amalo. Transformara o meu amor nunha relixión e porfiaba en dobregarme aínda que sabía que non me correspondía. Todo o que nos custa moito esperta o noso amor, malia ser remisos a facelo, e na obstinación dunha dor ou dun sacrificio hai unha amarga voluptuosidade que adoita ser tan doce coma a alegría.

Poucas semanas despois deste último suceso díxome que esperaba unha curmá súa de Venecia, que quería que a coñecese e que lle rogara que quedase xantar connosco. Aceptei de bo grado. Ao día seguinte, en efecto, presentoume unha muller nova e moi atractiva, e quixo que a bicase e que a tratase coa mesma confianza coa que el o facía. Eu non sospeitaba nada e agradoume a compañía daquela descoñecida que interrompía un tempo a monotonía chea de tedio da miña vida. Pareceume que aquela muller sentía afecto e un singular interese por min. Ao día seguinte recibín unha nota súa na que me dicía:

Teño que falar con vostede de asuntos que afectan ao seu futuro. Espéroa na miña casa (rúa Borgo Nuovo, nº 7). Non lle diga nada ao seu home ou todo sería inútil. Se aprecia a súa felicidade, veña.

Acudín co corazón agoniado. Non ben entrei, colleume polos ombreiros, con ademáns pouco amables pero sinceros, e díxome:

—Pobre, está arruinada, enganárona, traizoárona... Non o sabe? Ese home, o seu marido, non é o conde de B... nin o marqués de C... Que sei eu? Adoptou todos os títulos posibles. É un simple estafador, un tunante, un mal home. Eu, que non son a súa curmá, podo asegurar que é un pillabán, que ten esposa e dous fillos en Dalmacia. Contareille a súa vida e milagres. Coñecín o seu pai, tamén

dálmata, empregado na policía austríaca en Zara; coñecín a súa muller, unha pobre rapaza á que tamén enganou e á que abandonou como a abandonar a vostede. Se quere saber todas as súas canalladas, podo contarllas. Non se fíe, déixeo, regrese á súa casa. Sei que xa lle estafou sumas considerables, díxomo el mesmo. Dentro de pouco quitaralle o resto. Pasa a vida entre mulleres e xogando, e non posúe nin unha miga de corazón. Non pense en corrixilo. Confesareille que fun unha das súas amantes; deixeino hai tempo, pero a semana pasada fíxome un soneto polo meu aniversario, e así foi como volveu poñer o pé na miña casa. El foi quen me falou de vostede, e de que maneira! Se o escoitase! Espertou a miña curiosidade de coñecela, e insistín tanto que me contentou. Pobre criatura! Sentín compaixón por vostede, e pensei: «Direillo todo», e por iso a invitei a vir. Volva á súa casa. Créame: ese home causaralle a morte. Non será capaz de aturalo por mor da súa saúde e do seu carácter. Eu rin, non son muller de deixarme maltratar dese xeito, pero vostede! Quixen contarllo todo. Con esta boa acción vingueime del, así que estou contenta.

Ao que tornei á casa atopeino cando baixaba a escaleira.

—De onde vés? —preguntoume con aspereza.

—De ver a túa curmá —respondín eu—. Mandoume chamar para contarme todo o que sabe de ti e para darme algúns consellos ao respecto.

—Que ben! —dixo el engurrando o cello—. Xa o esperaba. Que estúpida!

—Non tes nada que dicir na túa defensa?

—Nada. Imaxino que che diría a verdade. Ven ao meu dormitorio e falaremos. Así que o sabes todo —dixo el—. Tanto me ten. Pensándoo ben, esa muller fíxome un favor. Serei sincero. Magoábame seguir enganándote. Se un home que vende a súa beleza, como a vendedes todas vós, é un mal home, eu son un pésimo individuo. Pero isto non importa, é unha cuestión de apreciación. Entre ti e mais eu existe un contrato. Ti déchesme o teu diñeiro e eu o meu atractivo, a miña xuventude, o meu talento. Sen intención de faltarche ao respecto, Fosca, sabes que non es fermosa. Estabamos en paz e así vivimos xuntos once meses; o noso negocio ía ben. Agora este contrato xa non nos convén? Pois desfagámolo. Coido que isto non che causará desgusto. Volverás á túa casa; o teu pai e a túa nai son persoas excelentes e recibirante cos brazos abertos. Eu volverei vagabundear polo mundo e divertirme. Si, foi un erro. Eu non nacín para a vida familiar. Ten en conta que debemos un semestre de alugueiro da casa. Estás avisada. Marcho deseguida. Até pronto.

Así foi como me separei do meu home. Ao meu regreso, atopei a miña familia case na pobreza. Ao remorso de sacrificar o seu benestar polo meu egoísmo, engadíase a dor de observar que a saúde dos meus pais se deteriorara moito por aqueles desgustos. Envelleceran, estaban preocupados, tristes, receosos. Aquelas dúas criaturas tan sinxelas, inxenuas e afectuosas sufriran unha desilusión demasiado grande e inesperada. Nunca imaxinaran que

existise no mundo un home coma o meu marido; superara con moito o concepto máis lúgubre que puidesen ter dos homes, e era natural que estivesen tan afectados. Só nos consolaba unha cousa daquela desgraza: ía ser nai. Eu tería un obxectivo na miña vida; eles, un afecto novo, unha nova divagación; os tres sentiamos que este acontecemento nos axudaría a esquecer o pasado e considerabámolo case coma unha compensación.

Decorreran cinco meses dende o día da nosa separación cando unha noite de inverno, mentres estábamos sentados ao pé da cheminea conversando, a porta abriuse de golpe e apareceu o meu home. Estaba moi alterado e mal vestido.

Eu lancei un grito de espanto. O meu pai achegouse tremendo pola emoción e pola ira, e preguntoulle:

—Que queres?

—Veño buscar a miña muller —respondeu el—.

Non nos separamos formalmente e teño todo o dereito de levala comigo.

—A túa muller deixou de pertencerche hai ben tempo.

—Engánase, a lei dáme a facultade de obrigala a seguírme.

—Non se moverá de aquí; marcha.

—Obrígame a usar a violencia? Non me agrada.

Achegouse a min e colleume polo brazo con intención de arrastrarme cara á porta. Resistínme, escorreguei e afociñei contra unha cadeira. El soltouse e díxome:

—Magoácheste? Desculpa, non era esa a miña intención.

O meu pai ía vello e non podía defenderme. Estabamos sós na casa.

—Quere cartos? —preguntoulle.

—Non acepto cartos de mans de ninguén, pero aínda teño algúns créditos sobre a súa filla que debe satisfacer.

—Pasa ao meu despacho.

Ao volver, asomouse á porta e díxome:

—Fosca, nunca te quixen mal, xúrocho. Non quixen facerte infeliz, pero estaba predestinado. Son un miserable. Agora vive tranquila, non volverás verme.

E marchou. O meu pai déralle case todos os cartos que tiña. Da nosa fortuna practicamente non quedaba nada.

A emoción e a caída aceleraron o instante que tanto arelara: sentía que por fin me ía converter en nai. Malia a dor, era feliz. Esta nova desgraza apurara o premio de todos os meus sufrimentos, o alivio e a alegría da miña vida. Ai! Non agoiraba a maior, a máis cruel, a máis horrible de todas as calamidades.

O meu fillo vivía, pero eu non podía converterme en nai.

Comigo, a natureza fora tamén unha madrasta e puxera aos praceres do meu amor o prezo da miña vida. Non só me privara da beleza para que nunca sentise o gozo dun afecto correspondido, senón que me fixera deforme para que non puidese gozar

nin sequer da maternidade, o único que podería salvarme. Si, oh, Giorgio, un fillo salvaríame. No entanto, a soidade das miñas paixóns arruinoume, perdeume!

Pero para que prolongar este relato? Escapei de milagre dunha morte case segura. Abandonei a cama tras un ano de enfermidade, cadavérica, consumida como me ves. O meu pai morreu de pena; a miña nai, que só vivía para el, seguiu deseguida. Do meu home non souben máis nada. Reuninme co meu curmán, quen, xeneroso, se sentía responsable de que coñecese o autor de todas as miñas desgrazas. E esta é a miña historia.

Se che contase agora a vida que pasei nestes catro anos de illamento, arrepiaríaste. Até entón fora unha rapaza, non coñecía nada do mundo; os meus padecementos, malia ser intensos, compensáranse en certo modo con algunhas ilusións que a inexperiencia e a mocidade fixeran xurdir en min; aínda posuía o segredo da fatua felicidade dos mozos: sabía esperar. Agora todo mudara, caera todo o edificio; quedara soa coas miñas paixóns, coa miña enfermidade, coa miña debilidade, con todas esas miserias que a natureza lle concedeu á muller sen a compensación dunha soa das súas alegrías.

Conteiche como o amor foi unha condición da miña vida, como era unha necesidade imperiosa e irrefreable dende os primeiros anos da miña infancia; imaxina o que debía ser entón, o que é agora. Nunca máis fun amada, non esperaba selo máis, pois aínda que a miña falta de atractivo o tornase

imposible, o meu corazón non era capaz de entregarse a un home común. Así, todo era contradición en min, todo era loita e antítese: o corazón, a natureza, o illamento, a enfermidade impulsábanme ao amor; a fealdade, o orgullo, as esixencias do honor, o deber arrastrábanme. Nunca houbo loita máis longa e máis cruel nunha alma. Acabou xa? Vencín? Só ti podes responderme, Giorgio, ti só!

XXX

Entrementres, en previsión da dor que lle causaría máis tarde unha viaxe miña a Milán, marchara ás agachadas, e o mesmo día que ela me mandaba este último relato sobre a súa vida, recibía de Clara a seguinte carta:

Acompañeite mentalmente a * * *. Son as tres da madrugada e chegarás neste momento. Quixen deitarme axiña que te deixei, e agora levántome para escribirche e ver espontar o día. Digo que te acompañei mentalmente porque ao durmir estaba segura de que ía soñar contigo. Estou afeita, e paréceme algo tan natural que me asustaría pasar unha soa noite sen facelo.

Non te fas idea da estraña impresión que me produce estar levantada a esta hora. Que silencio, que recollemento! Pensar que nunca na miña vida estiven esperta a estas horas! É algo sinxelo, pero chámame a atención. Estou vivindo nun instante que se produciu miles de veces na miña existencia e que nunca vivira. Estou contenta por poder escribirche neste momento, porque ti dormes e parece coma se me pertenceses máis. Pagaría por verte durmir! Nunca puiden entender por que se atopa tanto pracer en ver durmir a persoa amada; se-

rá talvez porque podemos observala e pensar nela libremente, sen necesidade de disimular as sensacións que experimentamos? Porque a vemos como desarmada, mansa, mellor? Ou máis ben porque nese aparente abandono da vida material hai unha transparencia que nos permite albiscar a súa alma? Cando vexo durmir o meu fillo case teño a certeza de facelo.

A propósito do meu fillo, atopei a maneira de inserir o teu nome nas oracións que rezamos todas as noites. Hai uns días, ao pasar con el preto dun vendedor de imaxes relixiosas, batemos cunha litografía enferruxada e de cor encarnada, que representaba a san Giorgio de a cabalo no momento de combater contra o dragón. Aquel cabalo e aquel dragón impresionárono vivamente. Merquei-lla e explíqueille que aquel santo matara os dragóns que comían os nenos malos, así que cumpría que se acordase del todas as noites nas súas oracións. Se as súas pregarías posúen algún valor, Deus ha telas en conta, e ademais, faime feliz escoitalo pronunciar o teu nome.

Mañá quero ir pasear polo camiño que vai a Loreto, onde comemos xuntos antonte. Que felices eramos! Meu Deus! Aínda que en verdade sempre fun feliz. É certo, Giorgio! Nacín así. Outra muller co meu pasado consideraría-se desgraciada; eu non. Sinto que sería inxusta se me lamentase. Antes de te coñecer, era feliz cunha felicidade melancólica, inerte, inconsciente, feliz coma os nenos, mais estaba contenta. Coméntocho porque case mo esixe a

débeda de gratitude que por mor disto teño co ceo. Prácame que ti e os demais o saiban, igual que nos agrada dar a coñecer e e estar informados dunha boa acción.

Sabes? Hoxe, no xantar, déronme de froita uns pexegos con moscatel, parecidos aos que tomamos en Loreto. Figúrate, farteime deles! Un horror! Saboreándoos cos ollos pechos, cría que aínda estabas ao meu carón.

El díxome: «Arre demo! Hache facer mal toda esa froita!». Se el soubese! Se puidese mandarche un! Aínda que en verdade, xa o notarías antonte, son lambona coma os nenos, como demasiado, devoro!

Quero enviarche as primicias da miña senilidade!

O outro día a peiteadora díxome:

—Señora, unha cana!

—É posible. Arríncama.

En efecto, era un cabelo de prata, e envíocho para que o vexas e o conserves como o testemuño dunha época.

Esa muller contoume que se guindas a primeira cana nun lago, convértese nunha anguía, e porfía nesa idea. Queres crer que esta superstición me produce xenreira e non tería valor para facer o experimento? Aínda que devezo por saber por que e en que momento este cabelo tornou branco! É un pensamento que me tortura o cerebro sen remedio. E se un día encanecese de todo? E se cando viñeses outra vez me atopases envellecida de golpe..., unha anciá, branca e engurrada? Que feliz sería!

Gustaríame que me fixeses unha chave da nosa casa para ir rezar de cando en vez, cando esteas lonxe. Non penses que cho digo en broma: de verdade, Giorgio, se hai un lugar onde sinto que podería pensar no ceo e sentirme mellor e rezar con auténtico fervor, é ese. Que ben ter na terra un sitio onde poder lembrar o ceo: dende el a felicidade xa está moi próxima. E así serías ti o que viñeses visitarme e eu a que tería que prepararme para te recibir. Rivalizaría contigo no alarde de preparativos. Verías que orde, cantas flores, que variedade de doces!

Volvo escribirche tras media hora de descanso. Estiven no balcón contemplando o amencer. Que delicioso espectáculo! Había tempo que non o contemplaba. Coido que un home enfasiado da vida só tería que asistir ao espectáculo dunha aurora para volver amala; estou segura de que nese momento non tería o valor de morrer. O costume de axustizar os delincuentes pola mañá é horrible, unha crueldade refinada e monstruosa. Morrer pola noite non debe ser nin a metade de doloroso. Pero non falemos disto. Eu amo a vida, Giorgio, en calquera momento; son feliz.

Entreí porque sopra un aire forte, penetrante, e só levo posta unha camisa fina coma unha arañeira. Se vises as reverencias que fan as miñas flores baixo as caricias desta airexa balsámica! Hai algunhas formigas que camiñan arriba e abaixo polo talo dun xeranio, cunha furia e cunha présa inexplicables. Van, veñen, atópanse, parten de novo, volven encontrarse... A que se dedican? En que asun-

tos se ocupan? Cal é o obxecto dese estraño labor? A xente que vai e vén pola rúa todo o día, e que eu adoito mirar dende o meu balcón, prodúceme a mesma impresión. Ríome das súas preocupacións. Pregúntome: «Amará esa xente?». O resto paréce-me inútil.

Ves esta bolboreta? Quixen enviarcha; zoaba ao redor da miña candeia mentres fun ao balcón. Afastáraa mil veces coa man. Ao volver, atopeina agonizante. Chocou coa chama e caeu sobre o papel cunha á queimada. Agradaríame coñecer o segredo desta atracción que a luz exerce sobre os insectos alados. Aman a luz e morren por ese amor. Que sublime! Pero, en verdade... cando se teñen ás, como non amar a luz e o azul? Nunca paraches a pensalo? As bolboretas son moito mellores ca nós. Cando se abrazan, morren.

Recollín estas flores que che mando e que bi-quei unha por unha para que ti fagas outro tanto. Non é pouca cousa o que che envíó hoxe: un cabelo branco, unha falena morta por amor e un pequeno xardín. Non te podes queixar. Tamén puxen un bico meu nun punto desta folla que non che indicarei; terás que atopalo. Na túa primeira carta dirasme onde tocaron os meus beizos. Non o esquezas. Propóñoche esta proba.

Adeus por agora, querido Giorgio. Xa é día e alguén pode sorprendeme. Ámasme? Dime, aínda me amas? Non cambiarías nesta eternidade de dez horas que nos separa? Só estou aquí por ti. Sabes dicirme se existe algo á parte de nós, algo que poida

causarnos pracer ou dor? Se hai vida fóra do noso afecto? Canto te amo, Giorgio! Meu Deus, canto te amo! Pode amarse tanto? Pode o corazón humano sentir tanto?

XXXI

Días despois da curación de Fosca, na súa casa considerábanme case como un membro máis da familia. Soubera reterme tan habilmente preto dela, a súa imaxinación fora tan fecunda en pretextos con este obxecto, que o seu curmán, lonxe de ofenderse, consideraba esta intimidade do máis natural e agradecía como unha cortesía. Era un home inocente e débil. Malia que a fealdade e sobre todo a enfermidade de Fosca farían imposible e case absurda calquera sospeita de relación amorosa entre nós, as súas imprudencias eran tantas e tan graves que ben puido reparar no que acontecía. En troques, co afecto sincero e case paternal que manifestaba pola súa curmá, era feliz con aquela especie de alivio que parecía proporcionarlle a miña compañía e co interese que eu demostraba polas súas desventuras.

Deixábame a soas con ela no seu dormitorio, de onde non saía até medianoite. Nin sequera sospeitaba o que outros sospeitarían. A súa confianza carecía de límites. Esa providencial cegueira que a natureza lles concedeu aos maridos e aos amantes era nel tan plena que, mesmo se eu amase aquela muller, abusaría da súa fe coa maior seguridade posible. Non me atrevo a dicir agora canto me affixía aquel abuso parcial que estaba forzado a facerlle. Este pesar era unha das maiores amarguras

daquel afecto. Por se non abondase para torturar a miña conciencia sabelo tan leal e inxenuo, fixérame algunhas confidencias que me deran a medida da alta estima na que me tiña. Contárame toda a vida de Fosca, tal como a soubera por ela, e falárame con dor da preocupación que sentía ao pensar nas súas íntimas angustias e na súa saúde incurable.

—Esta espiña non me deixa ter unha hora de paz —acostumaba dicirme co seu falar rudo, pero franco e afectuoso—. Non hai nada tan fóra de lugar como que unha muller viva cun soldado. Levala de acá para alá, cos seus nervios..., a ela, que ten a mesma saúde ca un inválido! Se un soldado puidese dispor dunha casa de seu coma o resto dos cabaleiros, aínda menos mal; mais, pola contra, estamos condenados a rodar de vila en vila coma o xudeu que losqueou o Señor. Cando o penso, revólvome contra Deus. Vale con que nos faga feos e sen saúde, pero deixarnos sós e sen unha alegría no mundo, iso é demasiado. E os libros acabaron de estragala. Demo de libros! Aprecieinos sempre coma unha palla no ollo. Vostede ten moita paciencia con ela, agrádézollo. É un mozo honrado e intelixente, e gústalle a súa compañía. Admíroo. Eu, cando era do seu tempo, non tiña nin unha onza desa calma, e moito menos do seu xuízo. Non lle fago máis eloxios porque estes son coma o viño: emborrachan. Téño en grande estima e, se pode, agradaríame serlle útil. Iso é todo.

E apertábame a man con efusión. Coa seguridade que nos outorgaba a intimidade, el mesmo, sen sequera sabelo, reforzaba os secretos vencellos que me ligaban a Fosca.

Se tiven que traizoar a nobre confianza daquel home e compensala máis tarde con ingratidade, o ceo é testemuña da inexorable fatalidade que me empuxou a facelo. El sabe que, de todas as amarguras que me causou este malvado amor, aquela foi a máis auténtica e profunda.

XXXII

Fosca e mais eu viviamos tan unidos coma dous amantes. De poder amala, de ser quen de sentir en verdade por ela o que tan só a piedade me incitaba a finxir, ningunha muller sería máis feliz, porque ningunha outra amaría con tal intensidade. Mesmo o cariño de Clara non era tan absoluto nin fondo; non tiña a forza nin a entrega, nin a continuidade, nin a voluptuosa lasitude do seu. Niso, o carácter de Fosca era privilexiado. Se cadra o ceo lle negara a beleza para temperar coa súa falla a perigosa exuberancia do seu carácter.

Alén disto, pensaba, actuaba e amaba coma unha enferma crónica. Todo era excepcional e contradictorio na súa conduta; a súa sensibilidade era tan excesiva que as súas accións, os seus afectos, os seus praceres, os seus temores, todo estaba subordinado ás circunstancias máis incoherentes da súa vida rutineira. Nunha soa cousa era constante: amando e contradicíndose, aínda cando nas súas mesmas contradicións houbera algo ordenado e coherente, e no seu amor un non sei que escuro e mutable que non permitía comprender a súa natureza e o seu propósito. Era ben certo que no fondo de todo había un carácter que se adivinaba sen poder explicalo.

Pasabamos case todo o día xuntos. Pola mañá víaa a soas coma antes; pola noite, o seu curmán ficaba un bocado connosco, logo saía e deixábanos sós. Fosca adoitaba estar na cama e eu velaba na cabeceira gran parte da noite. Era imposible rebelarse ante aquelas esixencias, imposible afastarse dela máis cedo do que era inexorablemente necesario ou amosar a fatiga que me supuña aquel sacrificio. Isto abondaría para lle provocar un terrible ataque. Ocorrera ás veces nos primeiros días da nosa relación, e arrepíarame tanto que me sometería a calquera terrible proba para evitalo.

Durante as súas convulsións temía que morrese, e estremecíame ante esta idea, xa que se acontecesse sería pola miña culpa. Polo costume, en poucos días resignárame até tal punto que case cesara de crer na posibilidade de evitar aquela tortura. O medo a matala volvíame capaz de calquera sacrificio. Ela facíame ficar ao pé do seu leito longas horas nas máis penosas posturas: ou coa cabeza na almofada, ou coas mans entrelazadas coas súas, ou coa faciana virada cara á luz para verme ben. Aplicábame en pechar os ollos, en abrílos, en finxir que durmía, en sorrir, en falar, en calar, en erguerme, en pasear, en volver sentar, segundo o seu antollo. Unha desobediencia cometida con graza podía provocar o seu sorriso, pero un acto despectivo podía ter fatais consecuencias.

Cando estaba moi enferma, os meus tormentos aumentaban. Sufría ataques de tristeza e de desesperación verdadeiramente espantosos. A piedade que sentía magoábame o corazón. Acometíana xaquecas tan violentas que case toleaba. Arrincaba os cabelos e tentaba golpear

a cabeza contra a parede. Con todo, no medio dos seus berros e espasmos non se esquecía de min: apertábame con forza, coma se buscase a salvación no meu seo, e non me soltaba até que a dor a abandonaba.

Eu quedaba entre os seus brazos, inerte, mudo, horrorizado, cos ollos pechos para non mirar o seu rostro, aterrado pola idea de que unha imprudencia miña provocase nela aquelas convulsións durante as cales podería traizoar sen querer o noso segredo. Nos escasos momentos de calma líalle un libro ou falabamos do noso pasado, e eu aparentaba fe e interese nos raros e imposibles plans que facía sobre o seu porvir. Con frecuencia mostrábase razoable, amable e sempre boa; falaba con palabras agradables e xentís, e as modulacións da súa voz era tan doces que, de non tela diante, un quedaría encantado coa súa compañía.

Neses intervalos de benestar que lle deixaba cadora a súa enfermidade, estaba animada, contenta, era até amena. Levantada, era outra muller. A magnificencia dos seus vestidos, os seus perfumes, as flores coas que enchía o seu aposento, parecían poñela baixo unha luz máis serena e arrodeala dunha atmosfera menos lúgubre. Aínda que os seus enfeites tan vistosos salientasen máis a súa fealdade, non a volvían tan espantosa. Neses momentos había na súa persoa algo vivo, novo, voluptuoso que a cama e a doenza non permitían que aparecese.

Pasaba case todo o día no seu gabinete, onde só recibía o seu curmán e a min. Alí había un amplo diván de veludo azul escuro sobre o que me invitaba a sentar ao seu lado. Assignárame un lugar á súa dereita, e esixía que

non sentase en ningún outro punto que non fose aquel. Ao verme sempre aí, dicía ela, cando eu non estaba, podía sentar nese sitio e imaxinar que me tiña preto. Adoitaba abrazarme longas horas, e obrigábame a repetir palabra por palabra algunhas frases afectuosas que non saían do meu corazón nin tería forzas de dicirlle. Estas loucuras súas eran tan interminables coma a miña resignación, xa que todo o que constituiría a felicidade dun amante formaba en cambio parte da miña tortura e non me atrevía a demostrarllo. Cubríame de pétalos de flores, facíame comer abrochos de rosas ou probar as súas menciñas, que case sempre eran moi amargas. Ás veces esixía que sentase á mesa e que lle escribise unha carta de amor ao seu ditado. Tras entregarse a todas estas tolerías, de súpeto sufría un ataque de tristeza, axeonllábase no chan, pedíame perdón e choraba. Pasaba dun exceso a outro, nun intre, sen causa aparente, e non moderaba nin a súa dor nin a súa lelicia.

O que me parecía máis incomprendible é que só vivía de café. Só sentaba á mesa para colocarse ao meu lado e poñer a proba a miña paciencia pasando os seus pequenos pés por debaixo dos meus para que llos apertase, ou rozando os meus xeonllos por debaixo do mantel. Naqueles momentos sabía que eu o toleraría todo e abusaba de bo grado desta certeza.

Pola tarde acostumabamos dar un paseo en carruaxe. O tempo aínda ía bastante cálido e saíamos ao empardecer. Co movemento do coche, o coronel prendía no sono, tranquilo porque xa estaba eu para conversar coa súa curmá, e, non ben poñía o pé no estribo, adormecía. Fosca parecía atopar gran pracer nos apertóns de

mans e nos bicos que me daba ás agachadas naqueles momentos. Constituía para ela a hora máis feliz da xornada: saber que o seu curmán estaba alí, que eu non me atrevería a dicir nin a opoñerme a nada, volvía a súa audacia aínda máis tormentosa. As súas imprudencias eran entón innumerables.

No que a min respecta, non había instantes máis tristes.

Case todos os camiños que percorriamos eran polo campo, estreitos, solitarios, abertos no medio de viñedos e pradarias. Estabamos a comezos do outono; os grilos, os saltóns, as pequenas ras das sebes enchían o ambiente cunha música doce e melancólica. O ceo case sempre estaba sereno e estrelado e o aire impregnado de recendos. Naqueles intres quería pensar en Clara, recollerme e entregarme a aquela imaxe, mais era imposible. Fosca reclamábame decontino á realidade da miña situación.

Pero, que sentido ten lembrar as angustias daqueles días? Houbo tales padecementos que non se poden imaxinar nin explicar, nin talvez aturar sen sucumbir. A proba que sufrín foi breve, e a iso lle debo a miña salvación. Vinte días despois da convalecencia de Fosca, eu xa non tiña saúde nin valor nin esperanza de sobrevivir a aquel infortunio.

XXXIII

Había algo especial sobre todas as cousas –e anótoo aquí como a explicación do abandono no que caera e da desconfianza que se enseñorara de min– que contribuía a aumentar a miña dor: a cisma, continua, horrenda de que aquela muller me arrastrase con ela á tumba. Era evidente que morrería pronto. Vela abrazarme, consumida e cadavérica, vela aferrarse a min, cinguirme contra o seu seo durante os seus espasmos, reforzaba día tras día esta espantosa fixación.

XXXIV

Alén disto, non tardou en desvelarse o segredo do noso amor, e deste modo o ridículo de semellante relación caeu tamén sobre min. Dixen *ridículo*, xa que para todos os que non coñecían as incidencias nin o carácter de Fosca, tales relacións non levaban a outra cousa ca ao asombro e ao riso. É difícil que o mundo lle atribúa a unha paixón amorosa máis causas e outros propósitos ca os que teñen de seu. E non se enganan, porque, ao noso pesar, o cariño, o corazón, o sentimento só son as maneiras e os pretextos que nos conducen ao pracer. O amor máis elevado non ten outro fin ca o máis innobre, tirante que este último vai por camiños máis directos e aquel por vereas ilusorias e reviradas. Dar por piedade o que se dá por egoísmo é pois un sacrificio tan grande e raro que poucos ou ningún o comprenden.

Fosca dispuña dunha doncela nova e bonita que estaba prometida cun servente do seu curmán. Certo día tiven a impresión de que me sorprendera bicando a súa señora cando cruzaba un corredor, ao fondo do cal había un espello que reflectía o interior da nosa estancia. Non me equivoquei. Unha noite, ao baixar as escaleiras, oín como lle falaba de min ao seu mozo nun cuarto contiguo ao relanzo. Parei a escoitar.

—Agora xa estou segura —diciálle—: a señora Fosca faille as beiras ao capitán.

—Imposible! Se non o vexo, non o creo.

—Querido, vino eu con estes ollos.

—Que viches?

—Como se bicaban.

—Ela a el?

—Non, el a ela.

—Ha, ha! Iso aínda é máis increíble! Esa muller esco-rrentaría o demo.

—A todos os demos. ¡É horrible!

—Gustaríame vela en camisón.

—Que malo!

E entre as súas risas escoitei o rumor do bico que intercambiaban, como para certificar a diferenza que existía entre os seus e os nosos.

Afasteime fondamente ferido no meu orgullo, triste, mortificado.

Pero este non era o peor dos males. Todas as persoas que frecuentaban a casa do coronel se decataran; ningunha delas se atrevía a abordar o asunto comigo, pero o seu comportamento deixábao claro. En varias ocasións sorprendera na mesa sorrisos e olladas de esguello que me partiran o corazón. Ríanse de min case abertamente, falaban daquel amor coma dunha aberración monstruosa. A única persoa que non estaba ao tanto era o seu curmán.

XXXV

Chegado a este punto téntame desistir de contar as miñas lembranzas, porque agora entendo a imposibilidade de facelo como requiriría a intensidade da miña dor.

A palabra –a pintura do pensamento– non é quen de retratar máis ca as paixóns comúns e convencionais; perfflaas, pero carece das luces e das sombras, non dá mostrado a profundidade nin as arestas, non pode describir as intensas alegrías nin as grandes penas.

As páxinas que omito, porque desespere de saber expresar con certeza o que sufrín, conterían os máis lamentables detalles deste relato. Todos os aspectos horribles do meu pasado tiveron lugar no decurso dos dous meses que pasei canda Fosca, e iso é algo indescribible. Abonda con que recolla aquí unhas poucas escenas para poder dicir máis tarde: «Foi aquel día», «Foi naquela hora», «Foi naquel instante». O tempo borra as datas fixadas, pero as que a dor esculpiu nos corazóns dos homes non se borran endexamais.

XXXVI

Estabamos no mes de novembro. Entón, certo día, Fosca díxome:

—Mañá pasaremos o día no campo. Choraremos polas follas que caen.

O lugar onde nos dirixiamos era unha propiedade a dez millas da cidade, situada nun recanto encantador, ao pé dos Apeninos. Xa estivera alí con ela outras veces e agradábame, aínda que a compañía de Fosca me amargase un pouco aquel pracer até volvermo case indiferente. No canto, ela reloucaba; aqueles eran os días máis ledos da súa vida. Se eu fose algo máis forte e xeneroso, podería e debería gozar daquela felicidade tan plena e enorme que ela sentía. Mais eu non posuía máis ca a virtude da tolerancia, só sabía resignarme e non podía esperar máis nada do meu corazón.

Aquel día estaba máis melancólico e abatido ca nunca: a miña saúde deteriorábase de maneira alarmante e con ela esvaecían a miña bravura, as miñas forzas e a miña xovialidade. De feito, a última vez que Clara me vira, asustárase e dixérame:

—Pobre Giorgio, parece que te estou vendo comacando viñeches petar por vez primeira na porta da miña casa; estás moi triste e esmirrado. Que tes?

E non sei se sería pola piedade que lle inspiraba o meu estado ou por algún afán íntimo, quedara cavilosa e bastante contristada.

Des que Fosca curara, fora vela dúas veces, e sempre a atopara igual: non parecía ela. Non é que me amase menos, pero xa non estaba tan contenta nin aparentaba feliz. Por que se empeñaba agora en asegurarme o seu amor, en xurarme que me amaba, en preguntarme se o seu cariño supuña toda a miña vida e a miña felicidade?

Malpocado! Eu dubidaba. Coñecía bastante ben o corazón dos homes. Cando o amor desaparece, daquela séntese a necesidade de afirmalo: somos os máis constantes, fieis e serios da natureza; queremos apresar ese amor que a natureza nos rouba, mais é en baluto. Como seguir amando cando o amor marchou, cando o noso corazón ficou deserto e o obxecto do noso afecto carece xa de atractivo para nós? Podemos chorar por esta fragilidade do amor, pero non detela: abandona os corazóns que creron demasiado nel.

Non, non temía que Clara cesase de amarme; esta sospeita mataríame —entón así o cría—, pero sentía na alma algo similar ao presaxio dun distante infortunio. Coidaba que a perdería, e amábaa máis, un feito portentoso, incomprendible para min mesmo; amábaa máis ca antes, alén daquela medida que xulgara extrema, máis do que crera compatible coa nosa natureza mortal.

Así era eu xacando. O perigo nunca desmentiu a fe que puña nos seres e nas cousas que me eran queridas. Non, nunca os abandonei. Até cando me escapaban, achegueime a eles para lanzármonos xuntos ao abismo, para precipitármonos nunha ruína común.

Pensaba nestas cousas sentado na beira dun regato, non lonxe da propiedade onde fora con Fosca e co coronel. Logo de tantas horas de persecución, ficara só un instante e escapara a aquel lugar case para agocharme. Degoraba paz e soidade. Aquel día Fosca comportárase dun xeito intolerable; parecérame odiosa. Durante a viaxe, durante a comida, durante os nosos paseos polo xardín non se apartara do meu lado nin un minuto. O seu curmán collera un fusil e marchara disparar ás pombas; ela levárame debaixo dunha árbore, fixérame sentar cabo dela e falárame do seu amor por extenso e tan apaixonadamente que tiña a alma ateigada de desesperación e de tedio. Xa non sentía piedade ningunha porque coidaba que a merecía máis eu mesmo.

Aproveitara un intre no que se arredara de min para fuxir e ir sentar alí. Canto tempo había que non estaba só no campo e non escoitaba a suave voz da natureza! Era un lugar tremendamente encantador: o chan penoso, con precipicios, barroncas e depresións; o regato que corría polo fondo dunha forza nun leito de seixos tersos e moi brancos; carballos e castiñeiros seculares que entrelazaban as súas pólas dunha beira á outra; o sol, próximo ao ocaso, que deitaba na tona da auga algunhas raiolas que semellaban convertela noutras tantas láminas de ouro e de prata... Cadora, un refacho facía caer unha chuvia de follas que a auga revolvía nos seus remuíños ou empuxaba cara á beira. O terreo estaba florido de ciclaminos, margaridas e violetas. Unha pica cantaba enriba da miña cabeza. Eu miraba e soñaba.

Levaba sentado alí por volta dunha hora cando, ao que levantei a vista cara á cima da barronca, descubrín a

Fosca mirándome. Non me movín. Ela vacilou un pouco, pero axiña atravesou correndo un treito da beira ategado de acacias e de moreiras, chegou onda min e instalouse ao meu lado en silencio.

—Escapas de min? —preguntoume ao cabo.

—Non, pero precisaba estar só.

—Por que non mo dixeches?

—Temía ofenderte.

—Pensas que é menos ofensa calalo?

—Meu Deus! —exclamei—. Sometes o meu corazón a unha proba ben esixente!

Ela fixo ademán de levantarse.

Eu erguín os ollos case sen querer e horroriceime ao comprobar que tiña a cara e as mans ensanguentadas. Ao atravesar a beira correndo ferírase coas espiñas das acacias, despeiteárase e esgazara o vestido.

—Para —díxennlle conmovido, agarrándoa do brazo—. Estás ferida, tenche que doer.

Ela ollou as mans sen moverse e dixo:

—Non me decatara.

Desateille o pano branco do pescozo e sequeille o rostro; mollei un extremo na auga e laveille as feridas. Ela deixábame facer sen dicir palabra: fitaba o torrente cos ollos regalados, absorta nunha estraña meditación.

—Que che pasa? —pregunteille—. En que pensas?

Non respondeu.

—Queres que me tire á auga? —díxome tras un intre de silencio.

—Fosca! Non sexas tan inxusta comigo. Sabes que teño momentos de tristeza durante os que ás veces me enfado, pero coñeces o meu corazón.

—Porque o coñezo, por iso penso que desexarías librar-te do peso do meu cariño. Cres que non me decato de que sofres?

Apertei a súa man sen contestar e apuntei:

—Creo que esaxeras.

—Pode ser.

Calamos os dous máis dunha hora.

Ela arrincaba de xeito compulsivo puñados de herba que guindaba á auga, colocaba follas sobre as súas rabuñaduras e levantábaas para ver os rastros do sangue. Eu miraba o fondo do regato, sementado de ramallos de algas que a auga curvaba ao pasar. Estabamos apoiados un no outro, abstraídos, inmóbiles, tanto, que non sentiamos o contacto.

O chocallo dunha vaca que ía pacer na beira esper-tounos daquela modorra. O animal miraba para nós pas-mado; baixaba a cabeza, ataniscaba un bocado de herba, logo volvía levantala e miraba. Cada vez que movía a cabeza, o chocallo que penduraba do seu pescozo emi-tía un son xordo e melancólico.

Fosca díxome:

—Por que me mira así?

—Non sei, tamén me mira a min —dixen sorrindo.

—Si, pero non tan en fite. Non sei por que, pero faime sentir unha gran pena, case medo. Espántaa, Giorgio, suplícocho.

E tapou a cara coas mans para non vela. Eu erguin-me e achegueime un pouco axitando un pano; a vaca fuxiu facendo tintinar a choca.

—E ti cres que ese animal é máis feliz ca min?

—preguntoume Fosca cando volvíñ sentar ao seu carón.

—Se non ter afectos, paixóns nin conciencia do ben e do mal é fonte de felicidade, si. Nese caso, tamén é máis afortunada ca calquera home que o sexa en grao máximo. En fin, quen podería escrutar na súa natureza?

—Estaba soa e semellaba tranquila. Acaso eses animais non se aman entre eles?

—Non coma nós. O que é estraño é que só o home lle teña pavor á soidade.

—Pero ti buscábala antes.

—Un instante.

—Por que querías estar só?

—Para pensar.

—En quen?

—Deus! En ninguén, en min mesmo, na natureza! Nunca sentiches a necesidade de estar soa?

—Si, cando sufría... para chorar.

—Pois iso é...

—Querías chorar? —interrompeu ela—. Por min?

—Non! —respondín impaciente—. Por Deus, só quería estar só, máis nada!

Fosca inclinou a cabeza con aire mortificado, colleu unha violeta e preguntoume:

—Por que florecen agora as violetas e as margaridas, as primeiras flores que se estragan na primavera?

—Creo que se equivocan —expliqueille—. A temperanza do outono fai que crean que chegou abril. Hai flores que caen no mesmo erro: as lilas, as rosas, os sabugueiros, todas as plantas temperás agroman no outono.

—É certo —dixo ela—, o outono e a primavera parécense. O mesmo que a mocidade e a velleira. Quen sabe se aos oitenta anos se senten as paixóns dos quince!

—Ca! —dixen eu—. O que si é verdade é que se senten as mesmas debilidades. A vida é un arco, os seus extremos imítanse porque están preto. Todos os seres vivos presentan, ao desmellorar e ao se destruír, os mesmos fenómenos que presentaron ao naceren e desenvolvérense. Mórrese como se comezou a vivir, e iso que chamamos morte talvez sexa o xermolo doutra vida.

—E estas violetas brancas son as dos mortos, non si? —apuntou ela—. Por que as flores dos mortos son todas brancas?

Eu estaba terriblemente aburrido daquelas preguntas. Aproximábase o luscofusco, o horizonte parecía en chamas, os troncos das árbores salientaban naquel fondo encarnado e cegador. Pensaba en Clara. Se estivese alí comigo!

—Non sei, talvez porque son as máis tristes e fráxiles.

—Regálame unha flor.

—Toma.

Cortei unha primula amarela e deilla.

—Que paxaro é ese que canta?

—Meu Deus! Unha carriza.

—Que sutil é o seu canto! De que cor é?

—Creo que gris. Míraa alí, naquela rama.

—Teño para min que é o máis pequeno dos paxaros.

—O máis pequeno.

—Dáme un bico.

Volvinme e biqueina con frialdade. Decatouse, olloume e dixo:

—Atorméntote, verdade? Pois bicareite eu soa.

Colleume unha man que achegou aos beizos. Ao ver que eu non dicía nada, volveu preguntarme:

—Tanto te amargo? Fago que sufras? Queres que marche? Responde.

Eu seguía calado. Levaba todo o día abafándome deste xeito e o desespero volvérame mudo e cruel.

—Responde —repetiu en ton suplicante.

—Déixame! —exclamei con impaciencia—. Déixame!

Ela levantouse e comezou a pasear amodo pola beira. Só se afastara uns pasos cando sentín un berro moi agudo; vireime e vin que caera ao chan e que sufría unha daquelas convulsións terribles.

Comprendín demasiado tarde o dano que lle causara. Aquel ataque era un dos máis violentos. De alí á casa había dez minutos de camiño, dentro de pouco sería noite e estabamos sós naquel precipicio.

Tendina na herba. Corría a coller auga na palma da man e molleille a face, pero foi en van. Os gritos e as convulsións calmaran, pero aínda estaba sen sentido. Sentei ao seu carón, esperando cunha mortal ansiedade que volveise en si. Pasou unha media hora, case estaba escuro. A vaca que viramos antes pasou pola cima do barranco axitando a súa cinzarra e parou un intre para mirarnos. Sentín certo medo ante aquela ollada. Aquela muller tendida na herba como morta, co vestido roto, coa cara lívida e ensanguentada, a aquela hora, naquela escuridade tétrica que non era nin luz nin tebras, naquela barranca profunda, baixo aquelas grandes árbores, sós... Había naquela escena algo tan tétrico que aínda hoxe me arrepía lembrar.

Cando me decatei de que era inútil esperar, collín en brazos a Fosca e encamiñeime á propiedade. Estaba tan delgada, tan consumida, que case adiviñaba o seu

esqueleto baixo as dobras do seu vestido de seda. Tremía. Que diferenza daqueles días nos que tiña costume de darlle voltas a Clara daquela maneira pola nosa pequena estancia e sentía tremer sobre min as súas formas cheas, flexibles, rexas!

O coronel estaba inquedo pola nosa ausencia, e aínda se desacougou máis cando nos viu tornar naquel estado. Conteille que, ao escoitar os gritos de Fosca, correra cara ao regato e atopáraa esvaecida na terra e que se cadra ao caer magoara a cara e as mans coas espiñas.

Así, desmaiada, colocámola na carruaxe. Durante a viaxe non soltou a miña man, que apertaba entre as súas nun acto compulsivo.

O seu curmán díxome:

—Sinto obrigalo a ir nunha posición tan incómoda. Coitada, non entende nada, cre que son eu.

—Certo —contestei eu—, cre que aperta a súa man.

XXXVII

Ao que cheguei á casa, dei en sentir esa especie de lixeira e benestar que precede a febre.

Deiteime, ansioso por durmir e non espertar máis, xa que non podía resistir as acometidas de todos aqueles pensamentos que torturaban a miña mente.

Non tardei en adormecer, pero pasei unha noite terrible; tiven pesadelos. Unha pantasma espantosa botábase enriba de min e esmagábame, sufocábame co seu peso; sentía fatiga, calor, sede e unha opresión inimaxinable. Pola mañá acordei aloulado, coma se non estivese esperto. Sentía unha inchume penosa no corazón, e coidaba que engrosara e que chocaba con violencia contra as paredes do peito. Como non me podía erguer, mandei chamar polo médico.

—Era sabido! —díxome—. Víaio esmorecer día tras día e desexaba dicirillo, pero non me decidía porque me daba apuro facerlle tal confianza e esperaba que un día ou outro vostede mesmo atoparía a maneira de cortar esa relación. Agora non podo deixar de facelo. Ten que deixar esa muller sexa como for. É vostede demasiado sensible.

—Cre que morrerá?

—Non se pode predicir. Secasí, vostede non faría máis ca precipitar a próxima e inevitable crise. Com-

prenderá que se trata dunha cuestión bastante delicada, e que eu non lle podo dicir: «Faga isto, faga aquilo»; só podo advertilo do perigo, iso é todo. Até aí chega o meu cometido. A súa enfermidade actual curará en oito días. Está san, recuperarase e mellorará. Con todo, a orixe do mal xa a ten e, se se descoida, non haberá tempo. Enfermará e ensumirase sen se decatara. Á súa idade, coa súa constitución e co seu carácter, un pode morrer. Non ten ningún outro desgusto?

—Non teño, non.

Tras un silencio, proseguíu:

—Terá que elixir entre a súa vida e a dela; ou vostede ou ela, ese é o dilema. Eu limítome a formularllo.

Receitoume unhas menciñas e marchou dicindo que volvería pronto.

Pasei todo aquel día sumido nunha fonda melancolía. Fóra ía moito vento e chuviscaba. Contemplaba as pingas de chuvia chorrear polos vidros e os ventiladores dos teitos xirar dun lado a outro renxendo. Ía chegar a noite, comezaba a escurecer. Os mobles da miña estancia desaparecían aos poucos na escuridade; o rumor da rúa cesaba, e sentía ao lonxe algúns repeniques de campás que me contristaban o corazón. Mergullábame nos pensamentos sobre os meus afectos e sufrimentos.

Ao cabo dun bocado sentín nas escaleiras un rumor de pasos acelerados, logo o frufrú dun vestido feminino e por fin a porta abriuse con violencia. Fosca apareceu coma unha visión no fondo do apousento, correu cara a min e axeonllouse ao pé da miña cama.

—Sofres, estás enfermo e pola miña culpa! Oh, Giorgio, meu anxo, perdoa, perdoa!

Saloucaba e non daba articulado máis palabras.

—Fosca, que fas? Érguete, érguete.

—Non até que me perdoes.

—Non teño nada que che perdoar.

—Si, dime que me perdoas.

—Estás perdoada.

—Grazas, grazas!

Ergueuse con traballo e tendeuse cos brazos estricados na miña cama.

—Onte atormenteite, tortureite coa miña insistencia, abusei de ti. Si, si, non digas que non é certo. Eu sei que estás doente por iso, síntoo. Fun moi egoísta e malvada! Pobre Giorgio! Non queres recoñecer que fixen que enfermases. Non sabes canto sufrín esta noite! Deus, canto sufrín! Ignoraba que estiveses enfermo; eu tamén estaba na cama. Súbeno agora e de súpeto sentínme forte. Levanteime e escapei. Pobre anxo! Pobre anxo! Son unha insensata e unha miserable!

E pechaba as mans e mordía a colcha da cama chorando.

—Cálmate, Fosca. Sabes que esta conmoción podería ser fatal. Se os teus ataques... Se pasase aquí... Pensa...

—Oh, non, non, iso é imposible, sufro demasiado neste momento e xa non son dona de min. Toda a miña vida es ti, eu non existo. Curarás, curarás axiña, non si? Cura, cura!

Ergueuse, guindou o chal nun recanto e empezou a camiñar polo dormitorio ás alancadas. Agarrou o extremo dun mantel que cubría a mesa e tirouno ao chan canda algúns adornos que había enriba. Mirou o ceo pola fiestra, arrimouse a unha parede, apoiou a cabeza e ficou

naquela actitude uns minutos. Eu miraba para ela... pasmado.

—Non quero que sufras ti só —seguiu, mentres se recuperaba—, non, non, non quero.

Mirou en volta, viu brillar sobre o escritorio a lámina de aceiro dun abrecartas, colleuno e achegouse a min berrando:

—Máncame, máncame. Onde che doe? No peito? No corazón? Máncame no corazón. Eu quero ter tamén a miña parte de dor, si, tamén quero sufrir.

Collinlle a man e quiteille o obxecto; tireino ao chan.

—Por caridade, Fosca —pedinlle—, non te deixes levar por estas arroutadas. Non estou mal, non teño nada. Senta cabo de min, nesta cadeira. Se de verdade me amas, se che importa a miña vida, a miña felicidade, non me affixas e non me asustes deste xeito.

Non dixo nada e sentou. Sentíaa chorar e saloucar forte na escuridade.

—Prende a luz —pedinlle.

—Non, veríasme e horrorizaríaste. Eu véxote igual. Non preciso a luz para verte.

—Por Deus! Nin que fose a primeira vez que te vexo!

—É certo —dixo ela con tristeza—. Ben, son eu a que quero verte —engadiu para mitigar a aspereza daquela resposta. Levantouse, acendeu a candeia e volveu sentar ao pé da cama—. Que pálido estás! Que guapo es! Por que estás tan pálido?

Dedicou un momento a mirarme como arroubada. Levantou a mirada e descubriu un vello Cristo de madeira colgado na parede.

—Es crente? —preguntoume.

—Un pouco.

—E rezas?

—Ás veces.

—Houbo un tempo no que eu tamén cría, no que tamén rezaba. Cando tiña quince anos choraba todas as noites cando rezaba. No internado había un camarín no que me agochaba para poder estar soa e rezar en voz alta sen que me escoitasen. Oh, que fe tiña daquela! Agora todo rematou e hai tres anos que non rezo. Penso con frecuencia no ceo, pero sen o invocar. Hai dous meses, nos primeiros días que te coñecín, unha noite que había un gran temporal e non daba durmido, erguinme e asomeime á fiestra. Estiñara, o ceo recuperara a serenidade como por encantamento e miríades de estrelas escintilaban. O aire era fresco, embalsamado, rico nese recendo acre que ten a terra húmida, e entón lembrei a Deus con máis forza e tendín os brazos cara ao ceo case para lle pedir que tivese misericordia de min e da miña xuventude infeliz; mais foi en van: non sentía a súa voz.

—Non é posible que non creas —díxenlle—. A túa bondade é unha fe; a virtude, unha relixión; a dor, unha pregaría. Cantos honestos se cren ateos por ser infelices! A súa infelicidade afástaos do ceo, e non deixan de ser eles os máis crentes! Pode a bondade non ser crente?

—É verdade. Se puidese crer aínda! Pero crerei por ti; rezarei por ti. Serei escoitada. Esta noite direi as miñas vellas oracións, direinas sempre, decotío. Mañá irei a unha igrexa para rezar e para chorar.

Fixo que lle pasase a man por debaixo da cabeza, volveu o meu rostro cara ao seu, miroume e sorriume cos ollos arrasados.

—Que guapo estás enfermo. Se non sufrises, gustaríame verte sempre así. Amañaríame para pasar a vida enteira deste xeito, ao pé da túa cama, mirándote.

Desordenoume o pelo coas mans e fixo que os guchos caesen cara a un lado e ao outro da almofada. Levantouse, colleu un espello e díxome:

—Mírate.

Eu mireime e sorrín. Bicou o espello, pousouno e volveu sentar.

—Vou marchar. O meu curmán saíu e aínda non volvería. Se o soubese...! Ai, se o soubese! Pero que importa? —replicou, abaneando a cabeza e abrazándome de novo—. Adórote, Giorgio, adórote. Que me importaría perder a miña paz, a miña fama, volverme ridícula, se é por ti? Onde che doe? Na cabeza, no corazón?

—Nos dous sitios, pero máis no corazón.

—A miña dor tamén é aí. Sinto unha pena, un ardor, unha cantidade de sangue... Parecerache estraño que malia estar tan consumida teña tanto sangue e, con todo, é así. Onte sentínme mellor, aquelas rabuñaduras fixéronme ben. Deberías quitarme un pouco —quitou un broche da cintura, deumo e díxome—: Pícame unha man!

—Iso é unha loucura! Que idea!

—Non, non! —exclamou ela con impaciencia—. Désexoo, por favor, Giorgio!

Eu aparteí o brazo. Decidida, ela agarroumo e turrrou del cara a si, e empezou a golpear a man que tiña libre coa agulla. Mancouse lixeiramente e unha pinga de sangue caeu na miña almofada.

—Agora estou contenta. Dóeme, abrásame, alédame.

—Vaite, vaite! —díxenlle eu—. É tarde.

—Si, marchó, volverei mañá, escaparei. Oh, por piedade, non sufras, non esteas triste! Axiña curarás.

Recolleu o chal que pisara paseando. Mirou en volta, fíxose na miña cama e nos meus mobles e díxome:

—Que paz se respira aquí! Que recollemento! Que relixión! Aquí vives ti, meu Giorgio —axeonllouse e ficou absorta un instante. Non sei en que pensaría. Colocou o veo do sombreiro, ergueuse e díxome con voz firme e resolta—: Un só bico, un só, e marchó deseguida.

Biqueina. A través do seu veo, vin brillar as súas bágoas.

Colleu o bordo da miña saba e achegouno aos beizos; bicou tamén un pequeno libro que había na mesa de noite. Xa na porta, volveu atrás, parou preto da cama, apoiouse nela coas mans cruzadas, miroume un intre e saíu sen falar.

Ao día seguinte o doutor atopoume peor.

XXXVIII

Doce días máis tarde xa deixara a cama, pero o médico prescribírame descanso. Non saía da casa e Fosca viña onda min acotío. Encomenzara a nevar, os días eran máis curtos e melancólicos e eu pasaba as horas cabo da cheminea, lendo, fantasiando, escallando o lume, mirando os pardais pousarse moi rufos nos beirados dos tellados, pensando no inverno anterior que pasara na miña terra nas mesmas condicións, semellante en todo a este de non ser que agora vivía baixo a canga dunha dor realmente intensa.

Os momentos nos que me acompañaba Fosca eran os máis tristes daqueles días. As súas contradicións nunca foran tan frecuentes e extremas. Se ben as súas mudanzas de rumbo non se debían á enfermidade que sufría, a alteración do seu carácter nunca se manifestara dun xeito tan pleno coma entón. Sen causa aparente, de socato, pasaba da aflicción á alegría, do exceso de piedade ao exceso de egoísmo, sen causa, ao chou e sen se decatarse do mal que me facía. Agora que estabamos libres, sós, seguros, aqueles encontros podían ser máis perigosos. O amor de Fosca xa non coñecía recato nin límite. Tería a súa virtude a forza de impoñerllos? Era a pregunta que me facía decontino entre estremecementos.

Porque a miña frialdade, a miña aversión, a miña repugnancia invencible, inconcibible, extrema, até daquela lograran que nos mantivésemos puros. Fosca comprendera a tácita elocuencia desa conduta; o seu amor propio impuxéralle non traizoar a natureza dos seus desexos, aínda que era ben doada de adiviñar. E se agora pasase por riba destas esixencias do seu amor propio? E se ousase...? E se a piedade me vencese...?

Cumpría que me decidise a non vela máis a soas, e só de cando en vez. Ademais dos perigos que supunñan as súas visitas, e da cisma terrible que se enseñorara de min e á que xa me referín —que pretendía arrastrarme canda ela á tumba, unha ameaza visible na deterioración que eu sufría co paso dos días—, metérase-me na cabeza que o espanto que me infundían os seus accesos nerviosos, a proximidade continua, o contacto, aquel non sei que de morboso que había nela, tarde ou cedo desencadearían en min a mesma enfermidade. Había momentos nos que sentía como me subía o sangue á cabeza, un violento arreguizo por todo o corpo, unha terrible opresión no peito, e o único que me aliviaba era chorar ás cuncas e berrar. Que era aquilo? Contaxiárame da súa doenza? Sería este o premio que recibía pola miña piedade?

Deste xeito, seguía vivindo con tales angustias, sen me resignar, sen me amosar abertamente intolerante, inerte; demasiado feble para decidirme a fuxir daquela muller, demasiado celoso da miña felicidade como para sacrificarlle por completo.

XXXIX

Ignoro até cando duraría aquela indecisión se a nova dun maior perigo non chega a salvarme.

—Que acordou facer? —preguntoume unha vez o médico.

—Xa sabe que nada. Non teño azos para tomar unha decisión.

—Pois conviría que se decidise.

—A que?

—Ao que considere mellor. Explicareille polo miúdo cal é a súa situación e cal a dela, e así poderá decidir o que lle convén.

—Fáleme pois da miña situación.

—É bastante máis triste do que cre. Supoño que até o de agora non houbo neste amor nada digno de culpa; é máis, estou certo...

—Nada, nada —dixen eu.

—Con todo, non me negará que comezou a temer pola virtude dela e tamén pola súa propia debilidade.

—Creo que xa lle falei disto.

—E a temer abondo.

—Moitísimo, as circunstancias...

—Si, en efecto, son as circunstancias as que crean para ambos os dous un perigo do que descoñece o alcance —continuou—. Se non lle falei antes deste asunto

é porque sabía que era inútil. As dificultades para que se visen con liberdade garantían a súa virtude, mentres que para vostede abondaba coa fealdade dela. Por iso, antes estaba tranquilo, estíveno até que caeu enfermo, mais agora xa é outra cousa. Coñezo o seu mal, xa que só se trata diso, e sei que ela podería abusar da súa condescendencia. Teña coidado. Revelareille algo.

—Estou ansioso.

—Saiba que o amor resultaría fatal para esa muller; calquera erro causaríalle a morte. A súa sensibilidade é tan profunda, a súa irritabilidade tan grande... Non lle direi máis, xa me entende. Trátase dunha enfermidade moi común, pero singular polo seu desenvolvemento, dunha doenza espantosa.

—Deus! E ela sábeo?

—Abofé!

—Nese caso, ela mesma...

—Claro! Ela mesma podería provocar este perigo. Xa a coñece. Vixíe que a idea de sacrificar a súa vida non exalte a súa imaxinación até que se converta en algo sublime. É consciente de que a súa existencia está a piques de acabar e de que pode xogar con ela impunemente. Pero, con respecto a vostede, é diferente: non ignora que o amor non está no corazón. Non se engane: esa muller non sacrificaría a súa existencia por vostede nin polo seu afecto, senón só pola súa felicidade. Estaba moito menos enferma antes de coñecelo —proseguiu o médico—. O contacto con vostede, a súa condescendencia resultaron fatais; de agora en diante irá a máis. Convénzase dunha cousa: ha de matala de calquera maneira, ben facéndoa feliz, ben tolerándoa como

fixo até o momento. A única saída que queda é que a abandone.

—Pero como! Como a vou abandonar?

—Diantre! Teño para min que non será imposible—respondeu el sorrindo—. Veña, anímese. Quere arruinarse así? En que está pensando? Enmagreceu considerablemente, ten unha febre que me asusta. Non sinto menos compaixón ca vostede por esa muller, admiro a súa loable xenerosidade, pero sacrificarse de tal guisa é unha estupidez. Ante todo están os deberes que ten para consigo mesmo. Farei que consiga un permiso co pretexto de que a súa enfermidade o esixe. Dentro de dous días poderá marchar. Tereino informado de todo. A seguir, veremos o que se pode facer; deixarémonos guiar polos acontecementos. Consente?

—Con toda a alma —respondín eu.

E dous días despois funme despedir do coronel, a quen lle dixen:

—Veño á súa oficina porque non me dará tempo a pasar esta noite pola súa casa. É tarde e debo atondar a miña partida. Escúseme coa súa curmá. Marcho mañá á alba.

—Arre demo! —exclamou o coronel—. Que desgusto que marche así, de improviso, aínda que por outra banda... Ao se tratar dunha terra coma esta, unha terra de bárbaros, de peles vermellas... é comprensible.

Abrazoume e estreitoume a man cunha rudeza chea de afecto.

Canto sentía ter que enganar a aquel home!

XL

Aquela noite non durmín. Pasei preto de seis horas amodorrado nunha cadeira de brazos ao pé do lume, cós pés cruzados sobre a cinseira, pensando e fantasiando coas chamuscas da cheminea. As ideas máis doces e as máis tristes sucedíanse sen pausa na miña mente, chocaban, mesturábanse sen me deixar un instante de paz. Actuaba con humanidade abandonando a Fosca daquela forma? Era leal, era honesto fuxir así dela, enganala daquela maneira? Sobre todo, era prudente? Nada diso. Non lograba acalmar a miña conciencia nin estar seguro de que esta decisión non comprometería o noso segredo. E se ao coñecer a noticia ela revelase nun dos seus ataques os motivos da miña fuxida? E se o seu curmán...? E ademais, ela sufriría de verdade, dunha maneira horrible, mesmo podería morrer! Secasí, aínda que non acontecese nada disto, si estaba seguro de que esa muller me desprezaría, e con razón. Esta suposición era a menos triste que facía.

Mais, por outro lado, cantas consideracións xurdían a fin xustificarme! A miña saúde, os deberes que tiña para con Clara, a miña crecente aversión cara a Fosca, a imposibilidade de separarme dela dunha forma menos violenta, aquela especie de influencia decisiva que o médico exercera sobre a miña vontade; todo isto pesaba na

dolorosa apreciación que trataba de facer sobre o meu comportamento.

E ademais, cantas compensacións! Escaparía das persecucións de Fosca, non a vería máis, recuperaría a saúde e a alegría, volvería estar con Clara, pasaría corenta días na súa compañía... Corenta días! Isto abundaba para confortarme ante aqueles escrúpulos e temores. A idea de volver abrazar a Clara mantívome esperto e ensumido nas miñas divagacións até a mañá. Cada vez que se me aparecía a imaxe de Fosca, a de Clara interpúñase para ocultala.

Prendín no sono unhas horas, até que na torre da praza soaron as seis. Conviña marchar. O lume esmorecera e sentíame dorido e anquilosado por quedar naquela cadeira. Abandonei a estancia cunha sorte de trepidación angustiada pero doce: por todas partes, a rentes da cama, sobre o diván, nos arcos das fiestras, en todas as esquinas da cámara cría ver a Fosca observándome inexorable e ameazante.

Baixei á rúa. Sopraba un aire xélido e cortante. Os farois aínda estaban acesos, abría o día, o ceo estaba gris e bretemoso. Algúns condutores de coches públicos durmían ao sereno, envoltidos nos seus abrigos, no pescante das carruaxes. Collín unha, metinme dentro e mandei que me levase ao tren. Chegaría cedo, mais non importaba. Agardei media hora paseando pola sala, falando e rindo eu só. Apoiado nunha xamba da porta repasei as datas das viaxes que fixera até entón a Milán e que tivera o coidado de escribir, sempre a lapis. Eran cinco en total. Engadín esta última: *Giorgio e Clara, 19 de decembro de 1863.*

Estas datas existían catro meses atrás. O tempo, que destruíra os meus afectos, non borrara as súas pegadas. Ao saír da sala para entrar no coche, decateime de que comezaba a chover. Sentei nun extremo do asento preto da ventá para poder mirar o campo, que estaba cuberto de neve. Os meus escrúpulos esvaecéranse por completo e sentíame ledó e feliz coma un rapaz. En seis horas estaría entre os brazos de Clara.

Cando estabamos a piques de partir, escoitei como se abría a porta e entraba ás présas outro viaxeiro. Vireime e quedei fulminado: era Fosca.

Sentou ao meu lado sen dicir nada. Os seus cabelos estaban desordenados, as súas faccións horriblemente alteradas, a palidez do seu rostro era cadavérica. Os ollos de todos os pasaxeiros dirixíronse cara a ela cunha mestura de compaixón, espanto e sorpresa. Eu mesmo nunca a vira cun aspecto tan arrepiante. Se o asombro, se o terror non me imposibilitasen pensar rápido, aínda estaría a tempo de descender con ela do tren, pero non se me ocorreu esta idea até que o convoi arrincou.

Renuncio a describir o tormento daquela cruel situación. Descubrírase o segredo da nosa intimidade; non só iso, senón que abandonara a súa casa para seguirme. Se até aquel día experimentara a súa dozura, agora tocaríame a súa ira: lía nos seus ollos a indignación reprimida, unha firmeza de intencións que nunca intuía no seu carácter. Sentara cabo de min, só para se asegurar de que non lle escaparía. Non me miraba, nin parecía esixirme explicación ningunha pola miña conduta. Ademais, a súa voz adoitaba ser tan frouxa que o ruído das rodas impediría que a escoitase.

Limiteime a aceptar o único remedio que me quedaba: na primeira estación na que paramos, erguinme e díxenlle:

—Baixemos. Quedaremos aquí, esperaremos polo primeiro tren de volta. Falaremos.

Obedeceume sen responder.

O lugar onde paramos era unha pequena vila de poucas casas e distaba dez minutos da estación. O tren non volvería pasar até dentro de seis horas; cumpría buscar un sitio quente e abrigado. Non había carruaxes, seguía a chover e había que percorrer a pé o treito do camiño que nos separaba da vila.

Ofrecinlle o brazo, aceptouno e apoiouse nel coma se estivese a piques de desmaiarse. Tapeina un pouco co meu abrigo. O camiño estaba cuberto de lama e encharcado, e afundiámonos até os nocellos. Todo o campo estaba nevado. Unha bandada de corvos engruñábase nas árbores; saltaban dunha póla a outra sen baixar de alí. Camiñabamos en silencio. Eu apertaba o brazo de Fosca e sentía tremer o seu corpo pola emoción e polo frío. Só unha enorme firmeza de vontade podía darlle aquela forza.

Non ben chegamos á vila vimos unha casa que tiña pintada na porta unha coroa de hedra, e no medio desta unha botella e un vaso unidos cunha ancha pincelada de minio que pretendía representar un chorro de viño que saía do vaso e se vertía na botella, que era máis pequena. Entramos naquela baiuca. Era unha estancia de chan terreño, chea de carreteiros que blasfemaban, bebían e fumaban de pé, coma se estivesen a punto de marchar. Dispostas ao redor das paredes había unhas

mesas negras, graxentas, cotrosas, que pingaban aceite; un olor repugnante a pechado, a alcohol, a fume de tabaco ruín infectaba o ambiente até volvelo irrespirable.

Mentres os carreteiros esculcaban marabillados e intercambiaban miradas —nin sequera eu podía deixar de reparar no contraste entre o rostro cadavérico de Fosca e aquelas caras encarnadas, gordas e curtidas—, pregunteille á dona da baiuca se dispuña dunha estancia apartada e se podía prender o lume.

—Non hai máis estancia ca esta —aclaroume—, pero, se quere, poño a miña á súa disposición.

Subimos por unha escaleira de madeira a un apouento amplo e provisto dunha cheminea na que apenas tardou en quentar unha gran chama. Ofrecinlle unha cadeira a Fosca, que axiña se deixou caer, derreada, e collín outra para min e sentei en fronte dela do outro lado da cheminea.

Estabamos sós e como xa non era posible evitar unha explicación, considerei que era mellor canto máis antes.

—Xa ves, Fosca, a onde nos conduciron as túas loucuras!

Ela ergueu os ollos amodo, case con fatiga, mirou para min e volveunos baixar sen responder.

—Espero que me digas con que propósito me seguiches, que plans tes —continuí—, como reaccionará o teu curmán cando descubra a túa fuxida, se é que non a descubriu xa.

—Sexan cales sexan as consecuencias da miña decisión —dixo ela con calma—, ti non es responsable.

—Aínda así, creo que neste momento... Sabes que teño un permiso de corenta días do que gozaba para

recuperar a saúde que arruinei por ti, e que a túa imprudencia me obrigará a renunciar a el.

—Por que? Podes continuar a túa viaxe; se estou aquí contigo é porque me invitaches a vir.

—Fosca —díxenlle alterado—, espero que non leves máis lonxe a túa crueldade e que non te burles incluso da miña delicadeza. As razóns que aduces non teñen máis lóxica ca as dun rapaz. Es intelixente de sobra para non darte de conta.

—Non, non —contestou ela, segura de si—, engánaste. Estou disposta a deixarte seguir o teu camiño, a non interpoñerme na túa felicidade. Onte á noite souben da túa decisión; era demasiado tarde para poder saír da casa, así que fun onda ti esta mañá e xa marcharas. De atoparte, contaríache os meus plans. Pero cheguei a tempo para verte e para seguirte; acompañareite sen falar, sen preguntarche nada, sen pretender nada de ti. Imaxino que non me negarás o dereito. Trouxen cartos e irei contigo a calquera sitio. Ninguén me impedirá vivir na mesma cidade, na mesma casa, non perderte de vista un instante. Se non me dixeses de baixar, acompañaríate como unha descoñecida até Milán. En canto ao meu curmán, tranquilízate: escribinlle sobre este amor, confeseille que te comprometiches comigo tras a miña insistencia, que tiveches que sacrificarte por esta paixón e que decidiches abandonarme cun engano. Contelle que es honesto, bo, leal, que o teu maior sufrimento era traizoar a súa confianza, e creo que adiviñei o teu sentir. Podes estar tranquilo.

—E coidas que así quedo libre de toda a responsabilidade que me ocasionaron as túas loucuras?

—É a segunda vez que utilizas a palabra «loucuras». Pensaba que polo menos non dubidaría do meu corazón, que respectaría a miña dor.

—Pero, que pretendes de min?

—Nada.

—Por que me seguiches?

—Xa cho dixen.

—Pero non te amo, xa o sabes.

—Tanto ten; eu si te amo.

—Non pensaches a que te conducirá esta situación?

—Só podó pensar en ti.

—A túa saúde impedirá que me sigas. Non terás forzas para chegar até Milán.

—Pois morrerei no camiño.

—Pensas que así te vou amar e admirar. Nesta decisión hai máis da túa vaidade ca do teu corazón. Desengánete: a miña estima, o meu cariño non se fortalecen con esta falsa constancia.

—Coñécesme mal. Non cría no teu amor cando afirmabas amarme; como ía enganarme con que aumentase agora que escapas de min? Sempre souben que era unha ilusión. Son eu a que te ameí, a que te amo, a que desexo amarte. Contraín este empeño coa miña conciencia. Tes que crerme, obrígoche a facelo. Consagreime a ti e decidín morrer por ti. Precisaba un propósito na vida, atopeino e alcanzareino. Non importa que non me ames, mesmo podes odiarme, tanto me ten; preferiría o teu odio á túa indiferenza. Quero asegurarme de que me recordes; quero obrigarte a que te acordes de min. Cando caía sobre ti todo o peso da miña tenrura, cando te siga sempre e a calquera lugar coma a túa sombra, cando

morra por ti, daquela xa non poderás esquecerme. Por iso te seguín.

—Iso é unha aberración —díxenlle.

—Talvez, pero tanto ten.

—Unha aberración inútil...

—Non o creo. Coñézote.

—Cando menos, cruel.

—Si.

—Sabes que sufrirei?

—Si.

—Como podes conciliar dous sentimentos tan dispares: o amor que dis sentir por min e o desexo de que sufras?

—Non desexo que sufras. Se puidese, gustaríame que foses feliz comigo, pero o meu amor é moito máis grande ca os sufrimentos que podo causarche.

—Non entendo; en ti, todo son contradicións.

—Si, horribles e espantosas contradicións —exclamou con ímpeto.

Ambos calamos un instante.

—Hai unha maneira —replicou con calma e sen apartar a mirada da chama que fitaba— de que evites as miñas ameazas.

—Cal?

—Matarme.

—Matarte! Que insensatez! Sabes que non se mata a ninguén impunemente nin sen razón. Se mo pedises aos quince anos, consideraríao algo novo, romántico, conmovedor... Pero a estas alturas! E por que tería que matarte? Porque non te podo amar? Que culpa teño eu se o meu corazón non sente nada por ti?

—O teu corazón! Non o menciones. Coñezo a hipocrísia das paixóns, experimenteina. O corazón non é o amor. Se a miña cara fose menos fea, se puidese corrixir as liñas do meu nariz, da miña boca, da miña fronte, conseguir un chisco da frescura e da gordura da máis insignificante muller do vulgo, adoraríásmeme. A amizade é bondade, pero o amor só é beleza.

—Como ti queiras. Razón de máis para que deixes de me perseguir tan cruelmente. Como impoñer unha simpatía que a natureza se negou a inspirarme? Teño que sufrir as consecuencias da que eu inspirei en ti de xeito tan fatal? Que podía facer por ti que non fixen? Dediqueiche catro meses da miña mocidade, sacrifiqueime por completo aos teus caprichos, ás túas pretensións, aos teus nervios. Tiven a forza de finxir un afecto que estaba ben lonxe de sentir, a delicadeza de disimular de todas as maneiras posibles a miña aversión. Resistín até onde puider; cando vin que perigaba a miña saúde, e que non me libraría de ti se non fuxía, decidín, aínda que con repugnancia, servirme desta argucia. Un santo non faría máis. Que queres de min? Que máis me esixes? Sentín un vivo interese por ti, compadecinte, estímate. Obrigarasme agora a falarche con aspereza, a acalar mesmo a miña piedade? Es unha desagradecida, unha ingrata, non tes corazón. Se me amases, deixaríásmeme en paz. Acaso pretendes que che sacrifique toda a miña vida? É imposible. Catro meses de tales tormentos son unha eternidade; un amor feliz non duraría máis. Sábelo e non podes disimulalo: non pododo amarte!

—Oh, amarasme! —exclamou cunha voz terrible—. Amarasme!

Endereitouse e fitoume con aire decidido e ameazante. Sucedeu que eu quedei copado polo medo e a sorpresa. Estaba acostumado a temer aquela muller e admirábame e doíame a audacia que puxera naquelas miñas palabras. Como me atrevera a tanto? Comprendía que actuaba por un dos seus rautos, por unha daquelas súbitas mudanzas tan habituais no seu carácter, e que sería imposible manter con ela unha discusión seria e tranquila.

—Fosca...! —díxenlle en ton afectuoso, e sentínme superado por unha repentina angustia no corazón que me impediu continuar.

Ela levou as mans á fronte, esmagouna até imprimir as marcas dos dedos, alzou os ollos ao ceo e retorceu as mans berrando:

—Estou desesperada, estou desesperada!

Mirou en volta aterrada, descubriu a ventá, vacilou un instante e despois lanzouse a ela con ímpeto.

—Adeus, Giorgio, adeus! Non me verás máis!

Alcanceina antes de que a abraze e arrastreina á forza até a cadeira. Saloucaba con angustia sen chorar. Abraceina contra o meu peito con tenrura.

—Senta, senta —díxenlle—. Non te desgustes así, farei o que queiras. Estás tremendo e moi pálida!

—Teño frío.

Tapeina co meu abrigo e avivei o lume.

—Tes os pés mollados e a roupa empapada pola chuva. Arrímate ao lume. Acouga. Sabes que non son malvado, non che hei facer mal ningún. Obedecereite, pero non me asustes coas túas arroutadas. Ten compaixón de min!

Volví sentar e tapei a cara coas mans para ocultar as bágoas que a piedade que sentía por ela e a indignación pola miña triste sorte puxeran nos meus ollos.

Ficamos en silencio. Fosca decatouse de que choraba.

—Choras! Oh, meu Deus! —deixouse caer na cadeira e tendeu-me os brazos, suplicante—: Non chores, non chores. Son unha egoísta, unha miserable. Sei que es infeliz pola miña culpa, pero non teño forzas para renunciar a ti, non podo. Velaí a miña maior calamidade... Perdóame, perdóame! Se vises na miña alma! Se soubeses como te amo, como te necesito! Fai o que queiras comigo, serei a túa escrava, a túa serva, pero non fuxas de min, non me abandones. Non podería estar corenta días sen verte, sería imposible, morrería desesperada. Volve, volve. Sabes que morrerei axiña, sinto a morte dentro de min. Espera un pouco e serás libre. Es novo e guapo, tes saúde e talento e unha vida feliz; o mundo é teu, disporás dunha longa felicidade. Sacríficate un pouco máis por min. Cando morra, considerarás este infortunio como un instante de amargura nas longas horas de ledicia das que gozarás. Se cadra, lembrárasme entre bágoas. Non me fales de deberes nin de razóns. Eu xa non teño razón nin conciencia do deber; non me esixas o que non me é posible obter. Ámote, iso é todo o que podo dicirche. Ten caridade. Volverás? Dime que volverás.

Arrastrouse cara a min e escondeu o cabeza entre os meus xeonllos.

—Si, volveremos estar xuntos —aceptei eu—. Pero mañá teño que marchar; teño que estar polo menos dous días en Milán.

—Claro, tanto ten! —exclamou ela—. Non podo pre-
tender ser feliz eu soa. Resistirei. Pero non quedarás
máis tempo, non si? Prométeme que volverás.

—Prométocho.

—Xúrao.

—Xúrocho... Poderei talvez verte na túa casa? O teu
curmán...

—Espero que non vise a miña carta e que non saiba
nada. Deixei na encol da miña mesa de traballo. Des
que non estou na cama, non pasa polo meu cuarto. Xa
sabes que só sae da oficina para comer. Antes desa hora
estarei de volta. A miña doncela sabe algo, está avisada
e non dirá nada. En calquera caso, hoxe verei o médico e
rogareille que fale contigo.

Omito o resto daquel triste diálogo. Busquei unha
carruaxe e levei a Fosca á estación. O frío, a canseira
e a dor esgotaran até tal extremo as súas forzas que
case tiven que collela en brazos para que subise os dous
estribos do coche do convoi.

Quixo sentar en fronte de min e ter as miñas mans
entre as súas, achegar a súa cara á miña, bicarme de
cando en vez coma se estivésemos sós. Canto máis sufría,
máis afectuosa se mostraba. O espanto, a axitación, as
discusións daquela mañá cansáranas; xa case non tiña
conciencia da nosa situación, e entregábase a min sen
recato.

Quen eramos? Que relación había entre aqueles dous
seres tan diversos? Aquela muller tan monstruosa, tan
espantosa, tan enferma, podía ser a amante daquel ho-
me? Esas eran as preguntas que lía nas miradas atónitas
dos nosos compañeiros de viaxe.

Lembrarei toda a vida aquel día!

Pola noite tranquileime un pouco cando recibín esta nota do doutor:

Souben todo o que aconteceu hoxe, e escribolle por mandado dela. Estea tranquilo, o asunto non tivo consecuencias; o seu curmán ignórao todo. Sei que acordou marchar mañá e que prometeu tornar dentro de dous días. Mañá irei falar con vostede para aconsellalo.

Que máis consellos podía darme naquel caso?

XLI

Minutos antes de marchar, presentouse o médico.

Entrou na estancia riseiro, con aspecto de querer mo-farse da miña derrota, e esta conduta ofenderíame se non soubese do seu sincero interese pola miña situación e se non estivese seguro de que estaba alí para suxerirme algún outro remedio.

—Aquí estamos de novo —dixo mentres sentaba—. Non pensei que o volvería ver tan pronto. Sentiu medo? Deixouse guiar coma un año.

—Non coñece esa muller —respondín eu—. Non pen-sará que puiden comportarme doutra maneira?

—Xa sei, aínda que o asunto é bastante singular. Non se ofenda se non podo reprimir o sorriso. Polo menos, imaxino que a súa estadía de dous días en Milán será unha escusa e que a súa marcha será definitiva.

—Non é así. Prometín tornar.

—Esquézao.

—Deille a miña palabra.

—Mal feito. Esquézao.

—Imposible.

—Vostede verá. Non lle explicarei agora as miñas teorías sobre o honor, limitareime a facerlle unha pre-gunta: que ten pensado facer?

—O que xa é inevitable: volver, xustificar con calquera pretexto a miña renuncia ao permiso e quedar con ela até que non vexa a posibilidade de facer outra cousa.

—Deixe que lle tome o pulso —dixo, e engurrou o cello mentres palpaba—. Diminuíu a súa tose?

—Vai a máis.

—Dorme?

—Pouco.

—Nervioso?

—En extremo.

—Ten pesadelos?

—Horribles.

—Ben, dentro de dous días será trasladado a Milán —falou el con tranquilidade—. Está bastante mal, precisa mudar de aires. Este ambiente prexudícao.

—A Milán! Dentro de dous días.

—Si, xa me encargo eu. O aire desa terra sentaralle ben. Revogarei o seu permiso e cambiareino por un traslado que converterá a súa partida nun feito inevitable. Ela comprenderao e non poderá opoñerse. Direille que eu son o responsable e que actúo contra a súa vontade.

—Pero pense...

—En que? —interrompeume con impaciencia—. Penso no seu ben, xa que vostede non ten nin miga de xuízo e permite que pensen por vostede os seus amigos. Despois de todas as loucuras que fixo por vostede, despois da colosal de onte, a saúde desa muller empeorou até tal punto que non ha durar nin dous meses, pero outros dous meses convivindo con ela abondarían para que esta lenta inflamación se desenvolva tanto que sería

imposible detela. Faga a apreciación que considere da miña mediación, que o obrigo a sufrir. Cumpro co meu deber. Xa mo agradecerá máis adiante.

E marchou denantes de que a miña vacilación atopase palabras para estimulalo e disuadilo do seu plan.

XLII

Desexaría obviar os últimos días que pasei con Clara en Milán. Non quereda rescatar das escuras profundidades da miña memoria máis ca as dores –xa que evocar as alegrías é deber bastante triste e difícil. O meu corazón xa non coñece o camiño do gozo, esqueceu a súa lingua-xe! Pero como non lembrar aqueles últimos lóstregos de felicidade que alegraron a nosa existencia? Os primeiros praceres non son menos doces ca os últimos, mais non se recordan coa mesma trepidación. Daquela esperabamos outros, máis frecuentes e máis intensos; a xuventude e a sorte estaban connosco; aínda había tempo para saciarse con eles... Pero agora...! Son os derradeiros gozos os que se lembran toda a vida, eses unidos ao corazón coa mesma supersticiosa relixión coa que se grava a memoria dun defunto. Non son os praceres que comezan os que se botan de menos, son os que rematan.

Nunha natureza na que todo morre, nunha natureza na que todo desaparece, as cousas máis amadas son as que perdemos. A fortuna fai que nos parezan máis queridos os obxectos que perdemos ca os que nos dá, e talvez sexa isto o que nos vai reconciliando coa idea da destrución e da morte. Porén, tristes aquelas cousas das que exclamamos: «Son as últimas!». A miúdo contemplo saír o sol con alegría, pero ás veces sinto como se me encolle

o corazón, e estendo os brazos cara a el nas melancólicas
horas do solpor.

XLIII

Velaquí tan só o que escribín no meu diario:

23 de decembro de 1863

Apunto esta data e estas lembranzas dúas horas antes de marchar de Milán. Clara acaba de deixarme. Teño o corazón ateigado de bágoas e sinto desexos de chorar coma un cativo. Por que? Non o sei explicar. Quizais sexa unha necesidade puramente física. Despois dos vinte anos as bágoas caen no corazón e vanse acumulando. Creo que se pode morrer destas lágrimas que non atopan unha saída. Por que non se volve chorar despois dos vinte anos?

Cheguei onte, pasei todo o día con ela, aquí, sós, contentos, aínda que non tanto coma antes... Ámame menos? Non, parece seguir amándome igual. Temo que adiviñei o terrible segredo que se empeña en ocultarme. Clara non é feliz.

Por que chorou onte á noite ao deixarme? Ela, que nunca antes chorara. Sabía que me volvería abrazar hoxe. Nunca saboreara nin bebera as súas bágoas. Que amargas son!

Penso con enfado, case con ira, na estraña conformidade que a fortuna puxo tras algunhas escenas destes dous amores tan distintos. Que compara-

ción! Que analoxía nestas antíteses! Hoxe pasamos catro horas no campo, sobre a neve, no medio do trollo, coma antonte con Fosca. Clara quixo volver ver o noso tabernáculo, os nosos prados, as nosas árbores, os nosos regatos. Tentei en van disuadila desta intención. Tiven que acompañala. Nesta estación! Nunca, nunca esqueceré este paseo!

Por que dixó que quería tratar de atoparse a si mesma? Vénme agora á mente esta frase escura e angustiada.

Subimos nunha carruaxe na que xa estiveramos xuntos unha vez nos primeiros tempos do noso amor. Clara reconeceuna. Aínda había na tapizaría do coche un G que ela gravara entón cunha agulla. Descendemos fóra da cidade pola parte de Morivione. Fomos até Vaiano e atravesamos os prados correndo. Clara quixo entrar na igrexa e axeonllouse un momento para rezar. Non había nin unha alma. Que solemnidade a das igrexas desertas!

Bebemos leite nunha daquelas barracas miserables que se atopan nas curvas da canle. Entramos na corte. Uns nenos xogaban nunha esquina do presebe e miráronnos atónitos e case asustados. Non nos quitaban ollo. Que quietude alí dentro! Que calor! Pregunteille a Clara:

—Gustaríache vivir aquí comigo?

—Non —respondeu ela con tristeza—. Aborrezoo a laceira.

A campesiña díxonos:

—Creo que os señores xa estiveron aquí polo San Giorgio.

—Cando? —preguntoulle Clara.

—Polo San Giorgio, o día que se acostuma ir beber leite no campo.

Cando saímos, Clara díxome:

—Fíxenlle repetir dúas veces o teu nome.

Volvemos atravesando o dique longo e sutil que divide as dúas canles. Tiñamos que camiñar un detrás do outro. Clara díxome:

—Vai ti diante, quero verte.

De improviso, volvinme e sorprendina chorando.

—Choras —díxenlle con ansiedade—. Que tes? Por que choras?

Interrompeume cun sorriso e díxome:

—É por mirar a neve. Pouco sabes de bágoas!

Subimos na carruaxe que nos esperaba. O cocheiro mirounos conturbado. Estabamos empapados. Dixémoslle que nos levase a Porta Magenta e repetimos as nosas aventuras a pé. A néboa levantárase e o sol lucía con toda a súa forza. A neve parecía feita de palliñas de prata, e cegaba. As árbores estaban cheas de pegas e de merlos, o regato estaba xeado por ambas as dúas beiras e a auga corría paseniño polo medio; non se vía nin un insecto nin un talo de herba.

Clara chegou de primeira á nosa cabana —o noso tabernáculo— e correu até ela, pero a porta estaba pechada e non nos foi posible entrar.

Aflixiuna tanto esta contrariedade que case se bota a chorar. Cruzou a ponte de madeira sobre a cal era doado esvarar polo xeo, e abrazou unha árbore baixo a que adoitabamos protexernos do sol.

Sentou na neve nun punto no que sentabamos e pasabamos longas horas sobre a herba. Atopamos nunha sebe algúns rebentos vermellos dos que dan as rosas ventureiras e que teñen un sabor acre que roza a dozura, e un niño cheo de follas secas e de neve. Cantos recordos naquel lugar, cantos!

Clara exclamou: «Pensar que todo volverá florecer na primavera, que estes lugares volverán ser tan fermosos coma nos primeiros días do noso amor!».

—Claro —díxenlle eu—, seica pensar iso non te conforta?

—Seremos aínda nós tan novos e tan felices?

Non souben que responder. Por que concibiu esta dúbida?

Ao volver colleu preto da sebe dun xardín unha sempreviva, coas que se fan as coroas mortuorias.

—Tíraa —díxenlle eu—, é a flor dos mortos.

—Por que? —respondeu ela con tristeza—. Se é a única flor que non murcha? A única que nunca morre? A flor das lembranzas é caduca, pero esta sempre sobrevive na memoria. Aquela é para os afectos vivos, esta para os afectos sepultados.

E quixo que a aceptase e prometese conservala como recordo daquel día.

—Tornemos ao teu cuarto —díxome—. Quero pasar todo o día contigo, hoxe estou tola. Teño frío, estou entalada, acenderemos o lume.

Durante o traxecto na carruaxe comezou a braçuñar. Quixo que puxese as mans no seu manguito. No seu interior palpei algúns obxectos que recollera en lembranza daquel paseo: unha folla de hedra e a

rama dunha árbore. Percorremos aquel longo treito do camiño sen falar, xuntos, tapados co seu abrigo, mirándonos, coas mans collidas no manguito.

Na miña estancia prendemos un gran lume.

Nunca vira a Clara tan pálida. Que fermosa estaba así!

Tiña os pés mollados.

—Quita as botas —díxenlle.

Non quixo.

—Enfermarás. Obedece ou quítochas eu.

Deixoumo facer, aínda que a desgusto. Tamén tiña as medias molladas; desateinas e quiteillas. Vin os seus pés espidos, pequenos, torneados, rosados; quenteillos coas mans.

A noite sorprendeunos cabo do lume. Pasamos tres horas un nos brazos do outro. Nunca puxera tanta dozura no seu abandono. Por que estaba tan melancólica? Por que non era quen de se separar de min? Por que retrocedeu para bicar a porta do noso cuarto? En baluto torturo o meu corazón con estas preguntas.

Esqueceu aquí a súa cruz de brillantes. Levarei-na comigo, xa lla devolverei cando volva.

Escribo instantes despois da súa marcha. Miro con tristura a cadeira na que sentou e os últimos tizóns do fogar que se apagan. Nunca a ameí tanto coma hoxe. Que sería de min sen esta muller!

XLIV

Ao día seguinte era a vixilia do Nadal. Dixéralle a Fosca que volvería para ese día e mantiven a miña promesa. Unha nota do doutor que atopei na miña estancia advertíame:

Ela espera que veña comer. Se vén (e non faría mal facéndoo), pode dicirlles ao coronel e aos demais que aínda non marchou, que unha leve indisposición o obrigou a quedar. Eu darei fe. Imaxino que non terá medo de agravar a súa conciencia con esta mentira inevitable.

Fun. Como non podería evitar ver a Fosca, o menor dos males era non vela a soas. A certeza do meu traslado inminente infundíame unha especie de valor que antes non tiña. Case me sentía audaz. Afrontaba estes perigos con calma, porque sabía que eran os últimos.

A miña aparición non causou sorpresa entre os comensais, xa que o doutor os previra. O coronel estreitoume a man até facerme sentir de máis a presión dos seus dedos secos e nerviosos, e díxome con franqueza:

—Estou moi contento de que aínda non marchase; síntoo por vostede, pero alégrome. Entendo que é unha puerilidade, un costume coma calquera outro, pero nes-

te día sinto a necesidade de estar rodeado dos meus amigos. O Nadal é a festa máis fermosa do ano. Non son turco nin católico; só son un home de ben. Algunhas festas cristiás gústanme, lévoas no sangue, harmonizan coas miñas conviccións, considero que teñen un fondo significado que as aparencias nos agochan. A relixión é un pretexto. Non cre? Xa non é o nacemento de Cristo o que celebramos; festexamos a familia, a ledicia da vida doméstica, o fogar. Se esta festa se celebrase en agosto, non tería nin a metade da importancia. Nesta estación sentimos a necesidade de nos reunir. Velaquí a casa, a cheminea, a árbore tradicional, a mesa disposta. Mágoa que non neve! Hai tempo pasei este día nas montañas, nunha cabana sepultada entre avalanchas, cos lobos á porta. Aquel foi un auténtico Nadal! Quedará connosco esta noite? Organizaremos unha pequena cea.

—De bo grado —dixen eu—. Tamén eu teño bos recordos desta festa.

—Quen non os ten? —continuou o coronel mentres sentabamos á mesa—. As máis fermosas acordanzas da familia agroman este día. Quen non lembra as horas máis xoviais da súa infancia, as persoas que amou, os pais, os irmáns? Cómpre pensar no Nadal, na casa na que un naceu, na estancia na que un se refuxiaba, no lume da cheminea, na noite en vela charlando...

—E nas lupandas... —interrompeu un comensal.

—Como queira, tamén nas lupandas —continuou o coronel—. Mal vai se neste pavo trufado non ve máis ca iso. Eu vexo a razón dun vencello entre nós. Onde están mellor reunidos os homes ca arredor dunha mesa? É aí onde comparten o pan e o viño, onde se demostran con

eficacia o afecto mutuo ofrecéndose reciprocamente as cousas máis necesarias da vida. Velaquí unha peituga de perdiz; permita que lla ofrezca. Pensa que un home que lle ofrece unha peituga de perdiz sería o seu inimigo?

Esta oferta ía dirixida a min.

—Permita o ceo que non caia en tal erro —dixen eu—. Considero a súa oferta como o máis elocuente testemuño da súa amizade.

—Aínda que crea que o dixo de broma, é unha gran verdade! —exclamou el—. Eu aprendín a non darlles valor ningún aos regalos que adoitan intercambiar os ricos, a eses pequenos sacrificios feitos e retribuídos por convención. De rapaz era moi pobre, non me avergoña confesalo. Agora ben, o mellor cuarto da casa era o meu; as miudezas que podía permitir a nosa situación eran para min; na mesa dábanme as cousas máis exquisitas. A miña nai afanábase en darme todas as pequenas bagatelas que me compracesen; ese era o auténtico cariño. O resto é convencional, falso, aparencia. Se un home famento —poñamos sinxelamente un home comellón— me dese a única costeleta que lle quedase para comer, creo que debería celebralo máis ca se me dese vinte napoleóns dos corenta que levase no peto.

—É verdade —dixo Fosca—, eu creo...

—Escúsame —interrompeu o seu curmán—. Ti non podes crer nada, nin xulgar este asunto de maneira competente; non podes coñecer o valor dunha costeleta, xa que nunca comiches unha enteira na túa vida.

—Ei, ei! —exclamou o doutor—. Esa argumentación é falsa. Conviría indagar se un pracer debería ser medido pola súa entidade máis ca pola súa duración.

—Pola unha e pola outra —dixen eu.

—Si, pero bastante máis pola duración —dixo o coronel—. Farei un esforzo de lóxica. Argumentemos un caso oposto. Supoñamos a modo de exemplo que reciben unha bastonada; sentirán dor por unha, claro, pero se en cambio reciben dez ou vinte... Que lles parecería? Persistirían en crer que a dor das dez, das vinte é a mesma ca a dunha? De forma singular, si, mais moitas dores reunidas constitúen unha dor meirande. Pois así acontece cos praceres. Sumemos os praceres e teremos un máis vivo e duradeiro. Talvez se quedásemos aquí, sentados a esta mesa até a medianoite, e lográsemos atar cunha cadea pequenos praceres intermedios, eses dous grandes polos do pracer que son a comida e a cea, non resolveríamos con honor esta cuestión?

Esta proposta atopou eco en todos os comensais.

—Quen virá cear connosco? —preguntou o doutor.

—Un montón de xente, boa parte de todos os nosos honorables colegas.

—Incluída a baronesa, a muller de...

—Do seu home.

—Ou do amigo do seu home!

—Fóra a maledicencia —dixo o coronel—. Creo que se teño algunha virtude, é esta: non ver o que non debe ser visto, e se o vexo, convencerme de que non o vin. Hai un gran beneficio que cada home está en disposición de facerlle a outro, e que é non obstante o que máis raramente fai: absterse de dicir maldades.

—Eu non tiña tal intención —dixo o que soltara a observación—. Quería facer constar un feito. Hai certas cousas que saltan aos ollos. Os maridos...

—Poida que os maridos vexan pouco —interrompeu o coronel—, pero hai outros que ven de máis. Aprecio máis a cegueira dos primeiros ca a astucia dos segundos. A confianza dun marido, dun pai, dun irmán comóveme, dobremente cando se traizo. Nunca me rin da simplicidade; creo que é a máis nobre das virtudes. En cambio, sempre temín a falsidade. A natureza outorgoulle ao home esta cegueira para darlle á culpa da muller un relevo aínda máis rechamante.

Mirei para Fosca, cuxo rostro comezara a palidecer. Rematara a comida e, de poder facelo, suxeríralle con gusto que se retirase á súa cámara.

—E se non fose... —continuou o coronel.

Pero foi interrompido pola chegada do sarxento de correos que lle traía un paquete de cartas. Había unha para min. Recoñecín que era de Clara, e agocheina na carteira, impaciente por quedar só para lela. Despois das loucuras do noso último encontro, que me contaría?

O coronel fixo ademán de devolverlle as súas ao sarxento para que llas levase ao despacho, pero ao ver unha co selo do Ministerio, colleuna e abriuna. Leuna nun dicir amén, volveuse cara a min sorprendido e desgustado, olloume como para me interrogar e díxome:

—É vostede ou son eses señores do Ministerio os que quixeron darnos esta sorpresa? Foi destinado ao departamento de Milán e terá que marchar de inmediato ao seu destino. Arre demo...!

—A Milán...! —balbucín confuso—. Trasladado! A verdade é que non entendo...

E levantei a mirada cara a Fosca. Vin como o seu rostro palidecía, se transfiguraba, se afiaba. Tendeu os

brazos cara a min, tentou erguerse e volveu estomballarse na cadeira. O seu curmán e os médicos arrodeárona deseguida. Ora mirábanme a min, ora a ela, e parecían sospeitar as causas daquela repentina crise. Por un instante reinou o silencio. Os ollos de Fosca, regalados, fitos, vidrosos, non cesaban de mirar para min. Deseguida ergueuse, axitada por unha espantosa contracción, correu cara a min, aferrouse á miña roupa e prorrompeu nun grito magoante:

—Giorgio, non me abandones! Adorado Giorgio!

Aquelas palabras, aquel acto, constituían unha confesión demasiado elocuente. O seu curmán palideceu, arrubiou e volveu palidecer. Ficou inmóbil un instante, como aparvado, paralizado, fulminado por aquela revelación; logo abalanzouse sobre Fosca, mirándome cuns ollos terribles, arrincouna con violencia dos meus brazos e arrastrouna cara ao seu cuarto. Ao cruzar o limiar da porta, volveuse e díxome:

—Señor, saia desta casa. Verémonos pronto.

Ollei en volta coa mirada perdida: o sarxento de correos e as doncelas desapareceran; os comensais levantáranse e aparentaban furgar acó e alá entre os mobles buscando as súas gorras e os seus sabres. Saín e baixei as escaleiras co desespero no corazón.

XLV

Non sei por que escapei. Creo que foi por instinto: un foxe da dor coma dun perigo. Ao pouco estaba fóra da cidade, no campo aberto. Xa estaba escuro e os camiños estaban desertos. Detívenme nunha encrucillada e recorrín coa funda do sabre algúns rebentos de sanguíño que espontaban dunha sebe para tirarlles a neve. Mirei para unha luz que un campesiño levaba ao lonxe, a valmontes, e que parecía andar soa; seguina coa vista até que a perdín. Un can estransillado, feo, ruín, achegouse a min osmando e axitando con lentitude, case con fatiga, o seu rabo enroscado. Chameino e inclineime para acariñalo; logo escorrenteino dándolle co pé. Os seus ouveos espertáronme daquela especie de abstracción parecida ao somnambulismo. Recuperei a conciencia, lembrei o que acontecera e levei as mans ás tempas porque coidaba que algo me rompía na cabeza.

Agora todo se descubrira, e de que maneira cruel e imprevista! Dentro de pouco o noso segredo estaría en boca de todos. Fosca, o seu curmán, eu máis ca calquera outro, seríamos obxecto de escarnio e de ridículo. El, aquel home honesto, aquel home excelente fora condenado á mesma pena que unha sociedade inxusta, fatua, torpemente cruel botaba sobre min. Máis aínda: tería que baterme con el, quizais ferilo, quizais matalo, ou

resultar eu ferido ou morto. Ese era o premio que el recibía pola súa confianza e eu polo meu sacrificio. Unha fatalidade inexorable causara nas nosas existencias este terrible dilema.

Porque, sería eu tan vil para facer caer sobre ela a responsabilidade daquel suceso, para dicirlle que ela me impuxera o seu amor? E mesmo se el quedaba convencido, renegaría das esixencias deses prexuízos que o obrigaban a pretender de min unha reparación tan obvia coma a ofensa? Non, dende este punto de vista non había ningún camiño de transición: o duelo era inevitable.

Unha vez definida a miña situación nestes termos, sentínme algo máis tranquilo. O temor, a espera dunha desgraza, son un mal maior ca o que se teme e se espera. Importaríame pouco morrer; afíxerame a esta idea dende cativo e a miña mocidade non fora outra cousa ca unha loita continua entre o instinto tenaz da vida e a asidua tentación do suicidio. Pero matalo a el, a aquel home que se acomodaba tan ben cos homes e coa existencia, que era tan honestamente feliz...! Estes pensamentos mancábame o corazón.

Por Fosca non sentía gran pena. Non a amaba; o dano que causara parecía separarnos máis. A miña piedade estaba tan amortecida que o máis pequeno dos seus agravios abondaba para facela calar.

As miñas ideas aclaráronse pouco e pouco.

Non se atura moito tempo a opresión dun gran pesadume. O corazón, prostrado durante un instante, anímase axiña; a esperanza volve sorrir, anticipa os acontecementos e indícanos as alegrías que compensarán os nosos afáns.

Volví á cidade. Tiña a sensación de que esquecía algo, andábame pola mente a confusa idea dun próximo pracer, dunha ledicia certa, pero non sabía cal sería. De pronto recordei, coma un alustro, que aínda non lera a carta de Clara.

Sorrín para min mesmo e corrín á casa. Aquela carta compensaríame de todo. E ademais, a miña felicidade estaba agora asegurada: nunhas poucas horas partiría para Milán, viviría sempre ao seu carón, non a abandonaríaa nunca máis. Agora estaba seguro. Como podía lamentarme dunha desgraza tan leve ante os atractivos dun gozo tan intenso e duradeiro? Ríame daquela dor miserable.

Non sei se os demais amantes se comportan nos seus afectos dunha maneira tan extremadamente pueril como o fixen eu. Gustaríame ler no corazón dos outros homes para saber se eu en verdade ameí máis, se nisto fun, como crin e temín sempre, unha excepción monstruosa e desgraciada.

Sempre lera as cartas de Clara horas despois de recibilas, para prolongar coa expectación o pracer da súa lectura. Con frecuencia, non ben a abría, comezaba a lela cara a atrás ou á luz da chama da candeia, e miraba aquí e alá ás présas algunhas palabras, volvía dobrar deseguida aquelas follas para construír con elas frases ao meu antollo e fantasiar sobre o que me contaría. Non entendía nada até que non as lía dez ou vinte veces; retíñaas na memoria e recitábaas para min antes de durmir. Algunhas veces copiábaas imitando a súa letra para probar dalgunha maneira as sensacións que sentira ela ao escribilas.

Daquela tiña vinte e cinco anos!

Mais aquela noite estaba demasiado aflixido, necesitaba consolo como para aprazar o pracer. Abrina con ávida impaciencia, e velaquí o que contiña aquela terrible carta:

Procura escoitar con calma o que che vou contar. Ten ti as forzas que eu non teño e poida que non sintas a amargura destas bágoas desesperadas que verto ao escribirche. Meu bo amigo, meu Giorgio, meu anxo, non podemos vernos máis, debemos deixarnos para sempre. A miña man vacila e o meu corazón rompe ao escribir estas palabras.

Escoita. Serei breve, contareiche todo o máis concisamente que poida, xa que cada palabra que poño me traspasa a alma coma un gume. Reveses da fortuna graves e imprevistos arruinaron a miña familia. O meu home case é pobre. Cómpre que todo mude na nosa forma de vida, que eu atenda coa miña vixilancia, coa miña presenza, talvez co meu traballo, as economías que me imponen os meus deberes como muller e nai. O meu home talvez me agraviou, pero eu castigueino ben. De calquera maneira, agora que é infeliz, sinto a necesidade de achegarme a el e de protexelo co meu cariño. O destino uniu as nosas vidas, non podoo abandonalo. Ti mesmo me desprezarías. Van xa oito meses que nos amamos. A miña culpa foi longa; o meu esquecemento, profundo; a miña felicidade, inmensa.

Toda unha vida non abundaría para pagar esta felicidade (porque a felicidade é algo que se paga). Como podería pretender ser aínda feliz? Como ou-saría seguir sendo culpable? Deixándonos agora, fa-cémolo na plenitude das nosas ilusións e da nosa fe. Levaremos intactas á tumba estas ilusións que unha intimidade máis duradeira esvaecería ou destruíría. O teu recordo encherá toda a miña existencia.

Non é a casualidade o que nos separou; é o destino, unha vontade superior e inescrutable. A desgraza que me golpea castigoume cunha culpa que nunca darei lavado abondo coas miñas bágoas; quitou do teu camiño un obstáculo que, en ver-dade, sendo tan novo, se interporía no teu porvir, que o teu valor e o teu enxeño indican afagador e feliz.

Se o meu corazón se rebelase ao sentimento dun deber que me impón separarme de ti, non podería subtraerme ao desprezo dos que estivesen ao tanto do noso segredo, á condena deshonrosa da socieda-de escandalizada pola miña conduta. O meu fillo, o único propósito, o único afecto lexítimo da miña vida, non se redimiría nunca da deshonra inxusta e cruel que procedería da miña culpa; non enriquece-ría o seu corazón con ese doce sentimento que vós, homes versados na nosa vaidade, nos nosos erros, a miúdo tamén nas nosas vilezas, considerades nobre e querido na muller: a pura e santa memoria dunha nai.

Si, Giorgio, caín con facilidade, pero teño que levantarme con coraxe. Entregueime a ti con fran-

queza, recuperareime con similar franqueza; a túa estima e o teu recordo serán as miñas armas. Amañareime para ennobrecerme coa forza que me dará a memoria do noso pasado.

Neses oito meses fun moi feliz... Nunca pensei tanto naquel tempo como agora que os nosos corazóns están a piques de separarse. Confórtame e éncheme de orgullo unha idea: ninguén poderá arrebatarnos ese pasado, que te amase con toda a miña alma e que ti me amases co mesmo ardor. Este tesouro da memoria é indestrutible. Oculteino nas máis secretas profundidades da miña alma. E del sacarei o consolo para a miña vida futura, miserable vida, chea de tristeza e desamparo, pero embelecida co sorriso do teu recordo. Sen esta certeza, onde atoparía as forzas para abandonararte?

Debemos deixarnos como amantes e tamén como amigos; calquera relación entre nós sería fatal: non poderíamos conducila ao amor porque non debemos, nin poderíamos ler máis nos nosos corazóns porque nos amosarían os defectos que o amor nos ocultara. Cando dúas criaturas se amaron coma nós, non poden xa amarse coma os demais. Fuches todo para min, non desexo que sexas pouco, prefiro que sexas nada. As almas coma as nosas só viven de grandes praceres ou de grandes penas. Antes de deixarte quixen volver ver todos aqueles lugares que me falaban de ti (quizais non os volva ver nunca máis), quixen despedirme de todo o que o teu afecto me fixo estimar. Na inmensidade da miña dor, agora case estou tranquila. Non te per-

do; recollín do noso pasado tantas lembranzas que unha longuíssima vida non bastaría para esgotalas.

Agora adeus. Xa ves, escribo chorando e non podo continuar. As bágoas borran as palabras, case nace un sentimento de piedade, e quero aforrarche a dor de que ti as vertas cando as leas. Non era quen de enganarte. Podería estar aínda entre os teus brazos, pero o meu pensamento, o meu corazón estarían lonxe de ti.

O destino que nos separa é inexorable. Se me amaches de verdade, se merecín algo do teu cariño, fai que a túa resignación e a túa virtude convertan en menos terrible perderte.

Deixei á mantenta na túa estancia a miña cruz de brillantes. Gárdaa de recordo. Alégrame que me prometas que a levarás sempre sobre o teu corazón. Non che faría outro regalo, non me atrevería, mais unha cruz é símbolo de sacrificio, de abnegación, de dor. Coido que ela fará que me lembres da única maneira na que desexo ser recordada. O día que me deixaches a primeira vez, víchela brillar sobre o meu peito e bicáchela; vense aínda as marcas das nosas lágrimas. Pensei que este recordo sería sagrado para ti.

Adeus. Sé forte, Giorgio, sé razoable, non me maldigas. Pensa que só así poderei recuperar a estima por min mesma e non considerarme enteiramente perdida, e ti estarás satisfeito porque amaches unha muller totalmente digna de ti. Unha entrega máis longa separaríanos, pero este sacrificio únenos. Se eu fose libre, mataríame para non sobrevivir

ao noso amor; foi inmenso, como inmensa e terrible é a separación. Coñeces ben os vínculos que me impoñen vivir. Se fose libre, amaríate toda a vida.

Adeus, meu adorado, miña alma (chamareite unha vez máis con eses nomes amados), adeus por última vez, adeus para sempre. Dixéchesme hai tempo que me parecía á túa nai; ámame nela e como a ela. O meu afecto, o meu recordo seguirante até a tumba. Sé feliz, Giorgio, sé honesto, e que o ceo vele por ti.

XLVI

A primeira lectura daquela folla só provocou en min unha sensación de abraio. Debruceime sobre a mesa coa cabeza entre as mans e volvina ler dúas ou tres veces. Non podía crer que aquilo fose realmente certo.

A primeira impresión tras unha desgraza grande e inesperada tempérase sempre cun sentimento de estraña incredulidade que nos leva a dudar das cousas máis obvias e reais. Se non fose así, a impresión podería matar.

Probei a facer coas mans algunhas dobras no meu traxe e a berrar o meu nome, pois coidaba que non era eu, ou que me acometía unha tremenda alucinación.

Erguinme e sorrín non sei por que. Dei en camiñar pola estancia a pasos acelerados. Sen me decatar, colleira na man a candeia; a miña sombra, que se alongaba polo chan e se curvaba na base da parede remontándoa coma se se pegase a ela, seguíame arriba e abaixo polo cuarto. Detívenme a contemplala, acurteina e alongueina achegando e apartando a luz. Parei nunha esquina e mirei en volta case espantado, pois ao meu lado descubrí unha araña negra que gabeaba pola parede. Queimeina coa chama da candeia e escoitei como se fritía e crepitaba cunha especie de voluptuosidade case cruel. Ao pasar preto do espello, albisquei reflectida a miña

figura e detívenme a contemplala. Case sentía medo de min mesmo, coma se o meu rostro non fose aquel, coma se tivese un distinto.

Probei a sorrir e a contraer de mil maneiras a face. Houbo un intre no que pensei que o espello reflectía a cara doutra persoa que estaba detrás de min e que se asomaba inclinándose ás miñas costas. Sobresalteime e quixen virarme. A luz esvaroume da man, caeu e apagouse. Aquel ruído, aquela escuridade repentina fixeron que volvese en min. Volvina prender, sentei e lin de novo a carta de Clara.

Entón entendina ben. Levei as mans ao corazón e abandoneime na miña cadeira cos ollos pechos, como agardando que algo terrible ou fatal acontecese en breve, que a casa na que me atopaba se derrubase, que a terra se abrise para me engulir. Non era posible que cada cousa da natureza continuase coa mesma orde ca antes. Oía pasar as carruaxes pola rúa e a charla dos seus pasaxeiros, pero todo iso non ía durar case nada. A miña felicidade rematara, todo tiña que rematar. Nese momento soaron as sete no reloxo do cuarto. Cada vibración pareceume unha navallada que me traspasaba o corazón; retorcinme e acazapeime xemendo, como querendo defenderme daqueles ataques.

Naquela horrible confusión de ideas que se formara no meu interior, había unha ben certa, clara e definida: amara un monstro. Como era posible que me abandonase así? Podían existir na natureza razóns abondas para separar dous corazóns que se amaran coma os nosos? Podían dúas criaturas que se quixeran tanto distanciarse e esperar sobrevivir a ese abandono? Acaso eu nunca

pensara que o noso amor acabaría? Tivera eu o valor de pensar naquilo que ela previra e cumprira con tan doada determinación? Non, nin eu nin ninguén. Tal cousa non podía ser imaxinada máis ca por un ser monstruosamente ingrato, monstruosamente cruel. E eu amara este ser. Todo o edificio da miña fe se derrubara, caera todo na lama.

Mergulleime e perdinme nestes pensamentos, sen comprender entón a súa inxustiza. Recupereime cando sentín que me tocaban no ombreiro e mirei: era o doutor.

Apartouse un pouco de min para que a súa sombra non me impedise ver o coronel, que entrara canda el e quedara de pé no medio do aposento. Apoiou as mans no respaldo dunha cadeira e díxome:

—Imaxinará que razóns induciron o coronel a vir. Sabe que son o seu amigo e permitíume acompañalo. Insistín neste aspecto porque espero que as súas xustificacións abonden para evitar...

—Pero que demo di! —interrompeu con viveza o coronel—. Eu non lle dixen tal —e seguiu achegándose a min até que se plantou xusto diante e dixo—: Señor, abusou de maneira ruín da miña confianza, veu á miña casa para a deshorrar e deixoume en ridículo. Comprenderá que iso non se remedia con palabras. Cómpre que me conceda unha reparación doutro tipo. Espero non ter que obrigalo.

—Que quere dicir?

—Baterémonos.

—De acordo. Cando?

—Mañá.

—Pero... —cortou o doutor—, non estaría mal falar antes un pouco do asunto... Poderíamos chegar a un acordo e...

—Quite, quite —interveu furioso o meu adversario—. É inútil que insista. Vostede non coñece os detalles dos feitos, non sabe até que punto fun enganado. Xa houbo outro miserable que abusou desa muller... El sábeo porque tiven a debilidade de contarllo. Até agora logrou escapar de min, pero albergo a esperanza de que un día ou outro nos atoparemos.

Eu non contestei; seguí a fitar a chama da cheminea.

—Agardo que me deixará a min establecer as condicións deste combate —continuou volvéndose achegar a min tras dar unhas voltas pola estancia—. Vostede é o retado, pero eu son o ofendido. Só vostede sabe até que punto. Aborrezco eses duelos ridículos que acaban cun rabuño. Temos que baternos até que un de nós quede en pé.

—Sexa —dixen sen levantar a vista—. Preciso matar un home.

O meu adversario e o doutor mirábanme abraiados.

—Saberá que ambos os dous arriscamos a nosa posición —continuou o coronel—. A disparidade da nosa graduación prohíbenos baternos. Un de nós tería que renunciar.

—Fareino eu —dixen.

—Non quereda que...

—Non pode impedilo —repliquei con calma.

—Como queira.

Inclineime sobre a mesa, escribín a miña petición de renuncia e entregueilla.

—Queda que establezamos a hora e as condicións do duelo —dixo—. É demasiado tarde para que confiemos a encarga aos nosos padriños. Se non ten nada en contra, acordarémolo nós mesmos. O doutor será testemuña.

Eu non respondín.

—Atoparémonos mañá ás oito na explanada do castelo. Eu levarei as armas. Desexa facer algunha observación?

—Ningunha.

—Entón non hai máis nada que discutir. Teño a súa palabra. Xa nos veremos.

E aprestouse a marchar. Ao chegar ao limiar, retrocedeu e díxome con voz máis tranquila:

—Malia as nosas actuais relacións, debo pedirlle un favor que a súa condición de cabaleiro non me negará: a miña curmá non saberá nada do que sucedeu hoxe...

—A súa curmá... —interrompín eu—, ben...

—Cómpre que o ignore todo, que non saiba nada do que vai acontecer. O resultado dun duelo é incerto, e...

—Si —dixen eu levantando a cabeza e mirando a súa cara por primeira vez des que entrara no apouso—, é bastante incerto. Tamén podería matalo, non si?

—Por suposto —respondeu algo conturbado—, e eu tamén podería matalo a vostede.

E logo dun silencio preguntoume:

—Ódiame moito?

—Non o sei —respondín eu—, pero se non fose certo que dentro de pouco matarei ou morrerei, botaríame á rúa para matar a calquera.

—Fíxenlle unha pregunta inoportuna —dixo el con expresión mortificada e sorprendido—. Eses sentimen-

tos non me competen. As condicións están fixadas e con iso abonda. Até mañá.

—Até mañá.

E marchou.

Cando sentín que a porta se pechaba tras el, caín sobre a cadeira e dei en chorar de maneira irreprimible.

O doutor, que quedara na estancia sen que eu me decatase, achegouse e díxome:

—Cálmese, está moi nervioso. É deplorable que esa muller o conduciase a tal extremo, pero quen o ía imaxinar? Este duelo puido evitarse. O seu comportamento foi tranquilo pero provocador. De nada serve pensalo agora. Díxoo vostede: o resultado dun combate é incerto, así que é unha parvada preocuparse. Afíxeme ser o causante involuntario desta desgraza, pero xa sabe que o fixen por ben. Non me garda rancor?

—Se eu crese os seus actos merecentes de gratitude —díxenlle—, estaríalle agradecido. Pero non falemos disto. Esta noite teño que ver a Fosca. Ámoa e quero facela feliz un instante antes de abandonala. Calquera que sexa o resultado deste duelo, xa non a verei nunca máis. Ten que avisala da miña visita, ordenar que a deixen soa e deixarme pasar polo seu apousento.

—Pero iso é imposible! —exclamou el—. Xa sabe...

—Non, non —interrompín eu impetuoso—. Non se oporá porque estou decidido a vela sexa como for. Nin con violencia me pararía. Esa muller amoume, é a única que me amou de verdade. Non a abandonarei sen poñerme aos seus pés e agradecerllo coas miñas bágoas.

—A responsabilidade desta imprudencia —dixo o doutor— recaerá sobre vostede.

—Podo aturalas máis terribles...

—Non o recoñezo. Como queira. Espero por vostede no meu aposento. Vouna avisar.

XLVII

Volvo dirixirme agora unha pregunta que a miña conciencia aterrada me repite deseguido dende hai cinco anos. Son responsable do que fixen aquela noite? Era consciente das miñas accións? Non o sei. Lembrar aqueles acontecementos con profusión de detalles é afirmar algo que parece acusarme. Pero, non lembramos tamén os soños? Antes daquel día, despois, hoxe mesmo no que me vexo tan cambiado, deixaríame vencer até tal punto polas miñas paixóns? Existen paixóns tan indomables no meu carácter? É unha horrible dúbida que quizais nunca consiga aclarar. A incerteza da miña responsabilidade é o segredo das miñas torturas; por este motivo serei infeliz toda a vida. Se dese afastado de min esa espantosa responsabilidade, cesaría así de ser a causa daquelas desgrazas? A man que golpea no delirio, que mata no ímpeto da paixón, deixa de ser por tal motivo a man que golpeou, que matou? Perdín tamén o desesperado alivio que procedía daquela dúbida. Sinto tremer e repregarse a miña conciencia baixo o peso deste terrible convencemento.

XLVIII

Soaba a medianoite cando entrei no cuarto de Fosca.

Axeonllouse ao pé da cama, coa cabeza apoiada nunha cadeira, coma se rezase. Non me oíu e non se volveu. Fiquei erguido no limiar, inmóbil, combatendo contra mil dúbidas e mil medos, co corazón acorado pola angustia. Mirei en volta e contemplei con horror todos aqueles obxectos que me recordaban boa parte dos meus sentimentos: alí velara unha noite enteira ao seu lado; naquela cadeira evocara as doces lembranzas de Clara; ao feble resplandor daquela candeia aloumiñara as afagadoras promesas dun porvir amplo e sereno. E agora...!

Avancei un paso cara a Fosca. Ela volveu a cabeza cun movemento tan decidido que os seus cabelos, recollidos cunha rede, se desprenderon e caeron sobre os seus ombreiros e o seu pescozo. Viume, berrou, púxose en pé, correu cara a min cos brazos estricados e apertoume contra o seu seo palpitante. O meu corazón tremía, como á espera dunha inmensa desgraza.

O abrazo foi longo e triste. Ambos quedáramos mudos pola emoción.

A pálida luz que alumeaba a estancia, a leve crepita-
ción do pabío, o latexo apresurado dos nosos peitos e a

calma que reinaba fóra, outorgábanlle a aquel momento unha solemnidade que aumentaba a miña ansia.

Movinme tratando de apartarme dela, que se decatou e adiviñou o que pretendía. Lanzándome os brazos ao pescozo, dobrou a miña cabeza cara á súa, ergueuse no bico dos pés, achegou os seus beizos ardentes pola febre aos meus e cubriume de bicos breves, repetidos, frenéticos. Toda a súa natureza levaba a cabo unha loita terrible de desexo e de amor; o seu corpo fráxil e consumido pola dor tiña unha enerxía que me metía medo.

Guieina con coidado até o diván e fixen que sentase. Eu coloqueime ao seu carón. Agarroume da man, apertouma con forza e achegouna primeiro ao seu seo e logo á súa boca trémula. O seu corpo tremía.

—Tes frío? —pregunteille conmovido.

—Teño medo —respondeu.

Mirei ao redor abraiado.

—De que?

—De morrer, de non aturar o golpe desta onda de felicidade que me oprime. Pedinlle ao ceo que me concedese a forza que me falta. Unhas poucas horas e despois a morte. Que me importa morrer se vivín esta noite nos teus brazos? O ceo é xeneroso, verdade? Ten piedade dos que aman?

Non contestei. Fosca seguiu falando.

—Mañá terás que marchar, mañá morrerei. Pero só é medianoite. Temos seis horas por diante, seis horas para nós, para nós sós, para o noso amor. Porque ti me amas, non si? Dixéchesmo.

Olloume coas meniñas escintilantes de paixón. O seu rostro semellaba iluminado por un intenso entusiasmo

que facía menos desagradable a súa deformidade: as fazulas lixeiramente rosadas, os cabelos moi negros e abundantes que arrodeaban a súa cara coma un marco de ébano, o vivo contrapunto do seu vestido de muselina branca, asemellábana a unha visión fantástica. Naquel momento ninguén diría que Fosca era fea. Pensei en Clara, nas mentiras que gañaran o meu corazón, no engano vilmente concibido e que se desvelara dunha maneira tan estúpida... Si, só Fosca merecera o meu amor, só ela me amara, ela, que desafiara o ridículo, o desprezo, a cólera; ela, que renunciara ao seu orgullo de muller pedindo por piedade o que as demais dan por debilidade, por vaidade ou por vicio.

—Ámote —contesteille.

—Repíteo.

—Ámote.

—Repíteo.

—Ámote.

—Oh, Giorgio, meu Giorgio!

Caeu aos meus pés, cinguiu os meus xeonllos e agochou a fronte entre eles. Cando a ergueu, vin a súa cara mollada polo pranto.

—Sofres? —pregunteille con dozura.

—Non.

—Choras?

—Son lágrimas doces.

Calou, inclinouse sobre min e, tapando a cara coas mans, saloucou en silencio. Erguina do chan, aparteille as mans e biqueina na boca. Estremeceuse, ollou para min e quixo falar, pero as súas forzas minguaron e abandonouse nos meus brazos murmurando o meu nome.

—Fosca! Fosca!

Non me respondeu. Absorto, aloulado, sen mente e sen alma, sentía o seu peito contra o meu, a súa cara apoiada na miña, tan preto como para oír as pulsacións apresuradas das súas tempas.

—Fosca! Sé forte, acouga. Son teu, de ninguén máis.

—De ninguén máis? Repíteo. Non é un soño? Oh, si! Serei forte e estarei tranquila. O tempo está celoso da miña felicidade, mira as agullas daquel reloxo que veloces corren! Oh, Giorgio, meu Giorgio! Es meu!

Había un ton de tan salvaxe voluptuosidade nas súas palabras que o meu corazón se retorceu no peito coma unha serpe. Aquela repugnancia invencible que a natureza puxera entre nós rexurdiu impetuosa coma unha corrente para separarnos.

Un movemento, un aceno, unha mal reprimida contracción dos meus músculos talvez revelaron a miña intención, pois naquel punto sentín contraerse coma cordas os nervios dos seus delgados brazos, que me cinguían nun abrazo sufocante. Berrei... Retrocedeu, soltoume aterrada e axeonllouse pedíndome perdón.

Baixei a mirada cara a ela. Aquel rostro desfigurado polas bágoas e polo excesivo sentimento de pracer, os seus enormes ollos saídos das órbitas, o estremecemento do seu corpo, reveláronme de maneira brutal todo o espanto da miña situación. Non era a miña alma, non era a miña vontade; era o sangue, eran as fibras, os músculos, os nervios, os que se rebelaban ante aquel abrazo. A imaxinación dobrou o meu noxo: busquei o seu corpo baixo aquel vestido, baixo aquelas fitas... Tería...? Meu Deus! Meu Deus!

Oh, Clara, Clara, por que mataches o meu corazón? Por que non podo reconfortarme pensando en ti, lembrándote? Por que me deixaches só cos meus medos e os meus delirios? Por que puxeches a maldición nos meus beizos que só coñecían o amor?

De súpeto, Fosca calou, ergueuse, miroume e sorriu.

—Estou tola! —díxome—. Estou tola! O meu corazón desborda pracer e choro coma unha desgraciada.

Camiñou con paso firme cara á candeia, colleuna e colocouna diante dun espello. Contemplouse, retirou cara a atrás os seus cabelos negros cun movemento enérxico e dirixiuse a min coa face tranquila.

—Son fea —díxome con calma—. As bágoas son un falso adorno.

—Non é verdade —respondín, para liberarme do peso do meu silencio.

Abaneou a cabeza.

—Aos quince anos, as bágoas; aos trinta, os sorrisos.

Logo, cunha sorte de coquetería que contrastaba estrañamente co seu carácter, achegouse ao toucador, lavou a cara, acomodou os cabelos de forma rara e volveu onda min alegre, voluptuosa, perfumada, riseira e embriagada de desexo.

—Ámote —díxome, e sentou sobre os meus xeonllos, cruzando as mans sobre a miña cabeza.

Parecía tan feliz, tan agradecida, tan cariñosa, que, aínda no caso de que o seu propósito non previse o meu corazón, este renderíase por un irresistible sentimento de piedade. Aquela muller amábame!

—Marchas? —preguntoume instantes despois, melancólica.

—Mañá mesmo.

—Mañá!

Pareceu recollerse a meditar... e, de súpeto, recupearouse.

—Queres que vaia contigo?

E como non contestei axiña, pousou unha man sobre a miña boca e dixo:

—Non te excuses. Sei ben que non podemos amarnos coma o resto dos humanos. Un día, unha hora, un instante, e logo...

—E logo que?

—A morte.

Pronunciou estas palabras tan segura que ao meu pesar sentín un calafrío correr polo corpo.

—A que muller amaches máis?

Mireina abraiado.

—A miña nai.

—Non así.

—Non mo preguntes.

—Quero sabelo, é un capricho. Eu tamén teño os meus caprichos, coma todas as mulleres namoradas, e os seus amantes acostuman satisfacelos. Hoxe ti es o meu namorado.

—Pregúntame a quen amo.

—De acordo. A que muller amas máis?

—A ti.

Non esperaba esta resposta; tremeu, arrubiou de pracer e ocultou a cabeza no meu peito.

—Se é así —volveu falar pouco despois—, dáme unha proba.

Biqueina na boca.

—Non me basta.

Biqueina outra vez.

—Non me basta.

—Farei o que queiras. Mándame.

—Non quero mandarte.

—Desexa.

—Tampouco.

—Que queres que faga?

—Adiviña. O que farías cunha muller que amases, o que fixeses coas mulleres que amaches, o que fixeches con Clara.

—Clara! Dis...?

Deus! Deus! Por que resucitaba este terrible pensamento naquel intre? Abraceina con forza, cunha forza rabiosa que semellaba paixón. Ela abandonouse palpitante, sen dicir palabra. O meu abrazo foi longo, o seu fráxil corpo tremía entre os meus brazos.

—Giorgio, meu Giorgio!

—Estás satisfeita?

—Aínda non.

—Non cres no meu amor?

—Creo, si. Expiraría aos teus pés se non crese. Mórdeme a fazula.

—Por que?

—Mórdeme a fazula. Fixéchelo con Clara, non o negues. Ponte aos meus pés e pousa a cabeza nos meus xeonllos.

Rendinme coma un neno. Todas as forzas da miña vontade estaban domadas por aquela enerxía.

Axeonlleime aos seus pés. Ela aplaudiu cun rauto de alegría pueril e salvaxe.

—Así, así... Védelo, é el, o meu amor, o meu amado. El, tan forte, tan grande! Pide a miña piedade, védelo, védelo!

Pasou as mans afiadas entre os meus cabelos, enrocounos entre os dedos como faría cun cativo, acariñoume a fronte, prodigoume mil aloumiños, chamoume con mil nomes tenros. Eu calaba e tremía.

—Cres na virtude da muller? —preguntoume de repente.

A que viña aquela pregunta? E cal sería o efecto da miña resposta? Quería poñerme a proba? Ou máis ben previr o meu desprezo? Asegurar a impunidade da súa culpa?

—Creo, si —respondín cunha exaltación que apenas ocultaba a miña convicción.

—Non cres que as circunstancias escusan e lexitiman o erro?

Non respondín. A súa intención era obvia. Ofendía a miña dignidade de home contrariala e protexerme co subterfuxio dunha promesa que o fastío e a inquietude lle arrebataran ao meu corazón. Ofendía a miña débil natureza alentalá con mentireiros afagos.

Ela entendeu e calou.

—Fálame de Clara —díxome pouco despois.

E como eu non contestei, engadiu en ton cariñoso:

—Non temas, amor, non temas; non estou celosa. Para min xa non es Giorgio; es o amor, o meu sol. O sol ilumina e quenta. As criaturas gozan del sen se lamentar, gozan bendicíndoo. Ti es o meu amor, o meu sol... Ámala, verdade?

—Ameina.

—Xa non a amas? É certo? Oh, grazas, grazas! Non era certo, mentín. Non era certo que non estaba celosa. Hoxe estou forte, isto é todo. Gustaríame ser o aire que respiras para confundir a miña vida coa túa, destruír a miña natureza para formar parte da túa. Dime que xa non amas esa muller.

Díxenllo.

—Xúrao.

Xurei.

Abandonouse trémula de pracer sobre min, murmurando palabras de desexo e de pregaría.

A angustia esgazaba o meu corazón.

Aquela criatura salvaxe, vítima terrible da deformidade e da doenza, pedíame unha última proba. Loitei contra min mesmo, contra a miña natureza covarde, que se negaba a un sacrificio que eu mesmo provocara.

Se fose Clara! Que digo? Se fose a máis vil muller, caería aos seus pés suplicante, esquecería o meu corazón, a miña mente, a miña alma na ebriedade dos sentidos. Covarde! Covarde!

No ímpeto de xenerosidade que sucedeu a este pensamento agarreina convulso, levanteina polos brazos e deille voltas pola cámara, axitándoa. Tantas veces, con outro estremecemento e ansia, levara así o corpo adorado de Clara! Eran os mesmos gritos, as mesmas palabras balbucidas, o mesmo frufú do vestido, o mesmo ondear dos cabelos soltos, o mesmo perfume embriagador...

Acorando, máis pálida ca de costume, zafouse dos meus brazos e caeu no chan nu. Sentei ao seu lado.

—Teño frío —díxome.

—Quentareite no meu seo.

—Que guapo es! Como te amo!

Ergueuse dun salto, correu cara a un moble e colleu un par de tesoiras; a seguir achegouse a min e deumas. Agarrou os seus cabelos, recolleunos coas mans e díxome sorrindo:

—Corta, fermoso, meu amor, corta. Son teus.

E como eu me retirei, agarrou as tesoiras e quixo cortalos ela mesma. Parte dos cabelos escaparan, tratou de recollelos pero foi en van. Deume tempo de impedirlo.

—Levas razón —díxome ela—. Máis tarde.

Máis tarde! Que quería dicir? Por que? Acaso podía enganarme sobre o significado daquelas palabras? Ía renunciar nese momento á súa única beleza? Máis tarde! Máis tarde! Meu Deus!

Naquel intre oíuse o renxer dun resorte e logo catro badaladas.

Catro horas! Pasaran catro horas! Levantei os ollos ao rostro de Fosca e neles vin o mesmo pensamento. Fixen ademán de retirarme; ela aferroume, apertoume e, cun ton indescribible de afán, murmurou na miña orella estas terribles palabras:

—Sé meu! Sé meu!

Unha néboa escureceume a razón e non tiven forzas para resistir. O que aconteceu despois é tan espantoso que a miña mente foxe arrepiada. Foron dúas longas horas de espasmos, de berros, de pudores inspirados polo noxo, as que romperon a miña natureza, as que estragaron o edificio das miñas lembranzas e estiñaron o último manancial das miñas esperanzas...

XLIX

Acudín ao lugar convido xunto ao castelo sen case dar-me de conta de que camiñara até alí. Non durmira e tiña a impresión de que non estaba esperto. O doutor acompañara os meus padriños, metérame nunha carruaxe e mostrárase tan disposto e puntual que a nosa chegada cadrara coa do meu adversario.

Ía unha mañá fría, escura, bretemosa; as árbores estaban cargadas de carambos que o vento facía caer das pólas; as campás da vila veciña seguían tocando a festa; grupos de campesiños ían cara á cidade ou volvían cos seus cestos; os campos estaban desertos e cubertos de neve.

Descendemos ao foso por un barranco que as chuvias fixeran no terraplén. Alí non había que temer que nos visen. Aquel castelo ao que tantas veces fora con Fosca e que nunca visitara só estaba habitado por uns poucos colonos; as súas torres agretadas cubertas de figueiras salvaxes e de hedras parecían ameazar con derrubarse sobre nós.

Os nosos padriños acordaron que nos batésemos con sabre, unha arma menos perigosa. A min tanto me tiña. Non porque non odiase aquel home, senón porque naquel instante non tiña conciencia do perigo que ambos os dous corriamos. Aquela sorte de exaltación, de som-

nambulismo que sentira dende a noite anterior amosábase aínda de maneira máis plena e intensa. Non vía con claridade, non tiña máis ca unha percepción imperfecta das cousas que acontecían ao meu redor. Sentía fluír o meu sangue do corazón á cabeza cun ímpeto asombroso. Experimentaba unha triste sensación nas veas das tempas e dos pulsos; un tintín incesante atronaba os meus oídos; sentía en todo o corpo a impresión que causa non unha dor senón a espera dunha dor; coidaba que en poucos minutos a miña máquina se descomporía, se estragaría; parecíame estar á espera de algo estraño, terrible, coma se fose caer fulminado.

Quitamos as capas e refucimos as mangas da camisa. Alí preto corría un regato; o doutor mollou un pano, retorceu e atoumo ao pulso. Entregáronnos os sabres, colocámonos un en fronte do outro e mediron a distancia. Eu avantaxaba o meu adversario en estatura; el a min, en axilidade. Era un home miúdo, enxoito, nervioso. Os seus ollos inquietos e vivos, que non cesaban de mirarme en fite, indicaban unha enerxía e unha decisión nel que eu estaba ben lonxe de ter.

Soou o sinal. O coronel, con imparable axilidade, axiña atacou cun golpe decisivo, un golpe oblicuo que eu evitei en parte, recuando. Esgazoume a camisa dende o ombreiro dereito até o lado esquerdo e marcoume un longo rabuño no peito. Acto seguido apareceu un fío de sangue. Pero ao retroceder descubriuse e eu aproveitei para darlle no brazo, aínda que a dobra da manga provocou que o meu golpe resultase inofensivo.

Ordenáronnos desistir, examinaron a miña ferida e volvemos empezar.

Intercambiamos ataques semellantes sen froito ningún. Eu era bastante máis hábil ca o meu adversario, e se alimentase odio por el ou tivese maior consciencia do perigo ao que me expuña, non atoparía dificultade para saír con vantaxe. Tras algúns minutos o coronel acoraba, estaba esgotado. Descansamos.

Fixemos un terceiro asalto. Máis ca canso, eu estaba aburrido; limitábame a defenderme e facíao con frouxidade. O coronel recuperara novas enerxías. O enfado, por así dicilo, remocicárao. Acompañaba cada lance cun berro seco e breve, como é costume nos duelistas, e trataba de ferirme no peito coa punta. Repetiu dúas ou tres veces esta tentativa. A súa teima sacudíume instintivamente da miña apatía. Non había nada máis doado que golpealo naquel momento cunha acometida na cabeza, non sei como non se decataba. Aproveitei a ocasión; el lanzouse contra min botando cara a atrás a cabeza; eu apurei a recuar sen parar e a volver abalanzarme de repente, antes de que tivese tempo de se poñer en garda. Deixei baixar o sabre lixeiramente; el viu o perigo, desviouse á dereita e deille no ombro.

Tirou a arma con indignación; reprobou os seus padriños por consentir a escolla do sabre, e manifestou que o frío lle entumecera as mans e non puidera utilizalo con liberdade. A súa ferida era profunda pero non grave.

Insistiu para que nos batésemos con pistola. Ningún consello o fixo desistir desta idea.

Botamos a sortes quen dispararía primeiro. A sorte favoreceu o meu adversario.

Colocámonos a trinta pasos de distancia. As paredes paralelas do foso, que era moi angosto, daban a sensa-

ción visual dunha dirección tan precisa e fácil que me vin perdido. Arrimeei a miña arma ao peito para protexer o corazón e situeime un pouco de lado para ofrecer o menor albo posible. Soou o sinal, o coronel disparou e a bala pasou rozándome sen darme.

El retomou a súa posición, eu estirei o brazo e disparei á miña vez sen mirar. El vacilou un instante, deixou esvarar a pistola da man e caeu. Non sei o que me aconteceu naquel intre. Quedei sen respiración, as miñas veas parecían estalar, o meu corazón romper. As tebras inundaron os meus ollos, os meus músculos entalaron tras un espasmo atroz, poupei un momento tratando de aferrarme a algo, prorrompín nun gallowouto agudo, desesperado, arrepiante, como nunca escoitara saír de peito humano, agás no caso dos de Fosca. Caín nos brazos do doutor, que correra na miña axuda.

Aquela terrible enfermidade pola que sentira tanto horror asaltárame naquel instante. Contaxiárame da doenza de Fosca: conseguira naquel momento a triste herdanza do meu erro e do meu amor.

L

Despois daquel día todo é escuridade nos meus recordos. Até máis adiante non coñecín os últimos detalles desta traxedia doméstica: a morte de Fosca, a chegada da miña nai, o regreso á miña vila son acontecementos dos que non conservei máis lembranza ca a escura e confusa dun soño. Paréceme ás veces que tales feitos aconteceron nunha época moi remota da miña vida, tanto que non se pode circunscribir ao límite dos anos que vivín, e mesmo estaría tentado a negar a existencia deste angustioso pasado se non fose porque as pegadas que deixou no meu corazón son demasiado obvias e fondas.

Catro meses despois da catástrofe que relatei, unha carta do doutor ofrecíame as últimas novas daqueles feitos.

Non lle escribín antes porque sabía que a súa enfermidade lle impediría responderme, e quizais tamén comprender o contido da miña carta. Coido que estará case recuperado, e que os seus accesos nerviosos serán xa máis mitigados e raros. O seu médico asegurarlle que sandará, e eu doulle a miña palabra. Eses accesos non teñen ningún carácter epiléptico, aliméntaos a súa debilidade; as forzas

que recobrará cando cure farán que cesen. Viaxe, divírtase.

Ignoro se o estado de ánimo no que se atopa agora lle permitirá lembrar o que aconteceu antes da súa partida. Fosca morreu tres días despois daquela noite fatal; morreu feliz, ilusionada, satisfeita, descoñecedora do que sucedeu entre vostede e o seu curmán, convencida de que a orde do seu traslado provocara a súa inevitable marcha.

Nunha caixa que lle envíu polo tren atopará un paquete de seda negra que contén os seus cabelos. Mandaríaos antes, pero imaxinei que estaría aínda enfermo e temín conmovelo con este regalo. Farase cargo de que llos envíu por encargo dela.

A ferida do coronel foi grave pero non mortal. O proxectil alcanzoulle no ombreiro, pero rozou o óso sen fracturalo. Curou en corenta días. O Ministerio tivo noticias do duelo, e como a súa renuncia aínda non estaba presentada nin aceptada, obrigouno a solicitar o seu retiro. Partiu hai poucos días para Suez, onde lle ofreceron un emprego como enxeñeiro civil nos traballos de construción do canal. De bo grado falaríalle de vostede e convenceríao da súa inocencia, pero estas últimas desgrazas tornárono tan suspicaz e tan inxusto que temo que prexudicaría a súa causa no canto de favorecerla. Ademais, é bastante probable que non o volva ver nunca máis.

Confío en que a súa conciencia non me dirixise ningunha palabra de reproche pola fatal influencia que tiveron nestes seus infortunios; así a todo, pre-

ciso que mo asegure. Ben sabe que pensei na súa felicidade e puxen empeño en procurarlle.

Non sei se volveremos vernos nin cando (colocáronnos a cada un nun extremo de Italia), pero se isto sucede, espero atopalo cambiado. A vida, a mocidade, o corazón, teñen as súas leis; vostede sacrificounos demasiado. Afástese do pasado, láncese a ese gran porvir que espera por vostede. A conciencia é covarde, adoita arrepiarse cos males que non cometeu ou que non podía deixar de cometer. Unha cega fatalidade move e dirixe as accións de todos os homes; non lles conceda maior responsabilidade ca aquela que sinalan os estreitos límites do seu arbitrio.

Adeus, meu bo amigo, trate de ser feliz e non se reproche unha desgraza da que non foi máis ca un instrumento.

